

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de febreiro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e tres de febreiro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(107).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 10 de febreiro de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(108).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD – HOGAR S. JOSÉ” PARA O SOSTEMENTO DO COMEDOR SOCIAL “LA ESPERANZA” E UNIDADE DE HIXIENE VINCULADA. EXPTE. 133130/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 1/02/17, o informe de fiscalización do 15/02/17, dáse conta do informe da técnica responsable do Programa, do 19/01/17, conformado pola xefa do Servizo de Benestar Social, que di o seguinte:

Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de articular un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

Dentro destas asociacións ou institucións, a Concellería de Política Social do Concello de Vigo ven traballando desde hai tempo coa “Fundación Casa de Caridad – Hogar S. José”, entidade colaboradora que presta un servizo inestimable que cubre as carencias da estrutura municipal actual no tocante á atención de necesidades básicas de persoas en estado de necesidade mediante o comedor social “La Esperanza”, que ofrece, ademais de comedor a mediodía, servizo de duchas e un roupeiro para homes e mulleres. Estímase conveniente a continuación desta colaboración para os exercicios de 2017-2018

Para tal efecto, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2017 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05 - “*Convenio Comedor da Esperanza*” (23.000 €). A subvención prevista para o exercicio de 2018 (outros 23.000 €) estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento dese ano.

O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL:

«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;

e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais:

«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa “Fundación Casa de Caridad – Hogar S. José” (exercicios de 2017 e 2018) para o sostemento do comedor social “La Esperanza” e a unidade de hixiene vinculada.

Dáse conta, así mesmo, da proposta de data 31/01/17, asinada pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Visto o informe da técnica responsable do Programa, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada da Área de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión dunha subvención directa á “Fundación Casa de Caridad – Hogar S. José” (CIF G-36626174) por importe total de 46.000€, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05 - Convenio Comedor da Esperanza.

SEGUNDO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo (Concellería de Política Social) e a “Fundación Casa de Caridad – Hogar S. José” para o sostemento do comedor social “La Esperanza” e a unidade de hixiene vinculada; recursos complementarios dos municipais destinados á atención das necesidades básicas de alimentación e hixiene de persoas en estado de necesidade.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto por un importe total de 46.000€, con cargo á indicada aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05, correspondendo a cantidade de 23.000€ ó orzamento de 2017 e outros 23.000€ ó de 2018, condicionado neste caso á existencia de crédito axeiado, suficiente e nominativo no orzamento dese próximo exercicio a favor da “Fundación Casa de Caridad – Hogar S. José».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local a proba a precedente proposta.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD DE VIGO – HOGAR S. JOSÉ” PARA O SOSTEMENTO DO COMEDOR SOCIAL “LA ESPERANZA” E UNIDADE DE HIXIENE ASOCIADA (2017 – 2018)».

En Vigo, na Casa do Concello, o..... de..... de 2017

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal do Concello de Vigo, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,

D^a María Angeles Oviedo Vidal, con DNI nº 10169182-P, Directora do Centro, con enderezo para os efectos de notificación na rúa S. Francisco nº 69 de Vigo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a María Angeles Oviedo Vidal, actuando en representación da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» (CIF G-36626174), segundo así resulta da escritura pública de apoderamento achegada, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011, 20.03.2013 e 11.03.2016).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» ten entre os seus obxectivos a atención e promoción das persoas en situación de desvantaxe social, desde o principio da autodeterminación e a promoción persoal e social. Adícase á atención das necesidades básicas das persoas excluídas ou en risco de exclusión social que residen, temporal ou permanentemente, en Vigo, proporcionándolles prioritariamente alimentación e aseo persoal, a través dun comedor social e dunha unidade de hixiene vinculada a este.

II.- Que o “Comedor de la Esperanza” e a súa unidade de hixiene, dependentes da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José», constitúen un equipamento propio dos servizos sociais de atención primaria da cidade, sendo esta Fundación unha entidade sen ánimo de lucro que ven asistindo ás persoas en estado de necesidade desde hai moitos anos en colaboración cos servizos sociais municipais.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder subsistir nunhas condicións minimamente dignas, sendo complementario dos recursos propios dos servizos sociais do Concello como, por exemplo, o comedor social do Albergue – CIIES da rúa Marqués de Valterra.

IV.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial

vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para 2017, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» para o sostemento do comedor social “Comedor de la Esperanza” situado na rúa S. Francisco nº 69, que conta cunha unidade de hixiene asociada.

SEGUNDA.- A «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo na atención e promoción das persoas en situación de desvantaxe social e, concretamente a:

1º) Xestionar o funcionamento dun comedor social e dunha unidade de hixiene vinculada a este, para a atención de persoas en situación ou risco de exclusión social con necesidades de manutención e de hixiene persoal, que residen temporal ou permanentemente neste Concello, sen distinción ideolóxica, relixiosa ou étnica. Ó comedor poderán acudir as persoas directamente ou derivadas polos servizos sociais de atención primaria do Concello.

2º) Ofrecer a través dos citados equipamentos un servizo de almorzo ou xantar para persoas con necesidades de alimentación e un servizo de duchas e roupeiro que cubra as necesidades básicas de hixiene, roupa e calzado que poidan presentar as persoas usuarias. Ó longo do ano realizarán unha actividade convivencial dun día de duración, fóra do Concello, para o que utilizarán un medio de transporte.

3ª) Colaborar, dentro das súas posibilidades, na coordinación dos recursos sociais participando na organización “REDESS”; en especial, incluíndo os datos da actividade na

plataforma informática de "REDESS", administrada polo Departamento de Política Social do Concello de Vigo.

4ª) Cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» unha subvención para o exercicio de 2017 por importe de 23.000 € prevista nominativamente nos seus Orzamentos. No exercicio de 2018 concederáse a mesma cantidade (23.000 €), sempre que se cumpran os obxectivos propostos e exista crédito adecuado e suficiente no orzamento dese ano.

CUARTA.- O gasto imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05 – "*Convenio Comedor da Esperanza*".

QUINTA.- Os pagamentos correspondentes a cada un dos anos de VIXENCIA do convenio (2017 – 2018), efectuaráanse do seguinte xeito:

–No ano 2017, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. No ano 2018, o 50% da cantidade anual no primeiro trimestre do ano. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

–O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 15 de novembro de cada un dos dous exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do proxecto.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade

subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Concellería de Política Social do Concello de Vigo.

DÉCIMA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» e dous técnicos municipais de Benestar social, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área de servizos sociais do Concello (ou persoa na que delegue).

DÉCIMO PRIMEIRA.- A «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO SEGUNDA.- A «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do 15 de novembro de cada un dos dous exercicios, a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.

- Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a VIXENCIA do convenio (2017-2018).

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será

comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- A «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP e na LRXSP e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

VIXÉSIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.

3(109).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DO APARCADOIRO SITO NA PRAZA DE PORTUGAL. EXPTE. 429/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 16/02/17, dáse conta do informe-proposta do 21/12/16, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 19 de decembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

4.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo público do aparcadoiro situado na praza de Portugal (429-449)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo público do aparcadoiro situado na praza de Portugal (429-449)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 15 de xullo de 2016, adxudicou a SABA APARCAMIENTOS, S.A. o procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo público do aparcadoiro situado na praza de Portugal.

Contra o acordo de adxudicación interpuxéronse dous recursos especiais en materia de contratación polas empresas INTERPARKING HISPANIA, SA (recurso nº 722/2016) e EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS, SA (recurso nº 860/2016). Tal e como se deu conta na Mesa de Contratación do 21 de novembro de 2016, o recurso interposto por INTERPARKING HISPANIA, SA foi desestimado mediante resolución nº 789/2016 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales; no entanto, o referido Tribunal estimou o recurso interposto por EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS, SA *“debendo anularse a adxudicación realizada e retrotraerse o procedemento para realizar o novo exame e valoración do sobre C”*.

En base ao anterior, a Xunta de Goberno local, mediante acordo do 25 de novembro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Á vista da resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales nº 859/2016 do 21 de outubro de 2016 pola que se estima o recurso interposto por EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS, SA “debendo anularse a adxudicación realizada e retrotraerse o procedemento para realizar o novo exame e valoración do sobre C”, das

actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación da Concesión do servizo de aparcadoiro situado na praza de Portugal (429-449) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación total
1	EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS, S.A.	78,21
2	SABA APARCAMIENTOS, S.A.	76,68
3	INTERPARKING HISPANIA, S.A.	76,21
4	CONTINENTAL PARKING, S.L.	74,63
5	UTE EMSERCO, SOGESEL INGESER ATLANTICA	65,52

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.417,34 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao citado licitador clasificado en primeiro lugar, EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS, S.A., o día 30 de novembro de 2016, que presenta a documentación requirida o 14 de decembro, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- A Mesa de contratación na sesión do 19 de decembro de 2016 revisou a documentación presentada e comprobou que non consta presentado o contrato de seguro a todo risco de construción para a fase de execución das obras e durante o prazo de garantía, nin o seguro de danos para cubrir os riscos que poidan afectar á obra, instalacións e equipamentos existentes no aparcadoiro durante o período de explotación, así como a declaración da aseguradora nos termos previstos na cláusula 23 do PCAP.

De conformidade coa cláusula 24.3 do PCAP, as referidas pólizas deberán presentarse con carácter previo á formalización do contrato, polo que a Mesa acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento a EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS, S.A., que deberá completar a documentación esixida na cláusula 23 do PCAP, con carácter previo á formalización do contrato.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliable mediante xuízo de valor e mediante fórmula do 9 de decembro 2015 e do 15 de novembro de 2016, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- 1) *“Adxudicar a EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS, S.A., o procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo público do aparcadoiro situado na praza de Portugal coas seguintes condicións:*
 - a) *Un 8,0 % de diminución do importe da tarifa minuto máxima fixado na cláusula 8 do PCAP polo uso rotatorio das prazas de aparcadoiro.*
 - b) *Un 34,0 % de diminución do importe dos abonos mensuais de automóviles previstos na cláusula 8 PCAP a aplicar aos residentes.*
 - c) *Un 95 % de diminución do importe fixado para os abonos mensuais de automóviles na cláusula 8 PCAP.*

- d) *Un 8,75 % porcentaxe de rebaixa sobre o importe máximo fixado na cláusula 8 para a tarifa minuto nas estancias de rotación que non superen os 60 minutos.*
- e) *Un 70 % porcentaxe de rebaixa sobre o importe máximo fixado na cláusula 8 para a tarifa minuto nas estancias de rotación que non superen os 15 minutos.*
- f) *Un 15,0 % porcentaxe de incremento das prazas reservadas para residentes, resultando un total dun 35,0 % das prazas do aparcadoiro reservadas a residentes.*
- g) *Incrementa o canon concesional previsto na cláusula 7 en 5.000 euros/ano.*
- h) *Un 95,0 % de diminución do importe fixado para o abono mensual de motocicletas na cláusula 8 PCAP.*
- i) *Un 95,0 % de diminución do importe dos abonos mensuais de motocicletas previstos na cláusula 8 PCAP a aplicar aos residentes.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2) *Requirir a EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS, S.A. que complete a documentación esixida na cláusula 23 do PCAP con carácter previo á formalización do contrato:*

- *“Un contrato de seguro a todo risco de construción para a fase de execución das obras, e durante o prazo de garantía, cuxa suma asegurada non sea inferior o orzamento do proxecto de execución”.*
- *“Un seguro de danos que cubra os riscos de todo tipo que podan afectar a obra, instalacións e equipamentos existentes no aparcadoiro da praza de Portugal durante o período de explotación, por un importe de 5.000.000 euros. Esta póliza de seguro cubrirá a totalidade dos bens que puideran ser entregados o Concesionario polo Concello, así como a totalidade dos bens e instalacións incorporadas o servizo polo concesionario”.*
- *“Será necesario que o concesionario achegue unha declaración da súa aseguradora na que se manifeste que as coberturas das pólizas son suficientes para facer fronte a todos os riscos derivados da execución deste contrato”.*

3) *Devolver a SABA APARCAMIENTOS, S.A. o importe aboado en concepto de anuncios (1.416,64 euros) e de garantía definitiva (520.750,50 euros)”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(110).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO LOTE 3 DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO PARA A REPOSICIÓN DE DIVERSOS

APARELLOS PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS (GRUPO DE ASPIRACIÓN, EQUIPO DE EXCARCERACIÓN, XERADOR DE CORRENTE E COMPRESOR DE AIRE). EXPTE. 4335/213.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 17/02/17, dáse conta do informe-proposta do 13/02/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 10 de febreiro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.- Proposta de clasificación e adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213) (lote 3 (xerador de corrente QES30)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 9 de setembro de 2016 acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire), e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- O 2 de novembro de 2016, a Mesa de Contratación acordou *“Excluir do procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213) á empresa GAM ESPAÑA SERVICIOS DE MAQUINARIA, S.L.U. por non cumprir os requisitos de presentación da documentación esixidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación e no artigo 80 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas”*.

Terceiro.- Na sesión do 5 de decembro de 2016, a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de decembro de 2016, dos licitadores que deseguido se relacionan, por non cumprir a documentación técnica achegada nas súas proposicións, (segundo esixencia do apartado 7B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares) co prego de prescricións técnicas particulares:

- Lote 2 (equipo de excarceración): INDUSTRIA GLOBAL SUPPLY, S.L.
- Lote 3 (xerador de corrente QES30): ELIAS JADRAQUE, S.A.
- Lote 4 (compresor de cargado de aire respirable): ELIAS JADRAQUE, S.A. e DRAGER SAFETY HISPANIA, S.A.

Segundo.- Declarar deserto o lote 2 “equipo de excarceración” xa que o único licitador presentado a este lote, INDUSTRIA GLOBAL SUPPLY, S.L., foi excluído da licitación por acordo adoptado pola Mesa Contratación o 5 de decembro de 2016.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do Subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 (grupo de aspiración HFS HYDROSUB 60):

Licitador	Puntuación total
ITURRI, S.A.	100

- Lote 3 (xerador de corrente QES30):

Licitador	Puntuación total
SIELVIGO, S.L.	100
ITURRI, S.A.	40,54

- Lote 4 (compresor de cargado de aire respirable):

Licitador	Puntuación total
ITURRI, S.A.	100

Cuarto.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ITURRI, S.A. (lotes 1 e 4) e SIELVIGO, S.L. (lote 3) para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resgado da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Quinto.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 1.805,91 euros (601,97 por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Cuarto.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar o 16 de decembro de 2016, ITURRI, S.A., e SIELVIGO, S.L., que presentan a documentación requirida o 27 e 28 de decembro de 2016, respectivamente, dentro do prazo concedido.

Quinto.- En data 29 de decembro de 2016, a Mesa de Contratación examina tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta. Na mesma sesión a Mesa acorda formular á Xunta de Goberno Local a proposta de adxudicación deste procedemento.

Sexto.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 30 de decembro de 2016, acordou retrotraer a tramitación do lote 3 ao momento anterior á clasificación de licitadores en orde descendente e solicitarlle a SIELVIGO, S.L. a xustificación dos valores anormais ou desproporcionados da súa oferta, consonte ao previsto no artigo 152.3 do TRLCSP.

Sétimo.- Segundo o informe asinado o 3 de febreiro de 2017 polo oficial xefe do Servizo de Bombeiros, aceptado pola Mesa de Contratación na sesión do 8 de febreiro, enténdese xustificada a baixa presentada por SIELVIGO, S.L.

A documentación esixida polo artigo 151.2 do TRLCSP xa fora presentada pola empresa o 28 de decembro de 2016 e cualificada pola Mesa do 29 de decembro de 2016, que comprobou que era correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar no lote 3 (*xerador de corrente QES30*), SIELVIGO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante, no lote 3, é a formulada por SIELVIGO, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula do 2 de decembro de 2016.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do lote 3 (xerador de corrente QES30) do Subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación total
SIELVIGO, S.L.	100
ITURRI, S.A.	40,54

2º.- Adxudicar a SIELVIGO, S.L. o lote 3 (xerador de corrente QES30) do Subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 18.148,79 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.149,79 euros.*
- b) O prazo de garantía increméntase en 5 anos (prazo total de 7 anos).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(111).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS Á XESTIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA, TAXA DE LIXO COMERCIAL E VADOS”. EXPTE. 2358/500.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15/02/17, dáse conta do informe-proposta de data 9/02/17, asinado pola técnica xurídica da Dirección de Ingresos, a directora de ingresos, e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo acordo da xunta de goberno local de data 12 de febreiro de 2016 foi adxudicado o contrato de "Servizos complementarios á xestión dos padróns fiscais do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, Taxa de Lixo Comercial e Vados" (expte. 2177/500) á empresa UNIÓN DE PROFESIONALES S.L. con CIF B-36609097, por un prezo de 60.000€ co IVE incluído e un prazo dun ano.

Segundo o apartado 4 C das FEC poderá realizarse unha prorroga de ata un ano de duración

*Coa perspectiva da próxima finalización da anualidade do contrato que comezou o un de marzo de 2016 esta Dirección de Ingresos estima necesario **propoñer á Xunta de Goberno Local a prorroga por un ano do contrato adxudicado** por estimarse "imprescindible" para manter o actual nivel de calidade dos padróns fiscais de IVTM e EUI así como para avanzar na mellora dos mesmos.*

Durante o prazo do contrato foron realizados os servizos contratados axustándose ao disposto nos Pregos de Condicións Administrativas e Técnicas, sen incidencias e con notable calidade: Teñen mellorado os índices de recadación do padrón de IVTM e do padrón de EUI de 2016 respecto de 2015 en torno a un 1%. Amais, a xestión destes padróns ten sido máis económica polo menor numero de reclamacións e anulacións de recibos (638 recibos anulados en 2015 fronte a 320 en 2016 no padrón de Lixo Comercial e Vados, 1005 recibos anulados en 2015 fronte a 596 en 2016 no padrón do IVTM).

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos formula á Xunta de Goberno Local a adopción de seguinte acordo:

Autorizar a prorroga para o período comprendido entre 1 de marzo de 2017 e 28 de febreiro 2018, do contrato de "Servizos complementarios á xestión dos padróns fiscais do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, Taxa de Lixo Comercial e Vados" (expte. 2177/500) adxudicado por acordo da Xunta de Goberno de data 12 de febreiro de 2016, e todo isto de conformidade coa cláusula 7 apartado 3 do PCA e cláusula 4 C da FEC.

Mantéñense inalterados os prezos unitarios da oferta, ascendendo o importe da prorroga a cantidade de 60.000€ imputándose ao presuposto do presente exercicio 2017 na partida 93202279900 o importe de 57.000€ e os restantes 3.000€, na mesma partida ao presuposto do ano 2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(112).- NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E MATRÍCULA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 0-3 (EIM) PARA O CURSO 2017-2018. EXPTE. 18610/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 16/02/17, asinado pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

O técnico superior de educación en data 15 de febreiro de 2017 emite o seguinte informe:
“O Concello de Vigo, a través do seu Servizo de Educación, xestiona actualmente, mediante os correspondentes contratos administrativos de xestión, oito Escolas Infantís do primeiro nivel 0-3 anos (Costeira-Saiáns, Casiano Martínez-Bouzas, Tomás Alonso, Santa Marta-Casco Vello, Atalaia-Teis, Santa Cristina-Lavadores, Mestres Goldar-Castrellos e Navia), ao abeiro da posibilidade contemplada no seu día polo artigo 15 da Lei Orgánica de Educación-LOE.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión do 26 de febreiro de 2016 acordou aprobar as *Normas para a adxudicación de prazas nas escolas infantís municipais (0-3 anos) para o curso 2016-2017 (Expte 17682/332)*. Este Servizo de Educación Municipal anualmente vén acolléndose ás distintas convocatorias de subvención da Xunta de Galicia que concretan a definición de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes das corporacións locais. Unha das obrigas específicas que deben ter en conta estes equipamentos infantís é a obrigatoriedade tal como é o caso da Rede de EIM, de igualar a puntuación das solicitudes de novo ingreso ao baremo de criterios preferentes que propón a administración competente, ao abeiro da Orde anual pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Política Social. De conformidade con isto, o Servizo Municipal de Educación, está na obriga de publicar, con carácter anual, unha Norma que ordene e regule o proceso para a adxudicación de prazas e matriculación nas escolas infantís municipais.

Polo demais, as normas para o vindeiro curso non incorporan novidades significativas verbo das do curso 2016-2017, agás a adecuación ao baremo establecido pola Xunta de Galicia, así como aos prazos que esta establece. “

A Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local sinala no artigo 25.2., tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, as materias respecto das que os concellos exercerán competencias propias, contemplando en materia de Educación:

n) Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

Se ben as competencias das corporacións locais en materia de educación son as sinaladas no referido artigo 25.2 n) da lei 7/85, compre citar a disposición adicional cuarta da Lei do Parlamento de Galicia 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, relativa á asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais, de acordo coa cal: «1. As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán sendo prestadas polos municipios en tanto no se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómica e das facendas locais previsto na mesma».

En consecuencia e unha vez incorporado o proxecto de Normas para o curso 2017-2018 que se achega no expediente elevase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

1. Aprobar as Normas para a adxudicación de prazas e matrícula nas Escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2017/2018, conforme ao texto que se xunta a esta proposta de acordo.
2. Facultar á concelleira de Educación para que realice a convocatoria de presentación de solicitudes para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2017-2018, de acordo co calendario previsto nas Normas citadas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E MATRÍCULA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 0-3 (EIM) PARA O CURSO 2017-2018

PRIMEIRA.- Obxecto

Estas normas teñen por obxecto regular o procedemento de adxudicación de prazas e matrícula na **Rede de Escolas Infantís Municipais 0-3 (REIM)** dependente do Servizo de Educación do Concello de Vigo para o curso 2017/2018 e establecer a convocatoria e calendario de solicitude. Conforman a REIM as seguintes escolas infantís municipais: Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis, Santa Marta-Casco Vello, Costeira-Saiáns, Bouzas, Tomás Alonso, Mestres Goldar-Castrelos e Navia.

SEGUNDA.- Requisitos para ser adxudicatario

Serán requisitos imprescindibles para ser adxudicatarios de prazas nas EIM:

1. Que o/a neno/a teña a súa residencia en Vigo e teña nacido antes do vencimento do prazo establecido no punto 8.A.2 destas Normas.
2. Idade do/a neno/a
 - Ter unha idade mínima de tres meses na data de ingreso
 - Non ter cumpridos 3 anos o 31 de decembro de 2017

Este prazo poderase ampliar un ano máis para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, logo da emisión do ditame do equipo de orientación específica da xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición das/dos nais/pais, ou titores/as legais a través da escola onde renoven a praza, quen proporcionará á familia a información e orientación necesarias sobre o procedemento a seguir nestes casos.
3. Para a reserva de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.
4. No caso de integrarse nenas/os con necesidades específicas de apoio educativo, en ningún caso poderá haber máis dunha nena ou dun neno con estas necesidades por aula. Para efectos de ratio, estas prazas contabilizaranse como dúas.

TERCEIRA.- Criterios de prioridade para a adxudicación de prazas

As prazas adxudicaránse por esta orde:

- A) Reserva de praza

Teñen preferencia as reservas de praza de nenos/as matriculados/as no curso 2016/2017, sempre que reúnan os requisitos establecidos nestas Normas e soliciten a reserva na mesma quenda.

Poderá reservarse praza noutro centro, por cambio de domicilio, cando existan prazas suficientes logo de rematado o proceso de renovación de praza do alumnado da propia escola.

B) Novo ingreso

Poderase solicitar praza en calquera das EIM de Vigo. Os/As solicitantes deberán, se é o caso, marcar por orde de preferencia dúas opcións como máximo. No caso de marcar máis dunha escola, só poderá facerse na mesma quenda en todas elas.

As prazas adxudicaránse por esta orde:

1. Os/as fillos/as do persoal que preste servizo na Escola Infantil Municipal na que solicitan praza e sexan nai, pai, titora ou titor legal.
2. Os/as irmáns/ás de alumno/a con praza (renovada ou de novo ingreso) na EIM para a que solicitan praza.
3. As prazas que queden vacantes adxudicaranse ós/ás solicitantes segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figura no Anexo I destas Normas. Esta puntuación determinará a orde de prelación na adxudicación das prazas para calquera das dúas opcións solicitadas, así como para a lista de espera resultante.

C) Solicitudes fóra de prazo

Unha vez rematado o prazo de matrícula e asignadas as vacantes, o periodo de solicitude permanecerá aberto, de xeito extraordinario e con carácter xeral, a partir do mes de setembro e ata o mes de decembro (ampliable ata o mes de febreiro de 2018 só para os/as nenos/as nados no ano 2017), no caso de existiren prazas dispoñibles na aula e na escola onde se solicita a praza.

CUARTA.- Horario e calendario das EIM

1. Horario

As EIM, con carácter xeral, dispoñen dun horario continuo de 07.30 h a 20.00 h, dende o mes de setembro ata o mes de xullo, ambos inclusive.

Dentro deste horario de funcionamento, fíxase un horario de permanencia das cativas e cativos na escola:

- ◆ Permanecerase na escola un mínimo de 4 horas e un máximo de 8 horas.
- ◆ En casos extraordinarios o horario ampliarase ou reducirase, trala valoración técnica das circunstancias das e dos menores.

As/os usuarias/os dentro do horario de apertura do centro terán que optar polas seguintes quendas tendo en conta as horas máximas e mínimas permitidas:

QUENDA	Mañá	Tarde	Contínuo (*)
HORARIO	07:30 a 15:45 h.	16:00 a 20:00 h.	09:00 a 17:00 h
(*) Só dispoñible para a EIM Costeira-Saiáns			10:00 a 18:00 h

Para posibilitar a boa marcha das escolas:

- ◆ A entrada pola mañá realizarase entre as 07:30 e as 09:00 horas.
- ◆ A saída do centro para a quenda de mañá será entre as 15:30 e as 15:45 horas.

- ◆ Na EIM Costeira-Saiáns a hora de entrada prolongarase ata as 10:00 horas.
- ◆ A entrada pola tarde será as 16:00 horas.
- ◆ A saída do centro para a quenda da tarde será entre as 19:45 e as 20:00 horas.
- ◆ A quenda de mañá inclúe o servizo de comedor e a quenda de tarde o servizo de merenda.

2. Calendario

Os centros permanecerán abertos de luns a venres, excluídos os días considerados festivos no calendario laboral e as festas laborais de carácter local, declarados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, así como o Día do Ensino previsto no calendario oficial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e os días 24 e 31 de decembro.

O curso escolar comezará o día 6 de setembro de 2017.

O alumnado poderá asistir ao centro un máximo de 11 meses dentro do período de setembro de 2017 a 31 de xullo de 2018.

2.1 Horarios especiais

Con motivo de desenvolver as sesións de traballo trimestrais do equipo educativo para a preparación da programación, as escolas infantís municipais pecharán as 19 h os días que propoña cada escola á aprobación do Consello Escolar.

Asimesmo o día 5 de xaneiro as escolas pecharán ás 16:00 h.

QUINTA.-Prestacións

A matriculación e tarifas inclúen en todos os casos os seguros obrigatorios, horario amplo, servizo de comedor e de orientación.

SEXTA.- Prezos

1. Os prezos que deberán pagar os/as usuarias/os son os establecidos na Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das Escolas de primeira etapa de Educación infantil (Artigo 3 da Ordenanza nº 23 ano 2017), coas exencións e bonificacións nela contidas. Para o curso 2017-2018 son as seguintes:

Renda per cápita mensual	Matrícula	Mensualidade
Ata 327,83 €	Exento/a	Exento/a
Ata 512,91 € familias numerosas	Exento/a	Exento/a
Entre 327,83 e 391,00€	49,6	49,6
Entre 391,01 e 461,00€	74,4	74,4
Entre 461,01 e 534,00€	99,2	99,2
Mayor de 534,01 €	124	124

2. **Estarán exentos** das taxas reguladas en dita ordenanza, os nenos e nenas que pertencen a familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €. O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes.

No caso dun menor de 25 anos con un grao de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55. Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

3. **Estarán exentos** do pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza os nenos e nenas que pertencen a familias numerosas que contan con ingresos brutos anuais, per cápita inferiores a 6.155 €.
4. A inasistencia da/o usuaria/o durante un período determinado, mentres non se formalice a baixa correspondente, non supón redución ningunha nin exención do pagamento do prezo establecido coas seguintes excepcións:
 - a) Cando a/o nena/o por motivos de saúde deixe de asistir ao centro temporalmente, neste caso, estarán exentos de aboar a cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de comezo do período de ausencia. Esta suspensión temporal durará ata o día primeiro do mes natural en que a/o usuaria/o se reincorpore ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%. Nestes casos a solicitude de exención do pagamento, durante o período que corresponda, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o Servizo Municipal de Educación.
 - b) Nos supostos das solicitudes formuladas fóra de prazo previstos nesta Norma, o aboamento do prezo será desde o mes no que se lle concede a praza. Se a incorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%.
 - c) No suposto de familias que non teñan previsto a asistencia dos seus fillos/as durante o mes de xullo, deberán comunicalo á dirección da correspondente escola infantil municipal con anterioridade ao día 30 de xuño. Neste caso, deixarase de emitir a estas familias o recibo do mes de xullo, ben na súa totalidade, ben na metade do seu importe, dependendo do período previsto de inasistencia (todo o mes ou a partir do día 15)
5. Ao longo do curso poderase proceder á revisión do prezo fixado inicialmente cando concorran e se xustifiquen algún dos seguintes casos:
 - a) A modificación nos ingresos dalgún membro da unidade familiar, modificación que teña, cando menos, unha duración de 4 meses para ser tidas en conta, xustificándose coa declaración do IRPF, certificado emitido pola Axencia Tributaria, nóminas ou certificado do INEM que acredite se é beneficiario/a de prestación de desemprego.
 - b) A variación no número de membros da unidade familiar.
6. Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado que só poida ser admitido polo Concello de Vigo en horario reducido e diferente do solicitado. Esta bonificación aplicarase durante o tempo no que persista esta situación excepcional.

7. As familias que non aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, aplicaráselles, se é o caso, a cota máxima en concepto de matrícula.

SÉTIMA.- Renda per capita mensual

1. Para os efectos desta Norma, entenderase por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.
2. Ten a consideración de ingresos totais a suma da base impositiva xeral máis a base impositiva do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas de cada un dos membros da unidade familiar.
Para os efectos desta Norma tomarase para o cálculo da cota a declaración do IRPF correspondente ao ano 2015.
3. Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e as/os fillas/os menores de dezoito anos ou fillas/os maiores de dezoito anos cun grao de discapacidade superior ao 33%.
Entenderase por familia monoparental cando formase parte dela unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que a outra proxenitora non contribúa economicamente ao seu sostento.
4. No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per capita a que se refire o parágrafo anterior, incrementarase en 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Cando as circunstancias concorrentes no momento da presentación da solicitude de praza non coincidan coa declaración do IRPF, teranse en conta estas últimas, tanto para o cálculo da renda per cápita como para a aplicación de baremo e dos distintos descontos. En todo caso, estas circunstancias deberán xustificarse documentalmente no momento de presentación da solicitude.

OITAVA.- Solicitudes e documentación

A) SOLICITUDES

As/os interesadas/os poderán solicitar unha praza a través dos modelos normalizados que serán facilitados no Servizo Municipal de Educación e nas Escolas Infantís Municipais de Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis, Santa Marta-Casco Vello, Costeira-Saiáns, Tomás Alonso, Bouzas, Mestres Goldar-Castrellos e Navia. Poderán tamén descargarse da páxina web: www.escolasvigo.org/reim.

A solicitude de praza poderá realizarse tamén "on line", na páxina web www.escolasvigo.org/reim.

1.- Solicitudes de renovación

O alumnado que xa estivese matriculado nas escolas o curso anterior, cumpra os requisitos de idade especificados, e se atope ao día no pago das cotas, manterá o seu dereito á praza para o curso 2017-2018 na quenda no que estivera matriculado no curso 2016-2017.

O prazo de renovación e entrega de documentación establécese **do 27 de febreiro ao 24 de marzo de 2017** e se realizará na propia escola infantil na que está matriculado.

2.- Solicitudes de novo ingreso

a) Solicitude presencial. As solicitudes conforme ao modelo normalizado, xunto coa documentación requirida presentaranse no Servizo Municipal de Educación ou en calquera das Escolas Infantís Municipais para as que se solicita praza.

b) Solicitude telemática. Unha vez realizada a solicitude "on line", seguindo as instrucións que se indican na web www.escolasvigo.org/reim, deberán entregar a documentación requirida xunto co xustificante que se obtén da web, e presentalo en calquera dos lugares indicados para a solicitude presencial.

Con carácter extraordinario, permitirase solicitar praza as familias que teñan previsto o nacemento do/a seu/súa fillo/a antes do 28 de abril de 2017, data tope de nacemento para a súa posible admisión, sempre que presenten a solicitude de praza dentro dos prazos previstos nesta Norma.

O prazo de presentación de solicitudes establécese **do 27 de febreiro ao 24 de marzo de 2017**

3.- Listas provisionais

Unha vez realizada a baremación farase pública a relación provisional de admisións e lista de espera, coa puntuación obtida.

Estas listas expóranse no taboleiro de anuncios das escolas infantís o **día 5 de maio de 2017** e na páxina web www.escolasvigo.org/reim.

4.- Listas definitivas

Unha vez comprobadas as posibles reclamacións, éstas consideraranse resoltas coa publicación das listas definitivas nos lugares indicados en 8.A.3. a partir do **día 2 de xuño de 2017**

5.- Formalización de matrícula

a) Renovación alumnado do curso 2016-2017:

O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o **26 de xuño ao 7 de xullo de 2017**. Para confirmar a praza deberán obrigatoriamente formalizar o pago da matrícula, no Departamento de Recadación do Concello de Vigo, no prazo que se indica, ou caso contrario perderá automaticamente o dereito á praza.

b) Novo alumnado no curso 2017-2018:

O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o **5 ao 20 de xuño de 2017**.

Durante este prazo as familias de nenas/nenos admitidas/os formalizarán a reserva de praza na escola onde obtivesen a praza, presentando o impreso de aceptación de praza debidamente cuberto e, de selo caso, formalizando o pago da matrícula correspondente no Departamento de Recadación do Concello de Vigo, ou caso contrario perderá automaticamente o dereito á praza.

B) DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

1. Alumnado procedente do curso 2016-2017:

Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, **deberán presentar** xunto coa solicitude de renovación:

a) Fotocopia da última declaración da renda de todos/as os membros da unidade familiar. Para os membros da unidade familiar desempregados/as, certificado do INEM que acredite se é beneficiario/a ou non de prestación de desemprego e, neste último caso, vida laboral.

b) Calquera outra documentación que acredite cambios na situación familiar anterior

2. Alumnado de novo ingreso:

As solicitudes de novo ingreso terán que presentarse acompañadas da documentación seguinte:

a) Unha fotocopia simple do documento nacional de identidade ou doutro documento acreditativo da identidade das/dos nais/pais ou representantes legais, segundo proceda.

- b) Unha fotocopia simple do libro de familia completo ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar. Deberá acompañar o orixinal á documentación que se achegue no momento da solicitude.
- c) Xustificación de ingresos:
Aqueles familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, **deberán presentar** fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar.
- d) No caso de persoas desempregadas, deberán presentar certificación do INEM que acredite se é beneficiario/a ou non da prestación de desemprego e, neste último caso, vida laboral.
Naqueles casos nos que, por distintas razóns, non se poidan acreditar as rendas das/os nais/pais por falta de acreditación documental, **será preciso un informe dos Servizos sociais.**
- e) OUTROS DOCUMENTOS, só para as familias que necesiten xustificar incidencias familiares, económicas e sociais **puntuables no baremo:**
- As responsabilidades familiares, no caso de que existan membros que, non formando parte da unidade familiar, estean a cargo dela, acreditaranse mediante informe dos Servizos sociais.
 - O certificado do recoñecemento do grao de discapacidade da nai, pai, titora ou titor legal e/ou outros membros da unidade familiar.
 - A xustificación de ocupación actualizada (últimas nóminas, certificación de empresa, vida laboral).
 - A condición de **familia monoparental**, entendida como a formada pola nai ou pai solteira/o que non manteñan relación de convivencia ou situacións de separación, divorcio ou viuvez, acreditarase mediante:
 - Fotocopia do libro de familia. Deberá acompañar o orixinal no momento da solicitude.
 - Sentenza de separación/divorcio
 - Convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais
 - De carecer de acreditación documental dalgunha das incidencias alegadas neste epígrafe, poderase presentar informe dos Servizos sociais.

A falta de presentación dalgún destes documentos dentro do prazo de solicitude establecido suporá **a renuncia** implícita de ser valorado no epígrafe "situación socio-familiar" do baremo que se recolle no Anexo I.

NOVENA.- Tramitación

O Servizo de Educación do Concello de Vigo comprobará que as solicitudes reúnen os requisitos recollidos nesta Norma. De non ser así, requirirase a/o interesada/o para que, nun prazo de dez días, achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixese así, se terá por desistido da súa petición.

O Servizo Municipal de Educación poderá reclamar en calquera momento todos aqueles datos, e a súa debida acreditación documental, que considere precisos para a máis eficaz realización do seu cometido.

DÉCIMA.- Avaliación das solicitudes

1. A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido no ANEXO I desta Norma, mediante o que se avaliarán os facto-

res socioeconómicos, familiares e laborais da unidade familiar. No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per capita máis baixa.

2. Aplicaráselles a todas as solicitudes recibidas un procedemento de valoración. Con tal fin constituirase unha comisión de baremación e selección coa seguinte composición para cada Escola Infantil Municipal:
 - Presidencia: O técnico responsable de escolas municipais do servizo de Educación.
 - Vogais: o/a director/a do centro, o/a representante das/os nais/pais das/os nenas/os no Consello Escolar do Centro do que se estean a baremar as solicitudes, e un funcionario/a do servizo municipal de Educación, que actúa de secretario/a, nomeado pola concelleira de Educación.

Os acordos tomaranse por maioría simple, e resolverá, en caso de empate, a presidencia.

3. Unha vez baremadas as solicitudes, a comisión elevará a proposta de selección á concelleira de Educación que resolverá a lista provisoria de admitidos/as.

A relación provisoria de admitidas/os e lista de agarda, coa puntuación obtida, poderase consultar no Servizo Municipal de Educación, así como na páxina web www.escolasvigo.org/reim e nas respectivas Escolas Infantís Municipais.

UNDÉCIMA.- Reclamacións

As/os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas no prazo dos dez días naturais posteriores á data da exposición pública da relación provisoria.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

DUODÉCIMA.- Relación definitiva de adxudicatarias/os de praza

1. Unha vez comprobadas as reclamacións presentadas contra a relación provisoria, a concelleira de Educación aprobará a relación definitiva de admitidas/os e a lista de agarda coa puntuación obtida, así como a cota mensual que corresponda aboar en cada caso. Desta resolución dará conta á Xunta de Goberno Local seguinte. Esta relación poderase consultar nos mesmos lugares que a relación provisoria.
2. As/os solicitantes admitidas/os disporán dende o 5 ao 20 de xuño de 2017, ambos os dous incluídos, para matricularse presentando no centro onde obtivesen praza o recibo de pagamento da matrícula. Presentarán asemade nese momento certificado médico oficial.
3. A formalización da matrícula no prazo sinalado é imprescindible para confirmar a praza. Se non se realiza a matrícula da/o nena/o no prazo sinalado, considérase decaída/o na súa solicitude.
4. Con carácter xeral, o prazo máximo para resolver o procedemento previsto nesta convocatoria será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ao da aprobación destas Normas. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas

DÉCIMO TERCEIRA.- Lista de agarda

1. A lista de agarda estará constituída polas/os solicitantes que non obteñen praza en ningunha das escolas solicitadas, ordenadas/os segundo a puntuación acadada no baremo de admisión.
2. As vacantes que se vaian producindo ao longo do curso en calquera das Escolas Infantís, serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre as/os solicitantes en lista de agarda.

3. As/os solicitantes que obteñan praza e renuncien a esta, quedarán excluídos tamén da outra opción solicitada
4. As familias en lista de agarda terán preferencia, no mes de setembro, para elixir praza na quenda de tarde, no prazo que estipule o Servizo de Educación.

DÉCIMO CUARTA.- Baixas

1. Causarase baixa nas escolas infantís por algunha das circunstancias seguintes:
 - a) Polo cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.
 - b) Pola solicitude das/os nais/pais ou representantes legais.
 - c) Polo non pagamento do prezo establecido durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refire a débeda, sen prexuízo da reclamación da débeda polo procedemento regulamentariamente establecido.
 - d) Pola comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.
 - e) Pola incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.
 - f) Pola falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.
 - g) Polo reiterado incumprimento da puntualidade na asistencia e/ou recollida do/da menor sen causa xustificada.
2. As baixas motivadas polo establecido nas liñas e), f) e g), resolveráas a concelleira delegada da Área de Educación tralo informe da dirección do centro onde esté a/o nena/o matriculada/o e o informe técnico do Servizo de Educación municipal. Nos demais supostos aprobarase a baixa por resolución da concelleira delegada de Educación.
3. As baixas producidas ao longo do curso escolar, por calquera dos motivos anteriormente expostos, cubriranse coas/os solicitantes que figuren en lista de agarda en cada grupo de idade, por rigorosa orde de puntuación.

DÉCIMO QUINTA.- Regulamento xeral

Estas normas serán de aplicación ao curso 2017-2018. No non recollido nas mesmas estarase ao disposto na lexislación xeral en materia de educación e ao Regulamento xeral da Rede de Escolas Infantís Municipais que, se é o caso, aprrobe o Concello de Vigo.

A concelleira delegada da Área de Educación, en virtude das súas competencias, poderá dictar as resolucións e instrucións oportunas para o correcto desenvolvemento destas Normas.

ANEXO I

NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (EIM) PARA O CURSO 2017/2018

BAREMO

BAREMO DE APLICACIÓN	PUN-TOS
SITUACIÓN ECONÓMICA (RPC mensual da unidade familiar referida ao IPREM vixente) (O IPREM ANUAL PARA 2017 É DE 7.455,14,-€)	
Inferior ao 30% do IPREM	4
Entre o 30% e o 50% do IPREM	3

Entre o 50% e o 75% do IPREM	2
Entre o 75% e o 100% do IPREM	1
Entre o 100% e o 125% do IPREM	-1
Entre o 125% e o 150% do IPREM	-2
Entre o 150% e o 200% do IPREM	-3
Superior ao 200% do IPREM	-4
SITUACIÓN LABORAL (só se poderá obter puntuación por un dos epígrafes seguintes)	
Situación laboral de ocupación: <ul style="list-style-type: none"> • Nai • Pai Nas familias monoparentais, esta puntuación asimíllase á formada por dous membros	7 7
Situación laboral de desemprego: <ul style="list-style-type: none"> • Nai • Pai Nas familias monoparentais, esta puntuación asimíllase á formada por dous membros	2 2
Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (Risga) <ul style="list-style-type: none"> • Nai • Pai Nas familias monoparentais, esta puntuación asimíllase á formada por dous membros	3 3
SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR	
Por cada membro da unidade familiar	2
Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta	1
No caso de que a/o nena/o para a/o que se solicita praza nacesse nun parto múltiple	1
Por cada membro da unidade familiar, afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia	2
Por condición de familia monoparental	3
Por condición de familia numerosa	3
Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais	6
Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas:	Ata 3
SITUACIÓN RESIDENCIAL	
Alumnos/as domiciliados na zona (Distrito postal)	2

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(113).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E AUGA QUENTE SANITARIA NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE VIGO. EXPTE. 17563/332.

Visto o informe xurídico de data 13/02/17, e o informe de fiscalización do 17/02/17, dáse conta do informe-proposta de data 14/02/17, asinado pola xefa do Servizo de Educación, a concelleira delegada de dito Servizo e o concelleiro de Facenda, que di o seguinte:

Mediante Resolución de inicio de expediente de 14 de xullo de 2016, a Concelleira de Educación insta ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación do mantemento integral das instalacións de calefacción e A.Q.S. dos colexios públicos da cidade de Vigo.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira de Educación de 14/07/16 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación
- Informe xustificativo da necesidade da contratación do xefe de Área de Servizos Xerais de data 18/12/2015.
- Memoria xustificativa de data 12/12/16, redactada pola xefa do Servizo de Educación.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 31/01/17 redactado polo xefe da Área de Servizos Xerais
- Informes de 14/12/16 e de 02/02/2017 da técnica de administración xeral do servizo de Contratación, de comprobación da documentación e de constancia da documentación e sobre as correccións realizadas no PCAP.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 10/02/17 redactado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación.
- Informes da Asesoría Xurídica Municipal de 27/12/16, de 02/02/2017 e de 13/02/2017.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: Realización dun mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo.

Prazo de execución: o prazo de execución do contrato é de 2 anos establecéndose unha prorroga de 1 ano.

Prezo: o orzamento total do contrato é de 130.000,00 euros.

Aplicación orzamentaria: 3230 2130000 "Mantemento caldeiras calefacción depósitos de gas"

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do R.D. Legislativo 3/2011 de 14 de novembro (TRLCSF). A resolución segundo o artigo 110 1º do TRLCSF deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para o mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria dos colexios públicos da cidade de Vigo por procedemento aberto.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 31/01/2017 redactado polo xefe da Área de Servizos Xerais e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 10/02/2017 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no expediente para a contratación dos servizos para o mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria dos colexios públicos da cidade de Vigo.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 130.000,00.-€ (43.333,33.-€ na anualidade de 2017; 65.000,00.-€ na anualidade de 2018 e 21.666,66.-€ na anualidade de 2019) para a contratación dos servizos para o mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria dos colexios públicos da cidade de Vigo.” por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.213.00.00 “mantemento caldeiras calefacción depósitos de gas”.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(114).- BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO ANO 2017. EXPTE. 13659/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do , e o informe de fiscalización do, dáse conta do informe-proposta de data 21/02/17, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro de Emprego, Economía e o concelleiro de Orzamentos e Facenda , que di o seguinte:

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sin ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, as comunidades de montes e as entidades empresariais, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo desde o **1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2017**. Están dirixidas a fomentar

o emprego, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía, xa que ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de desempregados e desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

O desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016, e conforme establece a LEI 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
 - b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.
- ...”

A efectos da presente convocatoria, e coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades as que va dirixida, se convocan os programas que deseguido se relaciona en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- Programa I: “Entidades veciñais e culturais”
Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”
Programa III: “Organizacións sindicais”
Programa IV: “Entidades empresariais”
Programa V: “Comunidades de Montes”.
Programa VI: “Entidades deportivas”

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e da participación cidadá e, en particular:

- Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas en situación de desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Fomentar a contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2016.
- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, empresariais, deportivas e as comunidade de montes, para mellora do emprego e a defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sin prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades sociais realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- Facilitar a inserción laboral de todos os sectores de poboación e fundamentalmente dis mais desfavorecidos.

- Fomentar a contratación para o desenvolvemento de actividades, servizos, o emprego de novas tecnoloxías, e os programas formativos nas propias sedes das asociacións.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado, o asesoramento, o deporte e o fomento do emprendemento, a formación profesional e a integración veciñal, en xeral, de contido laboral e sociocomunitario.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades socio/deportivos realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- Apoiar ás entidades deportivas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír calquera das actuacións vinculadas coas propias necesidades da xestión da diversidade dos proxectos destas entidades.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións e o fomento do emprendemento.

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sociais, sindicais, comunidade de montes, deportivas e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o emprego e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía, xa que ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de desempregados e desempregadas na nosa cidade.

Conforme a Resolución de 10/12/2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que establece e o seu apartado Cuarto, "Dentro de cada órgano deberán establecerse os mecanismos que garantan que a convocatoria e o extracto que se fornecen á BDNS foron aprobados nos mesmos termos pola autoridade competente", para o cumprimento do mesmo e conforme a información contida no documento de preguntas máis frecuentes da IGAE, se ten procedido a elaborar unha convocatoria, as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

Conforme á Observación da intervención municipal, "*Con carácter previo ao sometemento do expediente ao conecemento da Xunta de Goberno Local debera procederse a rectificación do prazo para a presentación das solicitudes dos interesados a partir da publicación do extracto no BOP; substituíndo a teor do disposto nos artigos 73 e 30 da Lei 39/2015 o prazo de 10 días naturais por 10 días*", se ten procedido a rectificar o prazo de presentación de solicitudes nos seguintes documentos:

- Informe Proposta:
 - Parágrafo 3 da proposta de acordo.
- Convocatoria:
 - Apartados: Sexto e Décimo
- Extracto da convocatoria:
 - Apartado: Quinto
- Bases reguladoras:
 - Bases: Décima e Décimo Cuarta

En relación o exposto e seguindo instrucións do Concelleiro de Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, se somete a Xunta de Goberno Local, a seguinte proposta de acordo:

- *Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o Fomento do Emprego de entidades sin ánimo de lucro”, correspondentes ao ano 2017 que se achegan no Anexo I.*
- *Aprobar, o gasto, por importe de 1.000.000,00 € (un millón de euros), que se imputarán con cargo á partida presupostaria 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, do exercicio presupostario do ano 2017.*
- Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sin ánimo de lucro” en:

A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO ANO 2017.

Primeiro. Obxecto.

O Concello de Vigo convoca subvencións para a concesión de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, as comunidades de montes, as entidades empresariais e as deportivas, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, desde o 1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2017. Están dirixidas a fomentar o emprego, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

Segundo. Beneficiarios.

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sociais, sindicais, comunidade de montes, deportivas e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

Programa I: "Entidades veciñais e culturais"	Epígrafes 10.1 e 10.5.
Programa II: "Entidades sociais e asistenciais"	Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.
Programa III: "Organizacións sindicais"	Epígrafes 5.1
Programa IV: "Entidades empresariais".	Epígrafes 5.2
Programa V: "Comunidades de Montes".	Epígrafe 10.7
Programa VI: "Entidades deportivas"	Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2

Terceiro. Réxime da convocatoria.

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva

Cuarto. Normativa e Bases reguladoras.

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2017, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo serán publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=es>, no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Quinto. Contía.

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio presupostario (2017) é de 1.000.000,00 € (un millón euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000 "Programa de axudas ao plan de emprego municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo. distribuídos da seguinte maneira:

1.- Programa I "Entidades veciñais e culturais": 150.000,00 € (cento cincuenta mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

2.- Programas II: "Entidades sociais e asistenciais": 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

3.- Programa III: "Organizacións sindicais": 100.000,00 € (cen mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

4.- Programa IV: "Entidades empresariais": 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

6.- Programa VI: "Entidades deportivas": 205.000,00 € (douscentos cinco mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días **hábiles**, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sétimo. Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e notificación.

O Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta o defectuosa, requirirase á solicitante para que emende no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos de Desenvolvemento Local e Emprego, que poderán realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

Lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local, no prazo de catro meses, que se computará a partir da publicación desta convocatoria, a resolución motivada do procedemento, que conterá a relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención, facendo constar, expresamente, a desestimación do resto de solicitudes.

A resolución do procedemento poderá notificarse ás entidades beneficiarias, ou ben, por trátase dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, substituírse dita

notificación pola publicación na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, conforme ao art.art. 45.1.b) da Lei 35/2015 do PAC das AAPP.

Oitavo. Criterios de valoración.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

1. Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do emprego: Ata 10 puntos.
 - 1.1. Valorarase a colaboración coa concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral.
 - a) Participación en convocatorias de fomento do emprego ata 4 puntos:
 - Tres (3) ou máis convocatorias 4 puntos
 - Dúas (2) convocatorias 3 puntos
 - Unha (1) convocatorias 2 puntos
 - b) Outras colaboracións ata 2 punto
 - c) Calidade das xustificacións do importe das axudas (*) ata 4 puntos:
 - Xustificación inferior ou igual ao 25% da axuda 2 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 50% e superior ó 25% 2,5 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 75% e superior ó 50% 3 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 85% superior ó 75% 3,5 puntos
 - Superior ó 85% 4 puntos
- (*) Aos efectos de valoración terase en conta a xustificación realizada na convocatoria de "Fomento do Emprego de entidades sin ánimo de lucro", inmediatamente anterior á presente convocatoria.
2. Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto.- Ata 10 puntos.
 - 2.1. Valorarase o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:
 - a) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais. Ata 3 puntos
 - b) Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno, que teñan unha viabilidade técnica, sexan interasociativos e incidan no entorno. Ata 2 puntos
 - c) Estean dirixidos á promoción dos sectores de poboación mais desfavorecidos. Ata 2 puntos
 - d) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención. Ata 1 punto
 - e) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede. Ata 1 puntos
 - f) Número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración. Ata 1 punto

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de cinco puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

3. Calidade e cantidade dos contratos.-	Ata 30 puntos.
3.1. Número de beneficiarios/as	1 punto por contrato.
3.2. O tempo de duración do contrato:	
a) 2 meses	1,00 puntos por contrato.
b) 3 meses	1,25 puntos por contrato.
c) 4 meses	1,50 puntos por contrato.
d) 5 meses	1,75 puntos por contrato.
e) 6 meses	2,00 puntos por contrato.
f) 7 meses ou máis	2,25 puntos por contrato.
3.3. Xornada:	
a) Completa	1,00 puntos por contrato
b) Reducida superior ao 50% da xornada	0,75 puntos por contrato
c) Reducida igual ou inferior ao 50% e superior ao 15%	0,50 puntos por contrato
d) Reducida igual ou inferior ao 15%	0,25 puntos por contrato

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

Noveno. Outros datos.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e no Servizo de Información do Concello de Vigo.

A beneficiaria, no prazo dun (1) mes a contar desde a finalización das accións de fomento do emprego subvencionado, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

Décimo: Publicación.

A presente convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido nin artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en aplicación dos principios recolleitos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro" en:

A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días **hábiles** para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO DE DD/MM/AAAA POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2017.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a de a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sociais, sindicais, comunidade de montes, deportivas e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

Programa I: "Entidades veciñais e culturais"	Epígrafes 10.1 e 10.5.
Programa II: "Entidades sociais e asistenciais"	Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.
Programa III: "Organizacións sindicais"	Epígrafes 5.1
Programa IV: "Entidades empresariais".	Epígrafes 5.2
Programa V: "Comunidades de Montes".	Epígrafe 10.7
Programa VI: "Entidades deportivas"	Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2

Segundo. Obxecto.

Mediante o presente acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo convócanse subvencións para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, as comunidade de montes, as entidades empresariais e as deportivas, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentas de levar a cabo desde o 1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2017. Están dirixidas a fomentar o emprego, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

Terceiro. Bases reguladoras

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de **dd/mm/aaaa**, e publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>.

Cuarto. Contía.

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio presupostario (2017) é de 1.000.000,00 € (un millón euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000 "Programa de axudas ao plan de emprego municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo. distribuídos da seguinte maneira:

- 1.- Programa I "Entidades veciñais e culturais": 150.000,00 € (cento cincuenta mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

- 2.- Programas II: "Entidades sociais e asistenciais": 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

- 3.- Programa III: "Organizacións sindicais": 100.000,00 € (cen mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

- 4.- Programa IV: "Entidades empresariais": 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

- 5.- Programa V: "Comunidades de Montes": 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).

- 6.- Programa VI: "Entidades deportivas": 205.000,00 € (douscentos cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días **hábiles**, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sexto. Outros datos.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e no Servizo de Información do Concello de Vigo.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO.

BASE 1ª.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, as comunidade de montes, as entidades empresariais e as deportivas, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo desde o **1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2017**. Están dirixidas a fomentar o emprego, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía, xa que ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de desempregados e desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

A efectos da presente convocatoria, e coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades as que va dirixida, se convocan os programas que deseguido se relaciona en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- ✓ Programa I: “Entidades veciñais e culturais”
- ✓ Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”
- ✓ Programa III: “Organizacións sindicais”
- ✓ Programa IV: “Entidades empresariais”
- ✓ Programa V: “Comunidades de Montes”.
- ✓ Programa VI: “Entidades deportivas”

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e da participación cidadá, en particular:

- Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas en situación de desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Fomentar a contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2016.
- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, empresariais, deportivas e as comunidade de montes, para mellora do emprego e a defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sin prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades sociais realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.

- Facilitar a inserción laboral de todos os sectores de poboación e fundamentalmente dis mais desfavorecidos.
- Fomentar a contratación para o desenvolvemento de actividades, servizos, o emprego de novas tecnoloxías, e os programas formativos nas propias sedes das asociacións.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado, o asesoramento e fomento do emprendemento, a formación profesional e a integración veciñal, en xeral, de contido laboral e sociocomunitario.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades socio/deportivos realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- Apoiar ás entidades deportivas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír calquera das actuacións vinculadas coas propias necesidades da xestión da diversidade dos proxectos destas entidades.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións e o fomento do emprendemento.

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sociais, sindicais, comunidade de montes, deportivas e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

✓ Programa I: “Entidades veciñais e culturais”	Epígrafes 10.1 e 10.5.
✓ Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”	Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.
✓ Programa III: “Organizacións sindicais”	Epígrafes 5.1
✓ Programa IV: “Entidades empresariais”.	Epígrafes 5.2
✓ Programa V: “Comunidades de Montes”.	Epígrafe 10.7
✓ Programa VI: “Entidades deportivas”	Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2

BASE 2ª.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades, sen ánimo de lucro, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.

3. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, as entidades deportivas, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases, e que veñan desenvolvendo actividades de promoción do deporte, **cando menos** nas ultimas duas tempadas deportivas.

4. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.

5. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.

6. Que acrediten que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, co Concello de Vigo, coa Seguridade Social mediante a presentación das correspondentes certificacións nos termos dos art. 22 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co art. 23 do mesmo.

7. O interesado poderá autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo para consultar dita información tributaria na Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT). Noutro caso, será preciso achegar a oportuna certificación.

8. Non estar incursas as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a

9. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base novena desta convocatoria.

10. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación presupostaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, para o fomento do emprego.

11. Realizar convocatoria pública da oferta de emprego cando menos 5 días antes da realización da selección mediante **os seguintes medios**:

a) Inserción de anuncios na páxina web e/ou rede social da entidade.

b) Inserción na páxina web municipal "Asociacións en rede" (<http://asociacións.vigo.org>), no formato establecido no Anexo VII, de non estar de alta na mesma, será enviado pola entidade en formato digital ao enderezo electrónico ofi.emplo@vigo.org, cando menos con **24 horas** de antelación a data de publicación.

c) Exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, no formato establecido no Anexo VII, que será enviado pola entidade en formato digital ao enderezo electrónico ofi.emplo@vigo.org, cando menos con **24 horas** de antelación a data de publicación.

12. O/A secretario/a de cada entidade certificará a publicación das ofertas de emprego ante a Comisión de seguimento, dos postos a contratar.

13. A entidade poderá engadir os salarios e seguridade social de como máximo dun/dunha traballador/a con unha antigüidade mínima de 6 meses na entidade solicitante, **sempre e cando sexa** imprescindible para o desenvolvemento das actividades solicitadas, poderá solicitar ata un máximo do 50% dos seus custes salariais, e polo prazo máximo do solicitado de contratación do persoal de novo ingreso, conforme a base terceira apartados 1, 2, 3, 4 e 6.

BASE 3º.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubitado, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das contratacións, para o desenvolvemento das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, os realizados dentro do ano da convocatoria entre os meses de **xaneiro e setembro** que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins que lle son propios ou derivados especificamente das contratacións realizadas para o desenvolvemento das actividades programadas, e que teñan acomodo no obxecto de convocatoria:

1- Programa I: “Entidades veciñais e culturais” epígrafes do RMA 10.1 e 10.5.:

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.
- Ata un máximo do 50 % dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade dun/dunha traballador/a con unha antigüidade mínima de 6 meses na entidade solicitante , previa xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente demostrada no Anexo V, para a dirección e/ou coordinación do proxecto.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade.

2.- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais” epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.
- Ata un máximo do 50 % dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade dun/dunha traballador/a con unha antigüidade mínima de 6 meses na entidade solicitante , previa xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente demostrada no Anexo V, para a dirección e/ou coordinación do proxecto.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade.

3.- Programa III: “Organizacións sindicais” epígrafes 5.1

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.
- Ata un máximo do 50 % dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade dun/dunha traballador/a con unha antigüidade mínima de 6 meses na entidade solicitante , previa xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente demostrada no Anexo V, para a dirección e/ou coordinación do proxecto.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade

4.- Programa IV: “Entidades empresariais” epígrafes 5.2

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.

- Ata un máximo do 50 % dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade dun/dunha traballador/a con unha antigüidade mínima de 6 meses na entidade solicitante , previa xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente demostrada no Anexo V, para a dirección e/ou coordinación do proxecto.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade

5.- Programa V: “Comunidades de Montes” epígrafes 10.7

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade.

6.- Programa VI: “Entidades deportivas sen animo de lucro” epígrafes RMA 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2”

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.
- Ata un máximo do 50 % dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade dun/dunha traballador/a con unha antigüidade mínima de 6 meses na entidade solicitante , previa xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente demostrada no Anexo V, para a dirección e/ou coordinación do proxecto.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade.

En ningún caso serán subvencionables:

- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

BASE 4ª.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio presupostario (2017) é de **1.000.000,00 €** (un millón euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo. distribuídos do seguinte xeito:

1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 150.000,00 € (cento cincuenta mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de **30.000 €**.

2.- Programas II: “Entidades sociais e asistenciais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: 100.000,00 € (cen mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

4.- Programa IV: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento coarenta e cinco mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

6.- Programa VI: “Entidades deportivas”: 205.000,00 € (douscentos cinco mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.

b) O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, aillada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.

c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

BASE 5ª.- ANTICIPO A CONTA

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembr, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración xurada de non atopar-

se en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coas entidades destinatarias da convocatoria.”

BASE 6ª.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIONS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

De existir no orzamento municipal vixente consignación presupostaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento da contratación e de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

BASE 7ª.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES

Unha vez estudados os proxectos presentados polas asociacións, desestimaranse as seguintes solicitudes:

1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando a puntuación mínima na valoración específica da memoria de actividades, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
- Cando non se axuste á solicitude o proxecto de actividades que fundamentan a concesión da subvención.

2- Con carácter xeral:

- A non xustificación ou xustificación fora de prazo das subvención do ano anterior.
- Aqueles solicitudes de subvención cando sexan achegadas por entidades que non estean debidamente inscritas nos epígrafes establecidos nos programas do Rexistro Municipal de Asociacións.
- Aqueles solicitudes para Programas que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vixente exercicio orzamentario.
- Cando no vixente orzamento municipal exista consignación nominativa a favor da asociación para a formalización dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento de gastos comprendidos nalgún dos Programas subvencionables nesta convocatoria, desestimaranse as solicitudes do/s referido/s Programa/s.
- En xeral, as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos na Base Segunda desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias
- Cando a entidade non atende, no prazo de dez (10) días, ao requirimento de presentación de documentación, información o aclaracións, realizado pola Comisión de Valoración, esta proporá a desestimación da/s solicitude/s de subvención/s.
- Serán causa de desestimación da/s solicitudes, a non xustificación da subvencións outorgadas no 2016 polo procedemento de concorrência competitiva, ou a súa xustificación fora de prazo e as que teñan renunciado á axuda concedida máis dunha vez nas últimas 3 convocatorias.

BASE 8ª.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:

- 1.Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
- 2.Acreditar que se realizaron os contratos e os gastos subvencionados asumindo as obrigas (salarios, impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
- 3.Para os efectos de difusión pública, en todo o lugar ou lugares onde se realicen as actividades, deberá figurar de forma visible, cartel informativo, segundo o Anexo VI aprobado nesta convocatoria e que estará a disposición no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego para todas aquelas entidades que o soliciten, no que constará o financiamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade, ata a finalización do ano 2017, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento das gastos de contratación e fomento do emprego da asociación e, en xeral, da inserción laboral, o fomento do emprego, do asociacionismo e da participación cidadá.
- 4.Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira
- 5.Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
- 6.Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.

7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.

8. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.

9. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.

11. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.

BASE 9ª.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

1- As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e no Servizo de Información do Concello de Vigo. Os solicitantes deberán achegar:

a) **Anexo I “Solicitud”**: Unha solicitude de participación, con expresión, segundo proceda, de:

- datos da entidade solicitante
- datos do/a representante legal
- domicilio a efectos de notificación
- datos do proxecto (contía solicitada)
- lugar, data, sinatura e selo

b) **Anexo II: Declaración xurada de cumprimento dos requisitos.**

c) **Anexo III: Ficha de solicitude de transferencia bancaria.**

d) **Anexo IV: Declaración xurada das axudas solicitados e/ou concedidas,**

e) **Anexo V: “Proxecto de contratacións e actividades a realizar no 2017”.**

f) **Fotocopia compulsada do CIF da entidade.**

g) **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, no será esixible a súa presentación, sempre que se nos indique o número de expediente no que obran.

No será preciso a súa presentación, no caso do certificado de non ter débedas pendentes coa facenda estatal, mediando autorización da entidade solicitante para a obtención da información tributaria por medios informáticos ou telemáticos.

En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

f) Calquera outra comunicación de **modificación ou actualización de datos da entidade** que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

1- Porén, o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 53.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (PAC), en relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, sempre que se faga constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

2- O departamento convocante pode requirir, canda outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

3- Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órgano competente requirirá á interesada para que subsane a falta no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, co apercibimento de que se non o fai terásele desistido da súa petición previa resolución.

4- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, individualmente consideradas por Programas, desistimento que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da Lei 39/2015 do PAC das AAPP.

BASE 10ª.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na Base anterior, será de 10 días **hábiles**, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvenciones, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do PAC das AAPP.

As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 16 da mesma.

BASE 11ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

1. Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do emprego: Ata 10 puntos.
 - 1.1. Valorarase a colaboración coa concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral.
 - a) Participación en convocatorias de fomento do emprego ata 4 puntos:
 - Tres (3) ou máis convocatorias 4 puntos
 - Dúas (2) convocatorias 3 puntos
 - Unha (1) convocatorias 2 puntos
 - b) Outras colaboracións ata 2 punto
 - c) Calidade das xustificacións do importe das axudas (*) ata 4 puntos:
 - Xustificación inferior ou igual ao 25% da axuda 2 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 50% e superior ó 25% 2,5 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 75% e superior ó 50% 3 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 85% superior ó 75% 3,5 puntos
 - Superior ó 85% 4 puntos
 2. Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto.- Ata 10 puntos.
 - 2.1. Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:
 - a) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais. Ata 3 puntos
 - b) Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno, que teñan unha viabilidade técnica, sexan interasociativos e incidan no entorno. Ata 2 puntos
 - c) Estean dirixidos á promoción dos sectores de poboación mais desfavorecidos. Ata 2 puntos
 - d) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención. Ata 1 punto
 - e) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede. Ata 1 puntos
 - f) Número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración. Ata 1 punto
- No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de cinco puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

3. Calidade e cantidade dos contratos.- Ata 30 puntos.

- 3.1. Número de beneficiarios/as 1 punto por contrato.
- 3.2. O tempo de duración do contrato:
- | | |
|--------------------|---------------------------|
| a) 2 meses | 1,00 puntos por contrato. |
| b) 3 meses | 1,25 puntos por contrato. |
| c) 4 meses | 1,50 puntos por contrato. |
| d) 5 meses | 1,75 puntos por contrato. |
| e) 6 meses | 2,00 puntos por contrato. |
| f) 7 meses ou máis | 2,25 puntos por contrato. |
- 3.3. Xornada:
- | | |
|---|--------------------------|
| a) Completa | 1,00 puntos por contrato |
| b) Reducida superior ao 50% da xornada contrato | 0,75 puntos por contrato |
| c) Reducida igual ou inferior ao 50% e superior ao 15% contrato | 0,50 puntos por contrato |
| d) Reducida igual ou inferior ao 15% | 0,25 puntos por contrato |

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

BASE 12ª.- PROCEDIMIENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1.- O Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta o defectuosa, requirirase á solicitante para que subsane no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución.

2.- Pola xefatura do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, poderá dispoñerse a realización das oportunas comprobacións sobre a veracidade dos datos achegados polas entidades solicitantes, podendo solicitar os informes que considere necesarios para a mellor valoración das solicitudes e resolución do expediente.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos de Desenvolvemento Local e Emprego, que poderán realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: O xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e un/unha técnico do mesmo.
- 1 Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

5- As solicitudes avaliáranse con arreglo á documentación achegada, no seu caso, ós informes emitidos, ás limitacións presupostarias existentes e ós criterios de avaliación establecidos na Base 11ª.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución ao órgano concedente, previo informe no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

7- O órgano instrutor poderá modificar á baixa o período de contratación solicitado e/ou o número máximo de traballadores e traballadoras que se vaian subvencionar, segundo entenda xustificadamente o obxecto e necesidade do proxecto, así como as funcións que van levar a cabo as mesmas.

A proposta de modificación realizarase en base a seguinte prelación:

- 1.Redución do período de contratación sempre que non desvirtue os obxectivos do proxecto presentado.
- 2.Redución da xornada laboral do persoal a contratar e ata un mínimo do 50 %"
- 3.Redución do porcentaxe dos custes salariais do persoal da entidade con cargo ao proxecto"
- 4.Redución do número de persoas desempregadas a contratar".

8- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, no prazo de **catro meses**, que se computará a partir da publicación desta convocatoria, a resolución motivada do procedemento, que conterà a relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención, facendo constar, expresamente, a desestimación do resto de solicitudes.

9- A resolución do procedemento poderá notificarse ás entidades beneficiarias, ou ben, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, substituírse dita notificación pola publicación na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, conforme ao art. 45.1.b) da Lei 35/2015 do PAC das AAPP.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Dende o día seguinte a recepción das notificacións de resolución polas interesadas ou, no seu caso, dende o día seguinte á publicación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

10- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da Lei 35/2015 do PAC das AAPP ao respecto.

11- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesma, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

12.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano polo administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da Lei 35/2015 do PAC das AAPP . A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vindeiro exercicio presupostario.

13.- O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da comisión de avaliación, distribuindo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.

BASE 13ª.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

A beneficiaria, no prazo de un (1) mes a contar desde o remate das accións de fomento do emprego subvencionado, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha memoria e unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

•**Memoria de actividades realizadas**, conforme ao proxecto achegado coa solicitude, que fundamentaron a concesión da/s subvención/s realizadas, e na que deberá figurar, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información:

- Denominación
- Financiamento.
- Contratacións realizadas:
 - Novas contratacións:
 - Denominación do/s posto/s.
 - Perfís profesionais
 - Persoas contratadas.
 - Período de contratación.
 - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
- Contratos do persoal da entidade para o desenvolvemento do proxecto:

- Denominación do posto.
 - Perfil profesional.
 - Persoa asignada ao proxecto.
 - Período de traballo.
 - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
- Nos cursos de formación realizados ao persoal contrato con cargo á subvencións explicitarase:
- Programa do curso.
 - Horas de formación.
 - Identificación dos participantes e do monitor/a con apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
- Actuacións realizadas por persoal contratado con cargo á subvención.
- Datas e lugar de celebración.
 - Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada co fomento do emprego.
- Memoria de prensa e comunicación.
- Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado do lugar de traballo e na páxina web da entidade ou en calquera outra na que se difundan as actividades desenvolvidas polo persoal contratado e/ou asignado con cargo á subvención, do logotipo e/ou cartel oficial da convocatoria do Concello de Vigo, e para cada unha das actividades levadas a cabo, a difusión pública do cofinanciamento, en todo caso, para a actividades executadas con posterioridade á presentación das solicitudes de subvencións.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.”

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticado do contrato e/ou vida laboral do persoal da entidade con cargo a subvención.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.

- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou por medio dunha declaración responsable en aqueles supostos previsto no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto, se as obrantes no expediente de concesión, seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

Non será preciso achegar os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria, se a entidade autorizou, expresamente, ao Concello de Vigo para a súa expedición por medios telemáticos ou informáticos.

En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

Para o caso de que a entidade beneficiaria declare ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar **fotocopia compulsada da resolución de concesión** das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requerirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro y demás responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencions. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancions que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.

BASE 14ª.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONS

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 35/2015 do PAC das AAPP.

De conformidade cos documentos xustificativos achegados, o persoal técnico do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación o desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

BASE 15ª.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, que en relación aos expediente de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

BASE 16ª.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificada.

Antes de proceder ao pago das subvencións, a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable en aqueles supostos previsto no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, noutro caso a acreditación deberá facerse conforme o sistema xeral a través de certificados que prevé o artigo 22 do R.D 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Así mesmo, deberá comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

BASE 17ª.- PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo terceira.**
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento pública recibida nos termos previstos nestas Bases
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguente trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguente redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que aprobou o Regulamento de Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

BASE 18ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

BASE 19ª.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1.O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

2.Tres vocais:

a)Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, que actuará como secretario da comisión.

b)Dous a membros nomeados pola Xunta directiva da entidade.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, que se convocará a petición da entidade solicitante unha vez realizada a convocatoria pública de emprego, conforme á Base 2ª e teña unha proposta de contratación, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- **Realizar as selección de persoal a contratar, conforme a proposta motivada presentada pola entidade e propor as contratacións de persoal a realizar.**
- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

BASE 20ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2017, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 21ª.- PUBLICIDADE.

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido ni artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sin ánimo de lucro" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación según cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

9(115).- PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO – ANO 2017. EXPTE. 7536/224.

Visto o informe de fiscalización do 15/02/17, dáse conta do informe-proposta de data 17/02/17, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, o secretario de Admón. Municipal e a concelleira delegada de Igualdade, que di o seguinte:

A Concelleira delegada de Igualdade, mediante Resolución de data 28.12.2016 ordenou o inicio o expediente administrativo para a aprobación do «Programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero».

Este expediente recolle as bases e a convocatoria específica para a concesión de subvencións directas para mulleres en situación de violencia de xénero, no ano 2017, por un importe máximo de 12.000,00€ con cargo á partida “Bolsas económicas” 2311- 480.00.00 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A violencia contra as mulleres, que aínda existe na nosa sociedade, constitúe a manifestación máis extrema da desigualdade. No período comprendido entre o 01.01.2003 ata o 25.11.2016 máis de 866 mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou exparellas só en España (*fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade*). Por isto, é necesario por parte dos poderes públicos e das Administracións unha intervención firme e contundente para erradicala.

Consciente desta necesidade, o Concello de Vigo veu a desenvolver unha liña de actuación, xa consolidada nos últimos anos, na que é prioritaria a abordaxe do fenómeno da violencia dende diversos dispositivos e programas municipais, entre os que destacaron o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e a Casa de Acollda.

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, obrigaron a introducir cambios que mellorasen tales recursos e que, sobre todo, permitisen facer efectiva esa atención integral ás mulleres que sofren violencia de xénero.

Así, no ano 2009, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, da un paso mais na superación deste problema social, e amplía os recursos municipais destinados ás mulleres maltratadas conformando unha ampla rede municipal de atención e acollemento para este colectivo: Centro de Emerxencia e rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero; ademais de programas de prevención e concienciación cidadá.

O acollemento e a atención integral que comprende aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos non son suficientes para que as mulleres en situación de estar a padecer violencia de xénero logren acadar unha vida autónoma.

A maior parte das usuarias da rede municipal de atención e acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero, son mulleres con cargas familiares en situación económica precaria.

A falta de cualificación profesional, a dependencia económica e afectiva co agresor, a baixa autoestima, a responsabilidade de ter baixo o seu coidado a menores ou persoas dependentes, o medo, e as propias limitacións no mercado de traballo, fan que as posibilidades de resolución autónoma da súa vida sexan enormemente dificultosas. Así, a experiencia acumulada de dúas décadas de traballo, indica a necesidade de que por parte da administración se lles recoñeza o dereito a unha axuda económica temporal que facilite unha vida autónoma, independente e favoreza a ruptura co agresor.

A finalidade desta medida é dotar ás mulleres dunha axuda económica puntual, non periódica, que lles permita afrontar os gastos máis urxentes e básicos no proceso de ruptura e que poderán consistir en: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, axuar e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

Dende a posta en marcha deste programa foron beneficiarias das axudas: 299 mulleres.

No casos extremos de que a muller faleza ou teña lesións físicas ou psíquicas que lle impossibiliten ser beneficiaria, as axudas poderanse destinar a facer fronte principalmente a gastos de alimentación, hixiene ou vivenda para as persoas que convivisen coa vítima e dependesen economicamente dela.

O procedemento de concesión destas axudas, realizarase previa valoración da traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM), ou na súa ausencia por calquera outra técnica do departamento de Igualdade.

Para acadar este fin propónse a aprobación das Bases para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas non periódicas para mulleres vítimas de violencia de xénero no ano 2017, no marco definido na normativa reguladora das subvencións públicas e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, dentro das Bases de execución orzamentaria.

As axudas económicas que se concedan ao abeiro desta convocatoria terán necesariamente carácter temporal e extraordinario para atender situacións concretas derivadas da situación de violencia de xénero valorada e acreditada polo equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo.

No uso das competencias que lle atribúe o Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, a Concelleira de igualdade terá a facultade de conceder as axudas, previa conformidade da xefa do servizo.

A concesión das axudas axustarase no seu conxunto á seguinte partida e importe:

Partida	Importe
"Bolsas económicas" 2311- 480.00.00	12.000,00 €.

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificarase a partida na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo á normativa vixente en materia orzamentaria.

A concesión destas axudas tramitaranse de acordo cos criterios establecidos no presente marco de actuación sometido a aprobación da Xunta de Goberno Local.

No marco de actuación deste programa de axudas tense en conta o apartado 1 da Disposición final terceira da Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia que modifica a Lei Orgánica 1/2004, de medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, introducindo, entre outros aspectos, o recoñecemento ao menor como persoa que é vítima dos delitos de violencia de xénero, quedando redactado o artigo 1 da Lei 1/2004, como sigue: *“Por esta ley se establecen medidas de protección integral cuya finalidad es prevenir, sancionar y erradicar esta violencia y prestar asistencia a las mujeres, a sus hijos menores y a los menores sujetos a su tutela, o guarda y custodia, víctimas de esta violencia”*

As “Bases de execución do orzamento que rexen actualmente”, recollen no punto 2º da base 38ª (*Subvencions*) o procedemento regulamentario específico para a aplicación destas axudas.

O réxime xurídico no que se enmarca este programa de actuación é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencions Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencions de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xullo, así como as Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

Por isto, este expediente establece o marco de actuación para o procedemento aplicable o longo do ano 2017, no marco xurídico definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia. Consta dos obxectivos a clasificación das axudas, requisitos e obrigacións das destinatarias así como as peculiaridades da xestión destas subvencions directas. Contémplanse, igualmente, as contías máximas das axudas directas e a posibilidade de compatibilizalas con outras subvencions.

En relación ó cumprimento dos procedementos para a concesión directa establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia, o presente expediente contempla os principios recollidos no artigo 26.2 da citada Lei.

Ao amparo do artigo 13.2.e) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencions, atendendo á natureza destas axudas, para obter a condición de beneficiaria exceptúase o requisito de acreditar estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Por aplicación do disposto no artigo 20.8 da Lei Xeral de Subvencions que establece que “non serán publicadas as subvencions concedidas cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor, á intimidade persoal ou familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e se prevexa na súa normativa reguladora”, e atendendo ao informe da xefa do servizo de fiscalización de data 12.01.2017, non procede a súa publicación no Portal de Transparencia nin no Portal do SNPS, pero si existirá a obriga de facilitar a in-

formación necesaria á BDNS, tendo a consideración de datos reservados, non de difusión pública, e o seu acceso está restrinxido pola lei.

Atendendo á instrución 1/2014 de Intervención Xeral en relación á aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, este servizo xestor informa de que as actuacións que esta concellería vai realizar baixo este expediente administrativo consisten en actuacións xa establecidas pola concellería de Igualdade en exercicios anteriores e con cargo á mesma partida presupostaría: "*Bolsas económicas*" 2311-480.00.00, tramitando en anos anteriores expedientes similares, sirva como exemplo: 5272/224 do 2012 e 5793/224 de 2013. Polo exposto anteriormente xustifícase a continuidade que require a norma.

Polo exposto, unha vez realizadas as subsanacións indicadas no informe do servizo de Fiscalización de data 12.01.2017, e previo o preceptivo informe xurídico e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local:

"1º. Aprobar o «Programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2017 » que se recollen no Anexo I do expediente 7536/224.

2º Autorizar o gasto por importe de 12.000,00 Euros (doce mil euros) , con cargo á aplicación orzamentaria "*Bolsas económicas*" 2311 480.00.00 do orzamento vixente, para facer fronte aos gastos que orixinan as axudas económicas directas de apoio para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

3º Aprobación do texto da convocatoria do programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero durante o exercicio 2017 e do extracto da mesma, (Anexos II e III) que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, en base o establecido na Resolución de 10 de decembro da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

4º.-Autorizar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 12.000,00 euros, a nome das funcionarias Cristina Gómez García, con DNI número 36.098.882-Z, xefa do servizo de Igualdade e Amalia Mª Gándara Fernández, con DNI número 36.107.637Y, traballadora social adscrita ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, para facer efectivo os anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS DE APOIO PARA MULLERES VÍTI-MAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2017

BASES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia contra as mulleres, que aínda existe na nosa sociedade, constitúe a manifestación máis extrema da desigualdade. No período comprendido entre o 01.01.2003 ata o 25.11.2016 máis de 866 mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou exparellas só en España (*fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade*). Por isto, é necesario por parte dos poderes públicos e das Administracións unha intervención firme e contundente para erradicala.

Consciente desta necesidade, o Concello de Vigo veu a desenvolver unha liña de actuación, xa consolidada nos últimos anos, na que é prioritaria a abordaxe do fenómeno da violencia dende diversos dispositivos e programas municipais, entre os que destacaron o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e a Casa de Acollida.

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, obrigaron a introducir cambios que mellorasen tales recursos e que, sobre todo, permitisen facer efectiva esa atención integral ás mulleres que sofren violencia de xénero.

Así, no ano 2009, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, da un paso mais na superación deste problema social, e amplía os recursos municipais destinados ás mulleres maltratadas conformando unha ampla rede municipal de atención e acollemento para este colectivo: Centro de Emerxencia e rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero; ademais de programas de prevención e concienciación cidadá.

O acollemento e a atención integral que comprende aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos non son suficientes para que as mulleres en situación de estar a padecer violencia de xénero logren acadar unha vida autónoma.

A maior parte das usuarias da rede municipal de atención e acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero, son mulleres con cargas familiares en situación económica precaria.

A falta de cualificación profesional, a dependencia económica e afectiva co agresor, a baixa autoestima, a responsabilidade de ter baixo o seu coidado a menores ou persoas dependentes, o medo, e as propias limitacións no mercado de traballo, fan que as posibilidades de resolución autónoma da súa vida sexan enormemente dificultosas. Así, a experiencia acumulada de dúas décadas de traballo, indica a necesidade de que por parte da administración se lles recoñeza o dereito a unha axuda económica temporal que facilite unha vida autónoma, independente e favoreza a ruptura co agresor.

A finalidade desta medida é dotar ás mulleres dunha axuda económica temporal, non periódica, que lles permita afrontar os gastos máis urxentes e básicos no proceso de ruptura e que poderán consistir en: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, axuar e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

Dende a posta en marcha deste programa foron beneficiarias das axudas: 299 mulleres.

No casos extremos de que a muller faleza ou teña lesións físicas ou psíquicas que lle impossibiliten ser beneficiaria, as axudas se poderán destinar a facer fronte principalmente a gastos de alimentación, hixiene ou vivenda para as persoas que convivisen coa vítima e dependesen economicamente dela.

Correspóndelle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo, ou profesional da Concellería de Igualdade competente en cada caso, informar, asesorar, e orientar ás mulleres interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc, deste réxime de axudas, así como de realizar a valoración profesional, acreditación de situación de violencia de xénero e a proposta de concesión.

Para acadar este fin propónse a aprobación das Bases para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas non periódicas para mulleres vítimas de violencia de xénero no ano 2017, no marco definido na normativa reguladora das subvencións públicas e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, dentro das Bases de execución orzamentaria.

En relación o cumprimento dos procedementos para a concesión directa establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente contempla os principios recollidos no artigo 26.2 da citada Lei.

As axudas económicas que se concedan ao abeiro desta convocatoria terán necesariamente carácter temporal e non periódico, para atender situacións concretas derivadas da situación de violencia de xénero valorada e acreditada polo equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo.

No uso das competencias que lle atribúe o Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, a Concelleira de igualdade terá a facultade de conceder as axudas, previa conformidade da xefa do servizo.

A concesión das axudas axustarase no seu conxunto á seguinte partida e importe:

Partida	Importe
"Bolsas económicas" 2311- 480.00.00	12.000,00 €.

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificarase a partida na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo á legalidade vixente en materia orzamentaria.

No marco de actuación deste programa de axudas tense en conta o apartado 1 da Disposición final terceira da Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia que modifica a Lei Orgánica 1/2004, de medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, introducindo, entre outros aspectos, o recoñecemento ao menor como persoa que é vítima dos delitos de violencia de xénero, quedando redactado o artigo 1 da Lei 1/2004, como sigue: "*Por esta ley se establecen medidas de protección integral cuya finalidad es prevenir, sancionar y erradicar esta violencia y prestar asistencia a las mujeres, a sus hijos menores y a los menores sujetos a su tutela, o guarda y custodia, víctimas de esta violencia*"

O réxime xurídico no que se enmarca este programa de actuación é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xullo, así como as Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

Por isto, este expediente establece o marco de actuación para o procedemento aplicable o longo do ano 2017, no marco xurídico definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Consta dos obxectivos a clasificación das axudas, requisitos e obrigacións das destinatarias así como as peculiaridades da xestión destas subvencións directas. Contéplanse, igualmente, as contías máximas das axudas directas e a posibilidade de compatibilizalas con outras subvencións.

En relación ó cumprimento dos procedementos para a concesión directa establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente contempla os principios recollidos no artigo 26.2 da citada Lei.

Ao amparo do artigo 13.2.e) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, atendendo á natureza destas axudas, para obter a condición de beneficiaria exceptúase o requisito de acreditar estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas non periódicas para mulleres vítimas de violencia de xénero, e en aplicación do previsto sobre o particular nos artigos 18.3.d) da Lei 38/2003, 30 do RD 887/2006 e 15.2 d) da Lei 9/2007, non será precisa a publicación da concesión, toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Esta restrición aplícase tamén ó Portal da Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións” (SNPS). Con todo, deberá facilitarse a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) tendo a consideración de datos reservados.

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto

Estas bases teñen por obxecto fixar os criterios e regulamentar o procedemento aplicable para o outorgamento das axudas directas de carácter non periódico para mulleres vítimas de violencia de xénero para o ano 2017.

SEGUNDA.- Finalidade das axudas

A finalidade destas axudas é a de apoiar ás mulleres en situación acreditada de violencia de xénero para afrontar unhas necesidades derivadas principalmente da violencia de xénero no proceso de ruptura co agresor e sempre que, a xuízo dos servizos municipais de atención á muller, non poidan ser cubertas pola beneficiaria.

O programa diríxese ás mulleres vítimas de violencia de xénero, usuarias dos dispositivos municipais de atencións as mulleres do Concello de Vigo.

No casos extremos en que a muller faleza ou teña lesións físicas ou psíquicas que lle imposibiliten ser beneficiaria, as axudas se poderán destinar a facer fronte principalmente a gastos de alimentación, hixiene ou vivenda para as persoas que convivisen coa vítima e dependesen economicamente dela.

Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas, e poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, axuar e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

TERCEIRA.- Beneficiarias

a) Mulleres vítimas de violencia de xénero que estean a tratamento nos dispositivos específicos de atención ás mulleres do Concello de Vigo: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Centro de Emerxencia e/ou Rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

b) No caso de que a muller padeza lesións psíquicas ou físicas que imposibiliten a recepción da axuda, está poderase conceder a algún membro/a da súa familia.

c) No caso extremo de que a muller faleza, con carácter excepcional poderase conceder a axuda económica ás persoas que conviviran coa vítima e dependesen economicamente dos seus ingresos, coordinando o caso cos servizos sociais de atención primaria. Cando sexan fillos e fillas menores de idade, os que convivisen coa nai, o beneficiario/a da axuda será a persoa adulta que se responsabilice do/s menores.

As circunstancias descritas nos apartados b) e c) deberán acreditarse no informe técnico da proposta da axuda.

CUARTA.- Requisitos

Os requisitos para acceder a estas axudas son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada

2º.- Ter acreditada a situación de vítima de violencia de xénero por parte do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo

3º.-Residir no termo municipal de Vigo

4º.- Non dispoñer de ingresos económicos suficientes para afrontar os gastos derivados da súa solicitude, a valoración da traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

5º.- Ter debidamente xustificadas as axudas concedidas con anterioridade

6º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa da situación de necesidade e da situación de Violencia de Xénero que solicite o equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller ou ben, autorizar ó Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) para obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Tendo en conta a natureza destas axudas, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 da LXS (Lei 38/2003), exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiaria.

QUINTA.- Crédito orzamentario

A cantidade máxima destinada a este programa será 12.000,00 euros (doce mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria “Bolsas económicas” 2311.480.00.00 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificarase a partida na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo á normativa vixente en materia orzamentaria.

SEXTA.- Contía das axudas e procedemento de concesión e valoración

O procedemento de concesión destas axudas iniciarase de oficio ou por instancia da persoa interesada presentada no Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Correspóndelle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo, ou profesional da Concellería de Igualdade competente en cada caso, informar, asesorar, e orientar ás mulleres interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc, deste réxime de axudas, así como de realizar a valoración profesional, acreditación de situación de violencia de xénero e a proposta de concesión.

No informe social emitido deberá quedar acreditada as limitacións económicas que ten a beneficiaria para facer fronte aos devanditos gastos así como a urxencia e a imposibilidade de que as necesidades reflectidas no informe sexan atendidas polos servizos sociais de atención primaria ou por outras Administracións Públicas.

Esta axuda é compatible con outras axudas de carácter público e/ou privado.

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 €/ano, agás causas urxentes debidamente xustificadas. O pago da axuda concedida poderase realizar en pagos fraccionados atendendo á valoración realizada polos servizos municipais de atención ás mulleres. A Concelleira delegada de igualdade será quen teña a facultade para resolver sobre a aprobación ou denegación destas axudas.

Unha vez concedida a axuda, a beneficiaria deberá asinar o recibín e disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da mesma para presentar a xustificación perante a traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado. A traballadora social comprobará que queda xustificado o gasto e a finalidade da axuda concedida.

SÉTIMA.- Gastos subvencionables

As axudas concedidas con cargo a este programa teñen carácter temporal, non periódicas, para abordar aspectos concretos derivados da situación de violencia de xénero, situación acreditada e valorada polas profesionais do equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo.

Estas axudas poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, axuar e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

A concesión dunha destas axudas non da dereito por si mesmo á concesión doutra polo mesmo concepto. Tampouco poderán ser invocadas como precedente.

OITAVA.- Presentación de solicitude e prazo

As interesadas poderán presentar as súas solicitudes de axudas a través do Rexistro Xeral municipal, ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Presentaranse no modelo oficial (Anexo I-A) debidamente cumprimentadas e asinadas pola solicitante. Atenderanse solicitudes desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e ata o día 22.12.2017.

NOVENA.- Solicitude de fondos

A Concellería de Igualdade solicitará o correspondente expediente de gastos a xustificar para a execución destas axudas, que se farán efectivas na conta restrinxida da Tesourería municipal con cargo á aplicación orzamentaria núm. 2311.480.00.00 do orzamento vixente.

DÉCIMA.- Obrigas das persoas beneficiarias

1. Aplicar a axuda á finalidade para a que foi concedida.
2. Permitir e facilitar o labor do persoal designado para comprobar a situación económica e familiar da posible beneficiaria.
3. Comunicar os cambios que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da prestación.
4. Reintegrar o importe da prestación indebidamente percibida ou en contía indebida.
5. Cumprir as condicións e obrigas específicas determinadas polas profesionais do equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.
6. Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida no prazo indicado para tal efecto.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Publicidade das axudas concedidas

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas non periódicas para mulleres vítimas de violencia de xénero, e en aplicación do previsto sobre o particular nos artigos 18.3.d) da Lei 38/2003, 30 do RD 887/2006 e 15.2 d) da Lei 9/2007, non será precisa a publicación da concesión, toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Esta restrición aplícase tamén ó Portal da Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións” (SNPS). Con todo, deberá facilitarse a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) tendo a consideración de datos reservados.

DÉCIMO SEGUNDA.- Xustificación das axudas

a) Lugar: as beneficiarias xustificarán as axudas concedidas presentando perante a traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM) a documentación que se indica no seguinte apartado.

b) Documentación: as axudas concedidas quedarán xustificadas coa presentación do DNI, ou outro documento oficial de identidade, unha declaración asinada pola beneficiaria confor-

me recibiu a axuda económica e as facturas ou comprobantes do gasto efectuado. No caso de que a axuda fose concedida para cubrir gastos de necesidades básicas ,como poden ser, os cartos de peto ou manutención, os documentos acreditativos dos gastos realizados quedarán baixo a custodia da traballadora social do CMIDM, podendo ser consultados pola Intervención Xeral.

c) Prazo: a beneficiaria disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da axuda para presentar a xustificación perante a traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado. A traballadora social comprobará que queda xustificado o gasto e a finalidade da axuda concedida.

DÉCIMO TERCEIRA.- Departamento responsable

Concellería de Igualdade: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller en coordinación co Servizo de Igualdade do Concello de Vigo

DÉCIMO CUARTA.- Avaliación e seguimento


O seguimento da utilización e destino das axudas corresponderalle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller .

No expediente deberá incluírse a proposta-fundamentada da axuda e a contía concedida de cada muller beneficiaria desta axuda.

Co obxecto de realizar o seguimento e axustar a medida, elaborárase unha memoria anual que reflecta cando menos:

- número de beneficiarias
- finalidade da axuda
- importe das axudas concedidas
- seguimento do destino das axudas
- número de solicitudes denegadas
- motivo de denegación de solicitudes

ANEXO I-A

 <p>Concello de Vigo C.I.F. P3605700H Praza do Rei 1 - 36202 Tel: 986 810 100</p>	<p>IMPRESO DE SOLICITUDE</p> <p>PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS DIRECTAS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO ANO 2017</p> <p>CONCELLERÍA DE IGUALDADE</p>	<p>registro Selo</p>
--	--	----------------------

SEÑOR/A ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE VIGO

SOLICITANTE	* DNI ou CIF	* Nome e apelidos				* Teléfono 1		Teléfono 2		
	ENDEREZO FISCAL									
	* Nome da rúa, praza, etc				* Núme-ro	Portal	Escalera	* Piso	* Porta	* Cód. Postal
	Parroquia	* Municipio	* Data nacemento	* País nacemento		Correo electrónico				

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN									
Nome da rúa, praza, etc				Número	Portal	Escalera	Piso	Porta	Cód. Postal
Parroquia	Municipio	Provincia		Correo electrónico					

REPRESENTANTE	DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social				Teléfono 1		Teléfono 2		
	Nome da rúa, praza, etc				Número	Portal	Escalera	Piso	Porta	Cód. Postal
	Parroquia	Municipio	Provincia		Correo electrónico					

*Campos que se deben cubrir obrigatoriamente.

SOLICITA:

<p>Unha axuda económica con cargo ao PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO (ano 2017) da Concellería de Igualdade, para:</p> <p>.....(indicar concepto e importe solicitado).</p> <p>Para o que achega a seguinte documentación:.....</p>	<input type="checkbox"/> Mensaxe (SMS) ao móbil: <input type="checkbox"/> Correo electrónico.
<p>Pode consultar o estado da súa solicitude accedendo a Oficina Virtual do Concello na web www.vigo.org. Tamén pode recibir información adicional indicando o método desexado:</p>	

DECLARA:

1º Que coñece e acepta as bases do “Programa municipal de axudas directas para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2017” da Concellería de Igualdade.

2º Que non esta incurso nas prohibicións legais para ser beneficiaria de subvencións públicas e que os datos que figuran nesta solicitude son certos.

As persoas que de seguido se relacionan autorizan ao Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) a obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación desta solicitude , de acordo coas Bases do programa.

Nome e apelidos	nº DNI/ NIE/ Pasaporte	Sinatura

(Firma da solicitante)

Vigo, dede 2017

En cumprimento do artigo 5 da Lei Orgánica de Protección de Datos, que regula o dereito de información na recollida de datos, infórmase ás persoas interesadas que os datos persoais solicitados neste formulario son incorporados e tratados nun ficheiro automatizado de nome "Expedientes", cuxa finalidade é a xestión dos procedementos administrativos do Concello de Vigo. Vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose á oficina de Información/Rexistro do Concello de Vigo, onde lle indicarán o procedemento a seguir.

ANEXO II

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS DIRECTAS PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2017

Bases reguladoras

As Bases reguladoras do «Programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2017, aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº..... de data

Crédito orzamentario

A cantidade máxima destinada a este programa será 12.000,00 euros (doce mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria "Bolsas económicas" 2311.480.00.00 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Obxecto e finalidade

A finalidade destas axudas é a de apoiar ás mulleres en situación de violencia de xénero para afrontar unhas necesidades derivadas principalmente da violencia de xénero no proceso de ruptura co agresor e sempre que non poidan ser cubertas pola beneficiaria. Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas.

Destinatarias

O programa diríxese ás mulleres vítimas de violencia de xénero, usuarias dos dispositivos municipais de atención ás mulleres do Concello de Vigo.

Gastos subvencionables

As axudas concedidas poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, axuar e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

Requisitos

Os requisitos para acceder a estas axudas son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada

2º.- Ter acreditada a situación de vítima de violencia de xénero por parte do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo

3º.-Residir no termo municipal de Vigo

4º.- Non dispoñer de ingresos económicos suficientes para afrontar os gastos derivados da súa solicitude, a valoración da traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

5º.- Ter debidamente xustificadas as axudas concedidas con anterioridade

6º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa da situación de necesidade e da situación de Violencia de Xénero que solicite o equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller ou ben, autorizar ó Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) para obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Contía das axudas

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 €/ano, agás causas urxentes debidamente xustificadas. O pago da axuda concedida poderase realizar en pagos fraccionados atendendo á valoración realizada polos servizos municipais de atención ás mulleres.

Presentación de solicitudes e prazo

As interesadas deberán presentar as súas solicitudes de axudas a través do Rexistro Xeral municipal, ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Presentaranse no modelo oficial (Anexo I-A) debidamente cumprimentadas e asinadas pola solicitante.

O prazo de presentación comezará o día seguinte da publicación oficial do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* e finalizará o 22 de decembro de 2017.

Publicidade

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas non periódicas para mulleres vítimas de violencia de xénero, e en aplicación do previsto sobre o particular nos artigos 18.3.d) da Lei 38/2003, 30 do RD 887/2006 e 15.2 d) da Lei 9/2007, non será precisa a publicación da concesión, toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Esta restrición aplícase tamén ó Portal da Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións” (SNPS). Con todo, deberá facilitarse a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) tendo a consideración de datos reservados.

ANEXO III

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data , polo que se aproba a convocatoria do «PROGRAMA DE AXUDAS DIRECTAS PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2017»

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/dbnstrans/index>)”:

PRIMEIRA.- BENEFICIARIAS

O programa diríxese ás mulleres vítimas de violencia de xénero, usuarias dos dispositivos municipais de atención ás mulleres do Concello de Vigo.

SEGUNDA.- OBXECTO E FINALIDADE

A finalidade destas axudas é a de apoiar ás mulleres en situación de violencia de xénero para afrontar unhas necesidades derivadas principalmente da violencia de xénero no proceso de ruptura co agresor e sempre que non poidan ser cubertas pola beneficiaria.

TERCEIRA.- CONTÍA DAS AXUDAS

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 €, agás causas urxentes debidamente xustificadas. Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas.

CUARTA.- CRÉDITO E APLICACIÓN PRESUPOSTARIA

A cantidade máxima destinada a este programa será 12.000,00 euros (doce mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria “*Bolsas económicas*” 2311.480.00.00 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte da publicación oficial deste extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* e finalizará o 22 de decembro de 2017.

SEXTA.- BASES REGULADORAS

As Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BO-PPO), remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma. Así mesmo, publicaranse no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo.

10(116).- CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL, IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO F-00473-C-008. EXPTE. 7575/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 17/02/17, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, o secretario de Admón. Municipal e pola concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte:

Con data 4 de febreiro de 2009 a Xunta de Galicia, resolve conceder ao Concello de Vigo a autorización de inicio de actividades para tres vivendas de propiedade municipal co obxecto de poder destinalas ao acollemento temporal para mulleres vítimas de violencia de xénero,

baixo a tipoloxía de “Vivendas tuteladas” ordenando a anotación destas autorizacións no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais cos seguintes números de identificación: F-00473-C-006, F-00473-C-007, e F-00473-C-008.

O día 14 de febreiro de 2017 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con DNI num. 76821975 C, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada de seu fillo menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valora necesario que se aprobe a ocupación provisional da vivenda identificada co número F-00473-C-008, co obxecto de que a usuaria identificada con DNI num. 76821975 C e o seu fillo, a ocupen por un período de 6 meses, a contar desde o 24/02/2017 (ou data posterior fixada polo para o ingreso polo equipo municipal), transcurridos os cales deberán abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.

Durante o período de permanencia na vivenda municipal a unidade familiar recibirá apoio profesional por parte da educadora de apoio asignada e polo equipo multidisciplinar adscrito á concellería de Igualdade.

Por todo o exposto, se propón á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar a cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número F-00473-C-008 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 7575-224, por un período de 6 meses, transcurridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(117).- REVISIÓN ORDINARIA DO PREZO DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONTENERIZACIÓN, RECOLLIDA E TRANSPORTE A RECICLADORES AUTORIZADOS DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS RECICLABLES, DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6455/252.

Visto o informe de fiscalización do 8/02/17, dáse conta do informe-proposta de data 1/02/17, asinado polo xefe do servizo de Limpeza, conformado polo xefe do servizo xurídico-Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Limpeza e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

- i. A entidade mercantil, "Fomento de Construcciones y Contratas, S.A., e Contener España, S.L., U.T.E. (ley 18/1982 de 26 de maio)" en diante "VIGO RECICLA UTE", a medio do escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data 25 de xaneiro do 2017, Doc.: 170009766, como adxudicataria do concurso convocado para a Concesión do Servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos Residuos Sólidos Urbans reciclables da Cidade de Vigo, **solicitou a décimo segunda revisión ordinaria do prezo do contrato que terá efectos na anualidade comprendida entre o 1 de outubro de 2015 e o 30 de setembro de 2016.**
- ii. En data 21 de decembro do ano 2002 o Pleno do Concello de Vigo aprobou os Pregos de condicións para o contrato. Abriuse polo tanto o prazo de presentación de ofertas que rematou en marzo do ano 2003.
- iii. En data 1 de agosto do 2003, o Pleno do Concello de Vigo acordou adxudicar o contrato de concesión do Servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos Residuos Sólidos Urbans reciclables da Cidade de Vigo á mercantil VIGO RECICLA U.T.E.
- iv. En data 29 de setembro do 2003 asinouse o contrato entre a Concesionaria e o Concello de Vigo, iniciándose a prestación do servizo o día 1 de outubro seguinte, rematando este o día 31 de marzo do ano 2017 e por un importe anual de 1.770.331,01 euros (ive 7% engadido) naquel momento.
- v. En data 5 de setembro do 2005, a Xunta de Goberno Local aprobou a primeira revisión ordinaria do prezo do contrato, por importe de 1.822.702,61€ anuais para o período do 1 de xaneiro do 2005 ao 31 de decembro do mesmo ano.
- vi. En data 12 de xuño do 2007, a Xunta de Goberno Local aprobou a segunda revisión ordinaria do prezo do contrato, por importe de 1.902.094,74€ anuais para o período do 1 de outubro do 2005 ao 30 de setembro do ano 2006.
- vii. En data 4 de decembro do 2009, a XGL aprobou a terceira e cuarta revisións ordinarias do prezo do contrato, cuns coeficientes de revisión $K_{2006}=1,1718$ para o período 1/10/2006 a 30/09/2007, e $K_{2007}=1,230$ para o período 1/10/2007 a 30/09/2008.
- viii. En data 1 de xullo do 2010 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 7% ao 8%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
- ix. En data 23/12/2010 a XGL aprobou a quinta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2008}=1,2414$, e con efectos no período 1 de outubro do 2008 ao 30 de setembro do 2009.
- x. En data 14/10/2011 a XGL aprobou a sexta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2009}=1,2724$, resultando un prezo total de 2.075.144,03€/ano ive 7% engadido, para o período 1 de outubro do 2009 ao 30 de setembro do 2010 (2.094.537,90€/ano ive 8% engadido).
- xi. En data 27/04/2012 a Xunta de Goberno Local aprobou a renovación de medios materiais e maquinaria adscritos á concesión, cunha inversión de 2.823.217,50 euros. A recuperación do capital invertido e o seu financiamento autorizouse mediante a facturación mensual de cuotas fixas xiradas ao Concello de Vigo a partir do mes seguinte ao da efectiva incorporación dos vehículos.
- xii. En data 1 de setembro do 2012 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 8% ao 10%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.

- xiii. En data 21/12/2012 a XGL aprobou a sétima revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2010}=1,3315$ para o período 1/10/2010 a 30/09/2011, do que resultou un prezo do contrato de 2.200.165,80€/ano (IVE 10% engadido).
- xiv. En data 23 de abril do 2013 asinouse o acta de recepción constatando a efectiva incorporación ao servizo de todos os vehículos renovados, conforme ao disposto por acordo da XGL de 27 de abril do 2012.
- xv. En data 10/10/2014 a XGL acordou aprobar a nova cuota de amortización máis financiamento para a inversión realizada pola empresa na renovación dos medios materiais e maquinaria, con efectos dende o 1 de decembro do ano 2013 e ata o final do contrato (40 mensualidades), por importe de 535.427,53€/ano (sen iva). Este novo importe, modifica o termo da amortización máis o financiamento que se inclúe no cánon anual, pasando a ser de 684.543,90 euros, dos que 535.427,53€ son polos novos medios incorporados e 149.116,37€ polos medios non renovados que se amortizan a 13,5 anos dende o inicio do contrato.
- xvi. En data 8/05/2015 a XGL aprobou a oitava revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2011}=1,3904$ para o período 1/10/2011 a 30/09/2012. Desta revisión resultou un prezo actualizado do contrato para o ano 2015 de 2.325.495,01€/ano (IVE 10% engadido).
- xvii. En data 9/05/2015 a XGL aprobou a novena revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2012}=1,4278$ para o período 1/10/2012 a 30/09/2013, do que resultou un prezo do contrato de 2.309.077,93 €/ano (IVE 10% engadido).
- xviii. En data 20/11/2015 a XGL aprobou a décima revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2013}=1,4318$ para o período 1/10/2013 a 30/09/2014, do que resultou un prezo do contrato de 2.372.317,05 €/ano (IVE 10% engadido), incluíndo xa a nova cuota de Amortización máis Financiamento da inversión nos novos vehículos e medios materiais renovados, que foran aprobados por acordo da XGL de 27/04/2012.
- xix. En data 23/09/2016 a XGL aprobou a décimo primeira revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2014}=1,4199$ para o período 1/10/2014 a 30/09/2015, do que resultou un prezo do contrato de 2.358.858,54 €/ano (IVE 10% engadido).

2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.
- Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexeu o procedemento de contratación.

A posibilidade de revisión de prezos do contrato aparece recollida na cláusula VII do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron o concurso, e que indica o teor literal que a continuación se transcribe:

a) *Revisión Ordinaria:*

O prezo contractual será obxecto de revisión anual conforme á seguinte fórmula:

$$\text{Prezo actualizado} = [(Po - \text{Amortización}) K + \text{Amortización}] \cdot T$$

Na que:

- *Po = Prezo inicial do contrato IVE excluído.*
- *T = Índice multiplicador que recolle o tipo impositivo do IVE aplicable á operación.*
- *K = A (Mt/Mo) + B (Gt/Go) + C (Rt/Ro)*

A, B e C son coeficientes ponderados de participación (expresados en centésimas), relativos á incidencia porcentual de cada un dos índices correspondentes ós capitulos de persoal (A), combustibles e lubricantes (B) e outros gastos fixos anuais (C).

O concepto Amortización defínese como o “valor do termo constante da renda inmediata post- pagable necesaria para amortiza-lo capital invertido - obxecto de reversión- en “n” períodos de tempo, o tanto unitario “i”, en base a pagamentos mensuais”.

O tanto unitario “i” será o EURIBOR a un ano (ou inmediato prazo inferior) ou índice que o substitúa o día que se publique o anuncio de licitación no BOE, máis una marxe de 1 punto porcentual ou menor diferencial que poidan ofrece-los licitadores nas súas propostas económicas.

O referido termo representativo da amortización dos investimentos non será obxecto de revisión automática a través da fórmula polinómica; sen embargo si se considerará no prezo do contrato o maior ou menor custo que poida supoñer para o concesionario a renovación do material móbil unha vez transcorrido o seu período de vida útil, así como a corrección que proceda en función do tipo de referencia MIBOR que sexa de aplicación aumentando ou diminuíndo a referida cota constante segundo o cadro de amortizacións que para o efecto se elabore.

As diferencias positivas ou negativas entre ámbalas dúas anualidades dará lugar a unha diminución ou aumento do contrato, que terá o seu devengo o día seguinte da entrada en funcionamento dos novos equipos e repercutirase na facturación do mes inmediato posterior á incorporación dos mesmos.

No cálculo da anualidade de amortización para a renovación dos medios técnicos, terase sempre en conta o valor residual obtido pola concesionaria no alleamento dos equipos, que será descontado do novo prezo de adquisición.

Os coeficientes de ponderación entenderanse sometidos á seguinte restrición: $A+B+C = 1$ e deberán ser determinados polos licitadores nas súas propostas económicas.

M_t/M_o = Índice Xeral correspondente ó incremento real dos custos de persoal obtidos segundo as seguintes expresións $M_t/M_o = Cpn(t) / Cpn(o)$ sendo "Cpn" o custe medio real para a categoría de peón-noite, segundo convenio colectivo nos anos "t" de revisión e "o" do ano que rematou o prazo de presentación de proposicións. A variación anual deste índice non poderá ser superior á que experimente o IPC incrementado en 1,5 puntos.

G_t = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano de revisión (t).

G_o = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano da licitación (o) (0,694 €/l).

R_t = Outros gastos, no momento da revisión, calculado por aplicación do IPC nacional correspondente ó mes no que se realiza a revisión.

R_o = outros gastos, no momento da adxudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ó mes no que finalice o prazo de presentación de propostas.

Este sistema de revisión aplicarase ó contrato adxudicado, así como as posibles ampliacións que poidan producirse durante vixencia deste.

A primeira revisión ordinaria de prezos terá lugar cando transcorra un ano do contrato, a partir do mes de xaneiro do ano seguinte ó do inicio do contrato.

Visto o anterior e dado que xa se teñen aprobadas once revisións ordinarias do prezo do contrato previas a esta solicitude, a última con efectos dende o 1 de outubro do 2014 ao 30 de setembro de 2015, procede neste momento tramitar a décimo segunda revisión que conforme ao Prego de Condicións se determina mediante a fórmula:

$$\text{Prezo actualizado} = [(\text{Prezo a orixe} - \text{Amortización}) \cdot K_t + \text{Amortización}] \cdot T$$

$$\text{donde} \quad K_t = A \cdot \frac{M_t}{M_o} + B \cdot \frac{G_t}{G_o} + C \cdot \frac{R_t}{R_o}$$

Os valores dos coeficientes de ponderación fixados polo adxudicatario na súa oferta son:

$$A=0,48; B=0,08; C=0,44$$

3.- DETERMINACIÓN DO COEFICIENTE DE REVISIÓN (Kt)

Para o cálculo do coeficiente de revisión K_i que corresponde neste momento [$K_{2015}=0,48 \cdot (Mt/Mo)+0,08 \cdot (Gt/Go)+0,44 \cdot (Rt/Ro)$], determinaránse en primeiro lugar cada un dos compoñentes dos seus sumandos, do xeito que se expón a continuación:

a) Mt/MO

Tal como indica o prego, este compoñente da fórmula de revisión corresponde ao incremento real dos custos de persoal obtidos segundo a seguinte expresión: $Mt/Mo = Cpn(2003)/Cpn(2015/2016)$, sendo $Cpn(2003)$ o custe de persoal para a categoría peón na quenda de noite no ano en que remata o prazo para presentación de ofertas (marzo do ano 2003), cuxo importe é de 15.829,65 euros, e o Cpn o custe para a mesma categoría no ano de revisión que comprende o período outubro a decembro do 2015 e xaneiro a setembro do 2016.

Para a obtención do Cpn no ano de revisión, dado que dito período contén parte do custe dese concepto de dúas anualidades “naturais” diferentes (anos 2015 e 2016), deberase obter un custe medio nese intervalo, este custe medio obterase aplicando ao custe do concepto a revisar, $Cpn(2003)$ ano “orixen”, o incremento acumulado do IPC, dende o ano de adxudicación, ata decembro de 2015 e decembro de 2016 respectivamente, mais 1,5 puntos porcentuais como máximo, obtendo desta forma un custe anual (CPN) para cada un dos anos. Posteriormente, e segundo o número de mensualidades de cada un dos anos que comprende o período de revisión (3 mensualidades do ano 2015 e 9 mensualidades do ano 2016), obterase o custe medio que se utilizará para calcular o incremento producido con respecto ao custe peón no ano de finalización de presentación de ofertas.

O feito de que se aplique o incremento do IPC ata o mes de decembro de cada un dos anos que comprende o período de revisión, obedece a que tal como se recolle no PCA que rexeu a contratación, a comparación entre custes deste concepto Cpn , realizarase entre o custe a orixe e o custe do período de revisión, e este custe obtense, tal como se recolle no Convenio colectivo da empresa, por aplicación do IPC “real do ano”, ao custe da anualidade anterior. Como vemos é o “IPC real” do ano en cuestión o que se aplica para obter o custe salarial, e non o IPC das doce mensualidades inmediatamente anteriores, tal como sucede en outros contratos.

Tomando o ano 2003 como custe inicial ($M_0=100,00$), calcúlanse os incrementos:

- Ano de referencia 2003: 100%	
- Incremento dec 2003/2004 + 1,5 puntos : 4,7 % incremento acumulado	1,0470
- Incremento dec 2004/2005 + 1,5 puntos: 5,2 % incremento acumulado	1,1014
- Incremento dec 2005/2006 + 1,5 puntos: 4,2% incremento acumulado	1,1477
- Incremento dec 2006/2007 + 1,5 puntos: 5,7 % incremento acumulado	1,2131
- Incremento dec 2007/2008 + 1,5 puntos: 2,9 % incremento acumulado	1,2483
- Incremento dec 2008/2009 + 1,5 puntos: 2,3% incremento acumulado	1,2770
- Incremento dec 2009/2010 + 1,5 puntos: 4,5% incremento acumulado	1,3345
- Incremento dec 2010/2011 + 1,5 puntos: 3,9% incremento acumulado	1,3865
- Incremento dec 2011/2012 + 1,5 puntos: 4,4% incremento acumulado	1,4475
- Incremento dec 2012/2013 + 1,5 puntos: 1,8% incremento acumulado	1,4736
- Incremento dec 2013/2014 + 1,5 puntos: 0,5% incremento acumulado	1,4810
- Incremento dec 2014/2015 + 1,5 puntos: 1,5% incremento acumulado	1,5032
- Incremento dec 2015/2016 + 1,5 puntos: 3,1% incremento acumulado	1,5498

Custe peón noite (convenio) entre outubro- decembro de 2015 (3 meses):

$$15.829,65 \times 1,5032 \cdot 3/12 = 5.948,67 \text{ euros.}$$

Custe peón noite (convenio) xaneiro- setembro 2016 (9 meses):

$$15.829,65 \times 1,5498 \cdot 9/12 = 18.399,23 \text{ euros.}$$

Custe medio peón para o periodo de revisión (outubro 2015/ setembro 2016) sería:

$$\text{Cpn} = 5.948,67 + 18.399,23 = 24.347,90 \text{ euros anuais.}$$

Se este custe medio calculado (24.347,90) o dividimos polo custe para a mesma categoría no ano orixen (ano 2003), cuxo importe era de 15.829,65 euros, o compoñente da fórmula $\text{Cpn} (2003)/\text{Cpn} (2015/2016)$ resulta:

$$\text{Mt/M0} = \mathbf{1,5381} \quad (24.347,90 / 15.829,65)$$

Procede neste intre realizar unha comprobación para verificar que o custe así calculado é igual ou inferior ao custe real soportado pola concesionaria, dado que o incremento $\text{IPC}+1,5\%$ é o máximo permitido polo prego, pero o custe real podería ser inferior polo que a revisión debería contemplar tal circunstancia.

O custe actual do peón noite por aplicación dos sucesivos convenios colectivos en vigor ascende a 28.407,38€, o que representa un 79,46% sobre o inicial, mentras que o límite do $\text{IPC}+1,5$ está no 54,98% desde a orixe. Como se aprecia, o incremento revisado é inferior ao soportado pola empresa o que demostra que a subida salarial dos traballadores non é inferior ao límite contractual. Nestas circunstancias é correcto revisar o prezo do contrato polo máximo marxe anual permitido no prego (1,5%), no referente ao incremento dos custes de persoal.

b) Gt/Go

Go corresponde ao incremento do custe medio ponderado do combustible para o ano de licitación (2003), cuxo valor é 0,694€/lit conforme ao prego de condicións, e Gt ao custe medio ponderado do combustible para o ano de revisión (2015/2016).

Obtense este valor do prezo medio mensual do combustible publicado polo Ministerio de Industria de xeito que:

Mes	Precio mes
Outubro 2015	1,0631
Novembro 2015	1,0592
Decembro 2015	0,9949
Xaneiro 2016	0,9338
Febreiro 2016	0,9270
Marzo 2016	0,9710
Abril 2016	0,9760
Maiο 2016	1,0235
Xuño 2016	1,0526
Xullo 2016	1,0322
Agosto 2016	1,0166
Setembro 2016	1,0290

MEDIA= **1,0066**

polo tanto o valor do coeficiente resulta:

$$\mathbf{G_t/G_o = 1,4504} \quad (1,0066 / 0,694)$$

c) R_t/R_o

R_t son outros gastos no momento de revisión, calculados por aplicación do IPC nacional correspondente ao mes no que se realiza a revisión, e R_o outros gastos no momento da adxudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ao mes no que finalice o prazo de presentación de proposicións (marzo do 2003).

Da páxina oficial do Instituto Nacional de Estatística obtemos a variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2011 dende Marzo de 2003 ata setembro do 2015, igual a 27,8%

$$\mathbf{R_t/R_o = 1,278.}$$

d) Determinación do coeficiente de revisión (K_{2015}):

O coeficiente de revisión para a anualidade a revisar (setembro 2015/2016), tendo en conta os valores dos coeficientes de ponderación fixados na oferta do adxudicatario $A=0,48$; $B=0,08$; $C=0,44$, resulta:

$$K_t = A \cdot \frac{M_t}{M_0} + B \cdot \frac{G_t}{G_0} + C \cdot \frac{R_t}{R_0}$$

$$K_{2015} = (0,48 \times 1,5381) + (0,08 \times 1,4504) + (0,44 \times 1,2780) = 1,4166491115$$

Este valor debe aproximarse a cinco cifras significativas como máximo, para que sexa manexable e uniforme á hora de realizar os cálculos da revisión do prezo, xa que por mor dos importes que se manexan, os redondeos inflúen no resultado final. Así:

$$\mathbf{K_{2015} = 1,4166.}$$

4.- CÁLCULO DA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO:

Consonte co recollido na fundamentación xurídica deste informe, procede unha nova revisión ordinaria do prezo do contrato para o período 1 de outubro do 2015 a 30 de setembro do 2016, calculada coa fórmula polinómica e os coeficientes especificados anteriormente.

A partir do 1 de decembro do ano 2013, produciuse a incorporación dos medios materiais e maquinaria renovados o que implicou a introducción da nova cuota do termo da amortización máis o financiamento aprobada pola XGL de 10/10/2014: 684.543,90€/ano.

O imposto sobre o valor engadido (IVE) gravou durante o período de revisión o custe do contrato cun 10% de incremento, polo que o novo prezo resulta:

$$\text{Prezo} = [(1.659.318,35 - 631.166,40) \cdot 1,4166 + 684.543,90] \cdot 1,10 = 2.355.126,35\text{€/ano}$$

O que supón unha diferenza de **-3.732,19€/ano (-311,02€ ao mes)**, co prezo facturado actualmente.

5.- CÁLCULO DE ATRASOS

Os atrasos adebedados á empresa concesionaria calcúlanse pola diferenza entre o importe realmente facturado e o importe que lle corresponde polo resultado da actual revisión de prezos, computado nos meses exactos de cada período, e ata o día 31 de decembro do ano 2016. Non se consideran como atrasos as cantidades non facturadas por calquera motivo no ano en curso 2017 e que serán regularizadas en todo caso este exercicio económico.

Neste período a empresa facturou ao concello polo servizo prestado co IVE do 10% engadido a razón de 2.358.858,54€/ano (196.571,55 €/mes) conforme ao prezo aprobado pola XGL de 23/09/2016. Este importe xa contemplaba a nova cuota de Amortización máis Financiamento pola renovación de vehículos e equipos.

Conforme aos cálculos realizados nesta proposta, o prezo que lle correspondía á empresa nese período é de 2.355.126,35 €/ano (196.260,53€/mes), polo que a diferenza para quince meses é de:

$$2.355.126,35 - 2.358.858,54 \cdot (15/12) = -4.665,24\text{€ (ive 10\% engadido)}$$

Polo exposto anteriormente, previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local deste Concello, a adopción do seguinte:

ACORDO

- Aprobar a 12ª revisión ordinaria do prezo do contrato de Concesión do Servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos Residuos Sólidos Urbanos reciclables da Cidade de Vigo, cuxa adxudicataria é a empresa VIGO RECICLA U.-T.E., fixando un coeficiente de revisión a partir do día 1 de outubro de 2015 en $K_{2015} = 1,4166$, do que resulta un prezo revisado de 2.355.126,35€ (ive 10% engadido) para o período 1 de outubro do 2015 ao 30 de setembro do 2016.
- Prorrogar o prezo calculado de 2.355.126,35€/ano (ive 10% engadido), pendente das revisións que correspondan, ata o día 31 de decembro do 2016.

- Establecer como prezo actualizado do contrato para o ano 2017, pendente das revisións que correspondan no futuro, o de 2.355.126,35€/ano (IVE 10% engadido), supoñendo unha diferenza de -3.732,19€/ano (-311,02€ ao mes), co prezo facturado actualmente.
- Solicitar da empresa concesionaria a devolución do prezo facturado en exceso durante o período 1 de outubro do 2015 ao 31 de decembro do 2016, pola diferenza do prezo revisado co prezo realmente facturado, o importe de -4.665,24€.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(118).- REVISIÓN ORDINARIA DO PREZO DO CONTRATO DA RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, LIMPEZA URBANA E DE PRAIAS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 6454/252.

Visto o informe de fiscalización do 8/02/17, dáse conta do informe-proposta de data 1/02/17, asinado polo xefe do servizo de Limpeza, conformado polo xefe do servizo xurídico-Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Limpeza e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

- i. A entidade mercantil, "Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.", a medio do escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data 25 de xaneiro de 2017, Doc.: 170009891, como adxudicataria do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e limpeza de praias neste Concello, **solicitou a décimo segunda revisión ordinaria do prezo do contrato que terá efectos na anualidade comprendida entre o 1 de xuño de 2015 e o 31 de maio de 2016.**
- ii. En data 26 de febreiro do 2001, o Pleno do Concello de Vigo acordou adxudicar o contrato de concesión do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e de praias do termo municipal de Vigo á mercantil Fomento de Construcciones y Contratas, S.A. en diante FCC.
- iii. En data 8 de maio do 2001 asinouse o contrato entre a Concesionaria e o Concello de Vigo, iniciándose a prestación o día 1 de xuño seguinte, cun prazo contratual de 16 anos e por un importe anual de 13.459.001,06 euros (ive 7% engadido) naquel momento.
- iv. En datas 30/12/2005 e 12/06/2007, a Xunta de Goberno Local aprobou respectivamente a primeira e segunda revisións ordinarias do prezo do contrato, que posteriormente foron corrixidas por acordo do mesmo órgano de data 30/12/2008 no que se aprobou tamén a terceira revisión ordinaria do prezo, resultando uns coeficientes de revisión: $K_{2004}=1,2743$; $K_{2005}=1,340$; e $K_{2006}=1,401$.
- v. En data 7/07/2009 a Xunta de Goberno Local aprobou a renovación de medios materiais e maquinaria adscritos á concesión, cunha inversión de 10.230.000 euros, cuxa cuota de amortización máis financiamento se calcularía para 96 mensualidades (8 anos) a partir do día 1 de abril do 2009, e devengaría a partir do día primeiro do mes seguinte ao da efectiva incorporación dos vehículos.
- vi. En data 4/09/2009 a XGL aprobou a primeira revisión extraordinaria do contrato (ampliación), por un importe de 2.386.704,59 euros/ano (ive 7% engadido) actualizado

nese momento co coeficiente de revisión $K_{2006}=1,401$ (o que supón un importe de 1.599.110,99€/ano referido ao ano orixe do contrato).

- vii. En data 4/12/2009 a XGL aprobou a cuarta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2007}=1,4674$ para o período 1/06/2007 a 31/05/2008, do que resultou un prezo do contrato de 19.016.336,73€/ano (non inclúe a ampliación mencionada no punto sexto destes antecedentes).
- viii. En data 30 de xuño do 2010 asinouse o acta de recepción constatando a efectiva incorporación ao servizo de todos os vehículos renovados, de xeito que a partir do día primeiro do mes seguinte (1 de xullo do 2010) procede facturar en consecuencia o novo importe do termo da amortización máis o financiamento da inversión, calculado en 96 mensualidades e aprobado na XGL de 07/07/2009 por importe de 1.580.685€/ano. Este novo importe, modifica o termo da amortización máis o financiamento que se inclúe no cánon anual, pasando a ser este de 1.897.107,75 euros anuais, dos que 1.580.685€ son polos novos medios incorporados e 316.422,75€ polos medios non renovados que se amortizan a 16 anos dende o inicio do contrato.
- ix. En data 1 de xullo do 2010 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 7% ao 8%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
- x. En data 29/12/2010 a XGL aprobou a quinta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2008}=1,5044$, e con efectos no período 1 de xuño do 2008 ao 31 de maio do 2009.
- xi. En data 2/05/2011 a XGL acordou aboar á empresa concesionaria o importe íntegro do concepto de amortización máis financiamento pola renovación de medios materiais correspondente aos meses de abril do 2009 a xuño do 2010 (15 mensualidades), liquidando en consecuencia a débeda xerada por este concepto ata ese intre dado que o acordo da renovación incluía amortizacións dende o mes de abril do 2009. Cabe lembrar que a partir do día 1 de xullo do ano 2010, a empresa facturou xa mensualmente o importe íntegro da nova amortización.
- xii. En data 23/12/2011 a XGL aprobou a sexta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2009}=1,5435$, resultando un prezo total de 22.670.191,71€/ano ive 7% engadido (22.882.062,67 €/ano, ive 8% engadido), para o período 1 de xuño do 2009 ao 31 de maio do 2010.
- xiii. En data 16/03/2012 a XGL aprobou a segunda revisión extraordinaria do contrato, cunha ampliación do servizo de limpeza en varias rúas da cidade sen custe para o Concello, e eximindo á concesionaria da obriga da construción do Centro ecolóxico ao que viña obrigada por contrato. O novo prezo foi de 22.824.144,67€/ano (ive 8% engadido) con efectos dende o día 1 de xaneiro dese ano 2012.
- xiv. En data 1 de setembro do 2012 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 8% ao 10%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
- xv. En data 27/09/2013 a XGL aprobou a sétima revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2010}=1,6164$ para o período 1/06/2010 a 31/05/2011, do que resultou un prezo do contrato de 24.611.297,02€/ano (IVE 10% engadido).
- xvi. En data 19/12/2014 a XGL aprobou a oitava revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2011}=1,6889$ para o período 1/06/2011 a 31/05/2012, do que resultou un prezo do contrato de 25.622.483,21€/ano (IVE 10% engadido).

- xvii. En data 17/04/2015 a XGL aprobou a novena revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2012}=1,7441$ para o período 1/06/2012 a 31/05/2013, do que resultou un prezo do contrato de 26.392.350,80€/ano (IVE 10% engadido). Este importe descomponse en 8.427.077,61€ de custe para o servizo de recollida de residuos, e 17.965.273,19€ para o servizo de limpeza viaria e praias, consonte cos novos funcionais económicos que operan neste Concello para o ano 2015.
- xviii. En data 16/10/2015 a XGL aprobou a décima revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2013}=1,7640$ para o período 1/06/2013 a 31/05/2014, do que resultou un prezo do contrato de 26.669.401,71€/ano (IVE 10% engadido). Este importe descomponse en 8.515.539,96€/ano de custe para o servizo de recollida de residuos, e 18.153.861,74€/ano para o servizo de limpeza viaria e praias, consonte cos novos funcionais económicos que operan neste Concello dende o ano 2015.
- xix. En data 23/09/2016 a XGL aprobou a décimo primeira revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2014}=1,7702$ para o período 1/06/2014 a 31/05/2015, do que resultou un prezo do contrato de 26.756.388,68€/ano (IVE 10% engadido). Este importe descomponse en 8.543.314,91€/ano de custe para o servizo de recollida de residuos, e 18.213.073,77€/ano para o servizo de limpeza viaria e praias, consonte cos novos funcionais económicos que operan neste Concello dende o ano 2015.

2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.
- Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

- Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexeu o procedemento de contratación.

A posibilidade de revisión de prezos do contrato aparece recollida na cláusula VII do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron o concurso, e que indica o teor literal que a continuación se transcribe:

a) *Revisión Ordinaria:*

O prezo contractual será obxecto de revisión anual de acordo a seguinte fórmula:

$$\text{Prezo actualizado} = [(Po - \text{Amortización}) K + \text{Amortización}] T$$

Na que:

- e) Po = Prezo inicial do contrato IVE excluído.
- f) T = Índice multiplicador que recolle o tipo impositivo do iva aplicable á operación.
- g) K = coeficiente de revisión calculado mediante a seguinte expresión:

$$K = A (Mt/Mo) + B (Gt/Go) + C (Rt/Ro)$$

Donde A, B e C son coeficientes ponderados de participación (expresados en centesimas), relativos á incidencia porcentual de cada un dos índices correspondentes ós capítulos de persoal (A), combustibles e lubricantes (B) e outros gastos fixos anuais (C).

O concepto Amortización defínese como o “valor do termo constante da renda inmediata post- pagable necesaria para amortizar o capital invertido - obxecto de reversión- en “n” períodos de tempo, ao tanto unitario i, en base a pagamentos mensuais”.

O referido termo representativo da amortización dos investimentos non será obxecto de revisión automática a través da fórmula polinómica; sen embargo si se considerará no prezo do contrato o maior ou menor custo que poida supoñer para o concesionario a renovación do material móbil unha vez transcorrido o seu período de vida útil, así como a corrección que proceda en función do tipo de referencia MIBOR que sexa de aplicación aumentando ou diminuindo a referida cota constante segundo o cadro de amortizacións que para o efecto se elabore.

As diferencias positivas ou negativas entre ámbalas dúas anualidades dará lugar a unha diminución ou aumento do contrato, que terá o seu devengo o día seguinte da entrada en funcionamento dos novos equipos e repercutirase na facturación do mes inmediato posterior á incorporación dos mesmos.

No cálculo da anualidade de amortización para a renovación dos medios técnicos, terase sempre en conta o valor residual obtido pola concesionaria no alleamento dos equipos, que será descontado do novo prezo de adquisición.

Os coeficientes de ponderación entenderanse sometidos as seguintes restricións:

$$A+B+C = 1$$

e deben ser determinados polos licitadores nas súas propostas económicas.

Mt/Mo = Índice Xeral correspondente ó incremento real dos custos de persoal obtidos segundo as seguintes expresións $Mt/Mo = Cpn (t) / Cpn (o)$ sendo Cpn o custe medio real para a categoría de peón noite , segundo convenio colectivo nos anos “t” de revisión e “o” do ano que rematou o prazo de presentación de proposicións. A variación anual de este índice non poderá ser superior á que experimente o IPC incrementado en 1,5 puntos.

G_t = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano de revisión (t).

G_o = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano da licitación (o).

R_t = Outros gastos, no momento da revisión, calculado por aplicación do IPC nacional correspondente ó mes no que se realiza a revisión.

R_o = outros gastos, no momento da adxudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ó mes no que finalice o prazo de presentación de propostas.

Este sistema de revisión aplicarase ó contrato adxudicado, así como as posibles ampliacións que poidan producirse durante a vixencia deste.

A primeira revisión ordinaria de prezos terá lugar cando transcorra un ano do contrato e executarase o vinte por cento do contrato. Para estes efectos entenderase o prezo do contrato, como o de adxudicación anual multiplicado polo nº de anos da concesión, de conformidade co previsto nos artigos 103 e 104 do RDL 2/2000.

Visto o anterior e dado que xa se teñen aprobadas once revisións ordinarias do prezo do contrato previas a esta solicitude, a última con efectos dende o 1 de xuño do 2014 ao 31 de maio de 2015, procede neste momento tramitar a décimo segunda revisión que conforme ao prego de condicións se determina mediante a fórmula:

Prezo actualizado = [(Prezo a orixe – Amortización)· K_t + Amortización] · T

donde
$$K_t = A \cdot \frac{M_t}{M_0} + B \cdot \frac{G_t}{G_0} + C \cdot \frac{R_t}{R_0}$$

Os valores dos coeficientes de ponderación fixados polo adxudicatario na súa oferta son:

A=0,88; B=0,05; C=0,07

3.- DETERMINACIÓN DO COEFICIENTE DE REVISIÓN (K_t)

Para o cálculo do coeficiente de revisión K_t que corresponde neste momento [$K_{2015}=0,88 \cdot (M_t/M_o)+0,05 \cdot (G_t/G_o)+0,07 \cdot (R_t/R_o)$], determinaránse en primeiro lugar cada un dos compoñentes dos seus sumandos, do xeito que se expón a continuación:

a) M_t/M_0

Tal como indica o prego, este compoñente da fórmula de revisión corresponde ao incremento real dos custos de persoal obtidos segundo a seguinte expresión: $M_t/M_o = C_{pn}(2000)/C_{pn}(2015/2016)$, sendo $C_{pn}(2000)$ o custe de persoal para a categoría peón na quenda de noite no ano en que remata o prazo para presentación de ofertas (novembro do ano 2000), cuxo importe é de 22.768,63 euros, e o C_{pn} o custe para a mesma categoría no ano de revisión que comprende o período xuño a decembro do 2015 e xaneiro a maio do 2016.

Para a obtención do C_{pn} no ano de revisión, dado que dito período contén parte do custe dese concepto de dúas anualidades “naturais” diferentes (anos 2015 e 2016), deberase calcular un custe medio nese intervalo. Este custe medio obterase aplicando ao custe do concepto a revisar, C_{pn} (2000) ano “orixen”, o incremento acumulado do IPC, dende o ano de

adxudicación, ata decembro de 2015 e decembro de 2016 respectivamente, máis 1,5 puntos porcentuais como máximo. Obtense deste xeito un custe anual (CPN_{ano}) para cada un dos anos, que posteriormente, e segundo o numero de mensualidades de cada un dos anos que comprende o período de revisión (7 mensualidades do ano 2015 e 5 mensualidades do ano 2016), obterase o custe medio que se utilizará para calcular o incremento producido con respecto ao custe peón no ano de finalización de presentación de ofertas “orixe”.

O feito de que se aplique o incremento do IPC ata o mes de decembro de cada un dos anos que comprende o período de revisión, obedece a que tal como se recolle no PCA que rexeu a contratación, a comparación entre custes deste concepto Cpn, realizárase entre o custe a orixe e o custe do período de revisión, e este custe obtense, tal como se recolle no Convenio Colectivo da Empresa, por aplicación do IPC “real do ano”, ao custe da anualidade anterior. Como vemos é o “IPC real” do ano en cuestión o que se aplica para obter o custe salarial, e non o IPC das doce mensualidades inmediatamente anteriores, tal como sucede en outros contratos.

O cálculo efectúase do seguinte xeito:

- Incremento IPC ata decembro de 2001: 10,03% = factor: 1,1003.
- Incremento dec 2001/2002 + 1,5 puntos : 5,5%, incremento acumulado 1,1608.
- Incremento dec 2002/2003 + 1,5 puntos : 4.1% incremento acumulado 1.2084.
- Incremento dec 2003/2004 + 1,5 puntos : 4.7 % incremento acumulado 1,2652.
- Incremento dec 2004/2005 + 1,5 puntos: 5,2 % incremento acumulado 1,3309.
- Incremento dec 2005/2006 + 1,5 puntos: 4,2% incremento acumulado 1,3867.
- Incremento dec 2006/2007 + 1,5 puntos: 5.7 % incremento acumulado 1,4659.
- Incremento dec 2007/2008 + 1,5 puntos: 2,9 % incremento acumulado 1,5084.
- Incremento dec 2008/2009 + 1,5 puntos: 2,3% incremento acumulado 1,5431.
- Incremento dec 2009/2010 + 1,5 puntos: 4,5% incremento acumulado 1,6125.
- Incremento dec 2010/2011 + 1,5 puntos: 3,9% incremento acumulado 1,6754
- Incremento dec 2011/2012 + 1,5 puntos: 4,4% incremento acumulado 1,7492
- Incremento dec 2012/2013 + 1,5 puntos: 1,8% incremento acumulado 1,7807
- Incremento dec 2013/2014 + 1,5 puntos: 0,5% incremento acumulado 1,7896
- Incremento dec 2014/2015 + 1,5 puntos: 1,5% incremento acumulado 1,8164
- Incremento dec 2015/2016 + 1,5 puntos: 1,60% incremento acumulado 1,8727
- Incremento dec 2016/2017 + 1,5 puntos: 1,¿¿??% incremento acumulado 1,¿¿??

Custe peón noite (convenio) entre xuño- decembro de 2015 (7 meses):

$$22.768,63 \times 1,7896 \cdot 7/12 = 24.125,32 \text{ euros.}$$

Custe peón noite (convenio) xaneiro- maio 2016 (5 meses):

$$22.768,63 \times 1,8727 \cdot 5/12 = 17.766,57 \text{ euros.}$$

Custe medio peón (Cpn) para o periodo de revisión (xuño 2015/ maio 2016) sería:

$$24.125,32 + 17.766,57 = 41.891,89 \text{ euros anuais.}$$

Se este custe medio calculado (41.891,89 €) o dividimos polo custe para a mesma categoría no ano orixen (ano 2000), cuxo importe era de 22.768,63 euros, o compoñente da fórmula Cpn (2000)/Cpn (2015/2016) resulta:

$$Mt/MO = 1,8399 \quad (41.891,89 / 22.768,63)$$

Procede neste intre realizar unha comprobación para verificar que o custe así calculado é igual ou inferior ao custe real soportado pola concesionaria, dado que o incremento IPC+1,5% é o máximo permitido polo prego, pero o custe real podería ser inferior polo que a revisión debería recoller este suposto.

O custe do peón noite para a empresa no ano 2016 ascende a 48.897,55€, o que representa un 114,76% de incremento sobre o inicial, mentras que o límite do IPC+1,5 está no 87,27% desde a orixe. Como se pode apreciar, o incremento revisado é inferior ao soportado pola empresa o que demostra que a subida salarial dos traballadores non é inferior ao límite contractual. Procede polo tanto revisar o prezo do contrato conforme ao máximo da marxe permitida polo PPTP (1,5%) no incremento dos custes de persoal.

b) Gt/Go

Go corresponde ao incremento do custe medio ponderado do combustible para o ano de licitación (2000), cuxo valor é 0,702, e Gt ao custe medio ponderado do combustible para o ano de revisión (2015/2016).

Obtense este valor do prezo medio mensual do combustible publicado polo Ministerio de Industria, de xeito que:

Mes	Precio mes
Junio 2015	1,1851
Julio 2015	1,1496
Agosto 2015	1,0889
Setembro 2015	1,0769
Outubro 2015	1,0631
Novembro 2015	1,0592
Decembro 2015	0,9949
Xaneiro 2016	0,9338
Febrero 2016	0,9270
Marzo 2016	0,9710
Abril 2016	0,9760
Maio 2016	1,0235

MEDIA= **1,0374**

polo tanto o valor do coeficiente resulta:

$$\mathbf{Gt/Go = 1,4778} \quad (1,0374 / 0,702)$$

c) Rt/Ro

Rt son outros gastos no momento de revisión, calculados por aplicación do IPC nacional correspondente ao mes no que se realiza a revisión (xuño do 2015), e Ro outros gastos no momento da adxudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ao mes no que finalice o prazo de presentación de proposicións (novembro do 2000).

Da páxina oficial do Instituto Nacional de Estatística obtemos a variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2011 dende Novembro de 2000 ata xuño do 2015, igual a 40,10%

$$Rt/Ro = 1,4010.$$

d) **Determinación do coeficiente de revisión (K_{2015}):**

O coeficiente de revisión para a anualidade a revisar (xuño 2015/2016), tendo en conta os valores dos coeficientes de ponderación fixados na oferta do adxudicatario $A=0,88$; $B=0,05$; $C=0,07$, resulta:

$$K_{2015} = (0,88 \times 1,8399) + (0,05 \times 1,4778) + (0,07 \times 1,4010) = 1,791066596.$$

Este valor debe aproximarse a cinco cifras significativas como máximo, para que sexa manexable e uniforme á hora de realizar os cálculos da revisión do prezo, xa que por mor dos importes que se manexan, os redondeos inflúen no resultado final. Así:

$$K_{2015} = 1,7911.$$

4.- DETERMINACIÓN DO PREZO A DESCONTAR POLA NON CONSTRUCCIÓN DO CENTRO ECOLÓXICO:

Dado que en data 16 de marzo do 2012, a XGL acordou exonerar á empresa concesionaria da construción do centro ecolóxico, con efectos dende o día 1 de xaneiro dese ano 2012, e devolvendo así mesmo os importes percibidos por este concepto ata ese momento, é preciso descontar do prezo que se calcule pola fórmula de revisión, o importe que corresponde á non construción do centro ecolóxico, pero mantendo os custes de persoal que o acordo non modifica.

Na orixe do contrato, o centro ecolóxico tiña uns custes anuais en execución material de:

- amortización máis financiamento da inversión: 35.028,31€
- persoal: 24.775,94€
- combustibles e lubricantes: 2.392,80€
- outros gastos fixos anuais. 8,768,84€

Para determinar o prezo a descontar en execución por contrata, debemos eliminar o importe do persoal que non se modifica, aplicarlle os coeficientes de actualización calculados anteriormente a cada un dos restantes importes, engadirlle os gastos xerais (6%), o beneficio industrial (2%), e aplicarlle o tipo impositivo do IVE vixente en cada momento.

Deste xeito resulta:

$$Z_t = [35.028,31 + Gt/Go \cdot 2.392,80 + Rt/Ro \cdot 8.768,84] \cdot [1+(0,02+0,06)] \cdot T$$

que aplicado ao ano de revisión é:

$$Z_{2015}=[35.028,31 + 1,4778 \cdot 2.392,80 + 1,4010 \cdot 8.768,84] \cdot [1+(0,02+0,06)] \cdot 1,10$$

$$Z_{2015}= 60.409,18\text{€}$$

5.- CÁLCULO DA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO:

Consonte co recollido na fundamentación xurídica deste informe, procede unha nova revisión ordinaria do prezo para o período 1 de xuño do 2015 a 31 de maio do 2016, calculada coa fórmula polinómica e os coeficientes especificados anteriormente, e descontando a non construción do centro ecolóxico por quedar eximida a empresa tal como figura nos antecedentes.

A partir do 1 de xullo de 2010, produciuse a incorporación dos medios renovados o que implicou a introducción da nova cuota do termo da Amortización máis o Financiamento: 1.897.107,75€/ano.

O tipo do imposto sobre o valor engadido é do 10% para o período de revisión, polo que o novo prezo será:

$$\text{Prezo}=[(12.578.505,66-1.466.456,75) \cdot 1,7911+1.897.107,75] \cdot 1,10 = 23.979.888,41\text{€/ano}$$

O prezo a descontar pola non construción do centro ecolóxico resultou:

$$Z_{2015}= 60.409,18\text{€/ano}$$

de xeito que:

$$P_{(1/6/2015 \text{ a } 31/5/2016)}=\text{Prezo}-Z_{2015}=23.979.888,41 - 60.409,18= \mathbf{23.919.479,22 \text{ €/ano}} \text{ (ive 10\%)}$$

6.- CALCULO DA REVISION DE PREZOS DA AMPLIACIÓN DO CONTRATO

A efectos de revisión de prezos, deberase ter en conta a ampliación do contrato (revisión extraordinaria) aprobada na XGL de 04/09/2009, por un importe total de 2.386.704,59 euros/ano (IVE 7% engadido), con efectos a partir do 1 de outubro de 2009.

O desglose do importe total da ampliación segundo se desprende do acordo de aprobación foi o seguinte:

- Custes de explotación: 2.206.152,44 €
- Amortización: 24.412,61 €
- IVE (7%): 156.139,55 €

O cálculo de dita ampliación foi efectuado co coeficiente de revisión vixente nese momento que correspondía ao período de revisión: xuño 2006-maio 2007, cun coeficiente: $K_{2006}=1,401$.

Para determinar a revisión que lle corresponde a este importe, calcularemos os custes de explotación a prezos de orixe do contrato e posteriormente aplicarlle o coeficiente de revisión proposto para o período de actualización (xuño 2015-maio 2016), que segundo o calculado neste informe é de $K_{2015}=1,7911$.

O prezo revisado da ampliación, dende o 1 de xuño de 2015 ao 31 de maio de 2016 será o seguinte:

$$P_{\text{amp}}= [2.206.152,44 \cdot 1,7911/1,401+24.412,61] \cdot 1,10=3.129.340,38 \text{ €/ano.}$$

7.- UNIFICACIÓN DOS IMPORTES E DETERMINACIÓN DO CANON ANUAL.

Á vista do anterior, o canon anual do contrato de recollida de RSU, limpeza urbana e limpeza de praias, no período que media entre o día 1 de xuño do 2015 e o 31 de maio do 2016 é:

Canon revisado = 23.919.479,22 + 3.129.340,38 = **27.048.819,60€/ano** (ive 10%)

A partir do 1 de xuño do 2016 procederá unha ou varias novas revisións ordinarias do prezo do contrato que mentres non se acorden polo órgano competente, prorrogarase o prezo anteriormente calculado, coas variacións que as modificacións no imposto sobre o valor engadido e outros aspectos veñan a obrigar.

Consonte cos novos funcionais económicos que operan neste Concello a partir do ano 2015, o canon descomponse en dúas partes correspondentes unha ao servizo de recollida de lixo e outra á limpeza viaria:

- | | | | |
|-----|--------------------|-----------------|-----------------------------|
| i. | Recollida de lixo, | funcional 1621, | importe: 8.636.688,10€/ano |
| ii. | Limpeza viaria, | funcional 1630, | importe: 18.412.131,50€/ano |

Estes importes supoñen unha diferenza con respecto aos vixentes de:

- Canon, importe da diferenza: 292.430,92€/ano (24.369,24€/mes)
- Recollida de lixo, importe da diferenza: 93.373,19€/ano (7.781,10€/mes)
- Limpeza viaria, importe da diferenza: 199.057,73€/ano (16.588,14€/mes)

8.- CÁLCULO DE ATRASOS

Os atrasos adebedados á empresa concesionaria calcúlanse pola diferenza entre o importe realmente facturado e o importe que lle corresponde polo resultado da actual revisión de prezos, computado nos meses que median entre o inicio do período de revisión e ata o día 31 de decembro do ano 2016. Non se consideran como atrasos as cantidades non facturadas por calquera motivo no ano en curso 2017.

Neste período, a empresa facturou ao concello polo servizo prestado co IVE do 10% engadido a razón de 26.756.388,68€/ano (2.229.699,06€/mes) conforme ao prezo aprobado pola XGL de 23/09/2016. Este importe xa engadía o desconto pola non construción do Centro Ecolóxico acordado na XGL de 16/03/2012, e a nova cuota de A+F pola renovación de medios.

Conforme aos cálculos realizados nesta proposta, o prezo que lle correspondía á empresa nese período é de 27.048.819,60 €/ano (2.254.068,30€/mes), polo que a diferenza para dezaozove meses é de:

$(27.048.819,60 - 26.756.388,68) \cdot 19/12 =$ **463.015,63€** (ive 10% engadido)

dos que a imputación a cada partida económica é:

- | | | | |
|-----|--------------------|-----------------|----------------------|
| I. | Recollida de lixo, | funcional 1621, | importe: 147.840,89€ |
| II. | Limpeza viaria, | funcional 1630, | importe: 315.174,74€ |

Polo exposto anteriormente, previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

- Aprobar a 12ª revisión ordinaria do prezo do contrato de concesión do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza urbana e de praias do termo municipal de Vigo, cuxa adxudicataria é a empresa Fomento de Construcciones y Contratas, S.A., fixando un coeficiente de revisión a partir do día 1 de xuño de 2015 en $K_{2015} = 1,7911$
- Aprobar un novo prezo revisado para o contrato de 27.048.819,60€ (ive 10% engadido) para o período 1 de xuño do 2015 a 31 de maio do 2016. Este importe divídese nos conceptos de recollida de lixo e limpeza viaria cos seguintes importes:
 - Recollida de lixo, importe: 8.636.688,10€/ano
 - Limpeza viaria, importe: 18.412.131,50€/ano
- Establecer como prezo actualizado do contrato para o ano 2017, pendente das revisións que correspondan no futuro, o de 27.048.819,60€/ano (IVE 10% engadido), dos que 8.636.688,10€/ano son en concepto de Recollida de lixo, e 18.412.131,50€/ano son en concepto de limpeza viaria.
- Recoñecer á empresa concesionaria, en concepto de atrasos pola diferenza do prezo revisado co prezo realmente facturado entre os meses de xuño do 2015 e decembro do 2016, o importe de 463.015,63€, dos que 147.840,89€ corresponden ao concepto de Recollida de lixo e imputaranse á partida orzamentaria do servizo de limpeza 1621..2270000, e 315.174,74€ corresponden ao concepto de limpeza viaria e imputaranse á partida orzamentaria do servizo de limpeza 1630..2270000, do vixente orzamento municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(119).- PLAN DE OCUPACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO PARA O ANO 2017. EXPTE. 12376/306.

Dáse conta do informe-proposta de data 17/02/17, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

1.- A concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 19 de xaneiro de 2017, iniciou expediente administrativo para a aprobación do plan de ocupación e explotación dos servizos de tempada nas praias do termo municipal de Vigo para a tempada estival do ano 2017, e para o outorgamento das autorizacións de instalación e explotación a terceiros a través do procedemento legalmente previsto (respectando os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva).

2.- O Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente remitiu escrito de data 11 de xaneiro de 2017, documentación sobre os criterios a ter en conta na elaboración e explotación dos servizos de tempada (doc. 170005006).

3.- A pedimento e coas indicacións do Servizo de Medio Ambiente, os arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo elaboraron documentación técnica para estas instalacións:

- Condicións urbanísticas dos emplacementsos propostos.
- Memoria descritiva das instalacións.
- Certificación de distancias entre quioscos.
- Fotografías emplacementsos.
- Planos de emplacementso dos quioscos con zonificación PXOM.
- Planos de emplacementso dos quioscos no que se representa a liña de deslinde do dominio público marítimo terrestre.

4.- O Inspector municipal de Medio Ambiente emitiu informe sobre a retirada dos quioscos na tempada estival de 2016.

5.- O delineante municipal da Oficina de Inventario e Patrimonio en data 17 de febreiro de 2017, informou sobre a titularidade dos terreos onde se emprazan os quioscos.

II.- Fundamentos de dereito:

O artigo 115.c) da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas sinala entre as competencias municipais *“explotar, no seu caso, os servizos de tempada que poidan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de réxime local”*.

O artigo 113 do Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral de costas, establece que:

- As autorizacións cuxo obxecto sexa a explotación de servizos de tempada nas praias que só requiran instalacións desmontables, serán outorgadas polos concellos que o soliciten, na forma que se determina nos apartados seguintes.

- Haberá que solicitarlas dirixíndose ó servizo periférico de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no prazo establecido,

- Os servizos de tempada poderán contar cunha autorización por un prazo máximo de catro anos, se ben as instalacións deberán desmontarse, unha vez rematada cada unha das tempadas incluídas no prazo de duración da autorización.

- Outorgada a autorización polo Servizo Periférico de Costas, os Concellos, tralo abono do canon de ocupación correspondente, poderán proceder a súa explotación, por sí ou por terceiros.

O artigo 51 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas establece a necesidade de autorización administrativa para ocupar o dominio público marítimo terrestre con instalacións desmontables ou con bens mobles, que corresponde outorgar á administración do Estado.

O artigo 26 da citada Lei e 49.1. do regulamento que a desenvolve, establecen a obriga de obter autorización administrativas para as instalacións que se sitúen en zonas de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, que corresponde outorgar á Comunidade Autónoma.

Tamén, o artigo 53.1., parágrafo segundo, da Lei 22/1988, de 28 de xullo, establece que “no caso de que os Concellos opten por explotar os servizos de tempada a través de terceiro, aqueles garantirán que nos correspondentes procedementos de outorgamento se respecten os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.”

O Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, regula no seu artigo 2º.2.i) o requisitos para autorizar as instalacións ao servizo das praias desmontables que se sitúen en zona de servidume do dominio público marítimo terrestre, tendo emitido documento informativo sobre estas autorizacións.

Neste sentido, o Concello de Vigo ben aprobando anualmente o plan de ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos nas praias do termo municipal de Vigo, que comprende aquelas instalacións desmontables situadas en terreos de dominio público marítimo terrestre e aqueloutras situadas en terreos municipais en zona de servidume de protección ou de tránsito deste dominio. O prazo destas ocupacións estímase como xeral do 1 de xuño ata o 30 de setembro de 2017.

As ditas instalacións de tempada: quioscos considéranse precisas nos areais polos servizos que prestan aos usuarios, no so polos subministracións de bocadillos, bebidas, xelados... senón tamén por dispor, encargarse da limpeza, de baños públicos e gratuítos para os usuarios como ben esixíndolles este Concello.

Elabórese unha proposta de ocupación de acordo coa seguinte distribución:

DESCRICIÓN	EMPRAZAMENTO	ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS	EN M2OCUPACIÓN
QUIOSCO 1	Areal da Punta. A Guía	Propiedade municipal, Zona de servidume de tránsito	20
QUIOSCO 2	Areal de Santa Baia, Alcabre	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 3	Areal do Tombo do Gato	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20

QUIOSCO 4	Areal do Tombo do Gato	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 5	Areal de Argazada	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 6	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 7	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 8	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 9	Areal do Vao	Dominio público marítimo terrestre	20
QUIOSCO 10	Areal do Vao	Dominio público marítimo terrestre	20
QUIOSCO 11	Areal da Etea	Dominio público marítimo terrestre	20

Tódolos quioscos (11) aparecen sinalados nos Planos que se achegan no expediente.

A documentación e informes técnicos emitidos polos arquitectos municipais en febreiro de 2017 e obrante no expediente, indican a súa conformidade co planeamento urbanístico, adecuación á normativa de accesibilidade e a observancia, en tódolos casos, das prescricións de distancias e medidas, especificadas polo Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e o Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, en cumprimento da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

Os quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11 que se sitúan en dominio público marítimo terrestre ou na zona de servidume de tránsito cuxa autorización sectorial corresponde ó Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente cumpre tanto co esixido para ocupacións en tramos naturais de praias como para ocupacións en tramos urbanos, segundo o establecido no artigo 68 e 69 do Regulamento de costas aprobado por Rd 876/2014, de 10 de outubro. Neste sentido as ocupación non superan os 20 m² de superficie cerrada, sitúanse a unha distancia igual ou superior a 300 ml, a ocupación da praia e moi inferior ó 10% da superficie en preamar, e os usos están permitidos.

Os quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 que se sitúan na zona de servidume do dominio público marítimo terrestre cuxa autorización sectorial corresponde á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia (CMAOT) cumpre co esixidos especificamente para a instalacións desmontables de tempada do Real decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, superficie que non supera os 20 m² de

ocupación pechada, distancia superior a 100 ml nos quioscos de Samil, Argazada e Tombo do Gago e nos outros incluso superan os 300 ml.

A Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de 28 de Xulio, de Costas (BOE do 30 de maio, entrada en vigor ó día seguinte), introduciu diversas modificación na citada lei de costas, en concreto, no referente ás praias e amplía o prazo máximo das autorizacións para instalacións desmontables, quioscos de tempada, que pasan de un a catro anos.

A Disposición final terceira da citada Lei 2/2013, de 29 de maio, establece que:

“No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta Lei, o Goberno aprobará a revisión do Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, e ditará as disposicións regulamentarias precisas para o desenvolvemento e execución desta Lei.”

O Regulamento xeral de costas foi aprobado por Rd 874/2014, de 10 de outubro. Non obstante, o Decreto autonómico 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, que regula no seu artigo 2º.2.i) o requisitos para autorizar as instalacións ao servizo das praias desmontables que se sitúen en zona de servidume do dominio público marítimo terrestre e documento informativo sobre estas autorizacións do ano 2011; non foi modificado polo que as autorizacións sectoriais dos quioscos na zona de servidume – a case totalidade – non foron modificadas, resultado para un só ano, no período 1 de xuño a 30 de setembro e para unha superficie máxima cerrada de 20 m2.

Polo exposto, na espera dunha harmonización normativa entre os quioscos instalados en terreos de dominio público marítimo terrestre e na zona de servidume e da delimitación dos tramos naturais ou urbanos das praias que corresponde á administración competente en materia de Ordenación do territorio (Xunta de Galicia: CMAOT) -artigo 67 e disposición transitoria vixésimo cuarta do Regulamento de costas, Rd. 876/2014-, considérase procedente solicitar as autorizacións sectoriais para o período 01 de xuño a 30 de setembro.

A ocupación, instalación e explotación dos servizos tempada, quioscos, deste plan de praias, realizarase por terceiros particulares. Neste ano é preciso realizar o procedemento de licitación para outorgar as autorizacións a terceiros ó ter remato o prazo de vixencia das anteriores autorizacións.

Co obxecto de axilizar este procedemento e que á data de inicio da tempada (30 de xuño) estean adxudicadas as autorizacións, tendo en consideración que no anos anteriores as autorizacións sectoriais non se recibiron ata finais de marzo e principios de maio (Xunta) sen tempo material para tramitar o procedemento de licitación e outorgar as autorizacións antes do inicio da tempada estival, considerase preciso que:

- Unha vez solicitadas as autorizacións sectoriais antes citadas, o Concello procederá á redacción dos pregos que rexeran o procedemento de licitación garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva, para a adxudicación das autorizacións de conformidade co previsto nos artigos 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo de costas, 113 do Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 158/2005, 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de

novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación; á aprobación dos pregos e a efectuar o procedemento de licitación.

- Unha vez recibidas as autorizacións sectoriais (Estado e Xunta de Galicia) proceder a súa incorporación ó procedemento e ao outorgamento das autorizacións ós terceiros que resulten do procedemento de licitación incorporando o seu contido.

Nas condicións técnicas destas instalacións que figurarán no correspondente prego, especificarase para cada un dos quioscos a obriga de contar con servizos hixiénicos públicos, así como o seu mantemento. Determinaranse, tamén, nese Prego as instalacións que deberán adaptarse para minusválidos.

A vista do anteriormente exposto, ao abeiro das atribucións de competencias que establece o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local en relación coa Disposición adicional segunda, apartado 3, do Rdl 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aproba-lo Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos de Tempada: Quioscos nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2017, de acordo cos informes, planos e demais documentación obrante no expediente 12376/306, que se citan na parte expositiva deste acordo e consistente en:

- Documentación técnica redactada polos arquitectos municipais, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, o 3 de febreiro de 2017, sobre:

- Condicións urbanísticas dos emprazamentos propostos.
- Memoria descritiva das instalacións.
- Certificación de distancias entre quioscos.
- Fotografías emprazamentos.
- Planos de emprazamento dos quioscos con zonificación PXOM.
- Planos de emprazamento dos quioscos no que se representa a liña de deslinde do dominio público marítimo terrestre.

- Informe do Inspector municipal de Medio Ambiente de data 21 de novembro de 2016, sobre a retirada dos quioscos na tempada estival de 2016, sen deterioro dos bens de dominio público..

- Informe do delineante municipal da Oficina de Inventario e Patrimonio de data 17 de febreiro de 2017, sobre a titularidade dos terreos onde se emprazan os quioscos.

SEGUNDO.- Remitir, a maior brevidade posible, este Plan de Ocupación e Explotación ao Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para a autorización da instalación dos quioscos de tempada que se emprazan en terreos de dominio público marítimo terrestre ou servidume de tránsito (Quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11) .

TERCEIRO.- Remitir, a maior brevidade posible, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo) da Xunta de Galicia este plan de ocupación, instalación e explotación, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para que autorice a instalación dos quioscos de temporada a instalar na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestres (Quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8).

CUARTO.- O concello de Vigo obrígase, como en anos anteriores, a esixir dos terceiros que resulten adxudicatarios das autorizacións a constitución da correspondente garantía para responder dos gastos de levantamento das instalacións e xustificará esta circunstancia ante o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

QUINTO.- O concello garantirá que no procedemento de outorgamento das autorizacións de ocupación, instalación e explotación dos quioscos por terceiros se respectaran os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.

SEXTO.- Unha vez solicitadas as autorizacións sectoriais antes citadas, o Concello procederá á redacción dos pregos que rexeran o procedemento de licitación da autorización garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva, para a adxudicación das autorizacións de conformidade co previsto nos artigos 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo de costas, 113 do Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 158/2005, 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación; á aprobación destes e a efectuar o procedemento de licitación.

Unha vez recibidas as autorizacións sectoriais (Estado e Xunta de Galicia) procederá a súa incorporación ó procedemento e ao outorgamento das autorizacións ós terceiros que resulten do procedemento de licitación incorporando o contido das autorizacións sectoriais para o seu cumprimento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(120).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO CONTRA AS ACTAS DO ÓRGANO DO PROCESO SELECTIVO CORRESPONDENTE Á PRAZA DE CONDUTOR-BOMBEIRO, DE 30 DE NOVEMBRO E 19 DE DECEMBRO DE 2016 . EXPTE. 29373/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 16/02/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, conformado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Consta no Expediente de referencia informe xurídico do Secretario do Órgano de Selección da oposición libre para a cobertura dun/dunha praza de Conductor-Bombeiro do Concello de Vigo (OEP 2010 – 2011), asinado con data 01.02.2017, que é do seguinte teor literal:

«Asunto: Recursos de alzada presentados o día 25 de xaneiro de 2017 por D. Vicente Sayar Ibáñez contra actas de 30 de novembro e 19 de decembro de 2016 do Tribunal cualificador encargado de prover unha praza funcional de condutor bombeiro, por quenda libre, incluída na Oferta de Emprego público dos anos 2010-2011 (documento con número de entrada no rexistro Xeral de 170009502), e máis contra a lista de puntuacións finais e proposta de nomeamento realizada polo mesmo órgano de selección o día 19 de decembro de 2016 (documento con número de entrada no rexistro Xeral de 170009507).

En resposta a petición cursada pola Xefatura de área de Recursos Humanos, pola que interesa a emisión dun informe xurídico no asunto de referencia, tense a ben informar o seguinte:

I) No tocante ao Recurso de alzada presentado o día 25 de xaneiro de 2017 contra as “actas de 30 de novembro e 19 de decembro de 2016” do Tribunal cualificador (documento con número de entrada no rexistro Xeral de 170009502)

Primeiro.- Sobre a admisibilidade do recurso.

Consonte ao previsto na Disposición Transitoria Terceira da Lei 39/2015, de 1 de outubro, os procedementos xa iniciados con anterioridade á entrada en vigor da devandita Lei rexeranse pola normativa anterior, neste caso, a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Consecuentemente, o presente procedemento selectivo, iniciado con anterioridade á entrada en vigor da Lei 39/2015, rexerase no tocante ao réxime de recursos pola Lei 30/1992, se ben o réxime legal configurado nesta última norma en materia impugnatoria dos actos e disposicións administrativas é substancialmente coincidente co regulado nos artigos 112 e seguintes da vixente Lei 39/2015.

Segundo o previsto no Artigo 114.1 da Lei 30/92 (concordante co artigo 121 da lei 39/2015), as resolucións e actos aos que se refire artigo 107.1 da mesma lei son susceptibles de recurso en alzada ante o órgano superior que os ditou, engadindo o precepto, a continuación, que os Tribunais e órganos de selección do persoal ao servizo das Administracións públicas e calquera outros que, no seo das mesmas, actúen con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano ao que estean adscritos ou, no seu defecto, do que nomeara ao presidente dos mesmos. Tal previsión, unida ao feito de que as actuacións dos Tribunais cualificadores vinculan ao órgano resolutor (artigo 14 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración civil do estado, de aplicación supletoria ás entidades locais), obriga a entender que os actos combatidos polo recorrente, na medida en que producen unha decisión sobre o fondo do asunto, son susceptibles de impugnación en alzada (aínda que, erroneamente, o recorrente os identifique coas “actas” do Tribunal, debendo presumirse que o que realmente impugna son as actuacións do Tribunal cualificador descritas nas correspondentes actas).

A interposición deste recurso deberá producirse nos prazos habilitados polo Artigo 115 da, entón vixente, Lei 30/1992 (concordante co artigo 122 da Lei 39/2015), isto é, *un mes* cando o acto fora expreso, prazo que deberá computarse a partir do día seguinte a aquel no que o interesado tivo coñecemento do seu contido.

As actuacións do Tribunal agora impugnadas en alzada foron obxecto de debido coñecemento para todos os opositores a través da pertinente publicación telemática na páxina web

municipal que expresamente resultou habilitada a estes efectos (epígrafe 8.4.4 das Bases xerais que rexen a convocatoria, publicadas no D.O.G. número 240, de 18 de decembro de 2012, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do día 14 de setembro de 2012), sistema de información que permite determinar, exactamente, a data e hora na que se levaron a cabo as respectivas publicacións.

Tendo en conta que a Acta de 19 de decembro de 2016 foi publicada integramente na páxina web municipal o día 21 decembro de 2016 ás 09, 28 horas, e considerando (i) que o prazo para recorrer en alzada a actuación do Tribunal Cualificador celebrada o 19 de decembro de 2016 rematou un mes despois da publicación da correspondente Acta, isto é, o 21 de xaneiro de 2017 (sábado), e (ii) que o recurso de alzada foi presentado no Rexistro xeral da Xunta de Galicia o día 23 de xaneiro de 2017 (luns) ás 15,58 horas -por resultar inhábil o día de remate do prazo dun mes-, o recurso debe entenderse presentado en tempo e forma, ex artigo artigo 30.4 e 30.5 da lei 39/2015.

Segundo.- No tocante ao fondo do Recurso.

En síntese, o alcance impugnatorio do recurso vai orientado a cuestionar o xuízo de convicción que presidiu a emisión das respectivas cualificacións individuais outorgadas polo Tribunal cualificador o día 30 de novembro de 2016, trala realización da proba práctica de condución en circuíto aberto, celebrada o día 28 de novembro do mesmo ano.

Nesta orde de consideracións, o alcance do informe xurídico que se recaba do funcionario que subscribe, na súa condición de secretario do órgano de selección, deberá circunscribirse á constatar se a actuación dos membros que integraron o órgano colexiado foi ou non respectuosa coas prescricións contidas nas bases de selección e máis coas esixencias que veñen sendo establecidas pola doutrina xurisprudencial recaída nesta materia, especialmente no que atinxe ao deber de motivar, dunha forma razoada, o sentido e alcance das cualificacións emitidas.

En lóxica coherencia co anterior, queda fora do obxecto e finalidade deste informe xurídico calquera análise eventualmente orientada a provocar unha sorte de substitución do xuízo de valor que presidiu a emisión desas puntuacións polos membros do Tribunal, e elo por dúas razóns. A primeira, por canto o funcionario que subscribe carece de ningunha formación específica que lle permita valorar a correcta ou incorrecta actuación dos aspirantes nesta proba de condución, e, moito menos, revisar as puntuacións outorgadas por cada membro do Tribunal en aplicación duns coñecementos teórico e prácticos que, pola contra, si posúen os demais membros deste órgano colexiado (lembramos que todos os membros do Tribunal con capacidade de voto están en posesión dos títulos habilitantes para conducir o vehículo onde se executou a proba, así como da formación e experiencia adecuada para valorar a execución deste exercicio). A segunda, porque os únicos órganos legalmente habilitados para poder entrar a valorar se o xuízo de convicción mantido polos membros dun órgano especializado de selección, aínda que resulte formalmente motivado, puido ou non comportar algunha desviación indebida verbo do marxe de discrecionalidade técnica que legalmente lles asiste a eses membros, son os órganos da xurisdición contencioso administrativa.

Por tal razón, a así convén clarexalo, as funcións legalmente encomendadas aos secretarios destes órganos de selección recondúcense a deixar fel testemuña das actuacións adoptadas polos membros do Tribunal, ofrecéndolles, ao mesmo tempo, o debido asesoramento legal para que se dea correcto cumprimento ás solemnidades e esixencias formais que deben presidir todas as súas actuacións.

Así as cousas, na Acta de 30 de novembro de 2016 os membros do Tribunal, a requirimento do Secretario deste órgano colexiado, procederon incorporar, de maneira individual, unha primeira pero profusa explicación, referida ao proceso lóxico que seguiron para emitir as súas respectivas puntuacións nesta proba práctica, evidenciando, cando menos, unha clara vocación de transparencia e obxectividade (Xa o encabezamento da Acta rezaba do seguinte xeito: *“O Secretario informa aos membros do Tribunal da conveniencia de incorporar á presente acta, para maior seguridade xurídica e transparencia, unha sucinta motivación individual, por cada membro do Tribunal, na que se xustifique o xuízo de valor seguido para a emisión das súas cualificacións individuais, sobre todo tendo en conta que todos os membros do Tribunal con voz e voto contan cos coñecementos técnicos necesarios para valorar, obxectivamente, a execución desta proba de condución ao dispoñer, todos eles, da debida experiencia na condución deste tipo de vehículos, e elo tanto por razón das funcións inherentes aos empregos públicos que desempeñan ou desempeñaron na Administración, como por razón da posesión por todos eles, dende fai anos, dos permisos de circulación esixibles para a condución dos vehículos da clase C+E.”*).

A pesar dilo, e ante a primeira das alegacións presentadas polo recorrente o día 5 de decembro de 2016 (documento 160164611), nas que cuestionaba a motivación ofrecida nesa Acta de 30 de novembro de 2016 (e, por tanto, o correcto exercicio das facultades discrecionais do Tribunal á hora para emitir as puntuacións do exercicio de condución), polo Secretario do Tribunal entendeuse oportuno, para evitar calquera físgoa de índole formal susceptible de provocar unha quebra no deber de motivación que lle incumbe asumir aos seus membros, que o correcto exercicio dese deber, tal e como así ven sendo analizado pola xurisprudencia, podía esixir unha desagregación máis detallada das cualificacións individuais xa emitidas. En efecto, tal e como consta na Acta da sesión de 13 de decembro de 2016, o Secretario do Tribunal informou oportunamente ao Tribunal cualificador que consonte ao maxisterio xurisprudencial máis recente do Tribunal Supremo recaído nesta materia (S. TS de 16 de marzo de 2015, recurso 735/2014, entre outras), é doutrina xa consolidada a que ven a afirmar que, unha vez presentada unha reclamación ou alegación por un aspirante do proceso selectivo na que se cuestione o proceso lóxico seguido polo Tribunal para a emisións das cualificacións individuais, debe ofrecérselle ao opositor unha explicación detallada da forma en que foron ponderados os criterios ou parámetros valorativos preestablecidos para a puntuación desta proba, isto é, exteriorizando o modo no que os membros do órgano cualificador conformaron o seu xuízo de convicción.

A esta formalidade deuse cumprimento na sesión do órgano cualificador de 19 de decembro de 2016, tal e como se reflicte na correspondente Acta, momento no que se rexeitaron as pretensións revisoras do opositor, agora recorrente enalzada, ofrecéndolle ao aspirante, ademais da propia xustificación lóxico-racional que se deduce da propia desagregación das puntuacións, unha segunda explicación técnica das razóns que lles asistiron á hora de valorar os distintos parámetros do modo no que así o fixeron.

Nesta orde de antecedentes, cumpre advertir que para que o contido da motivación poda ser considerada validamente realizada segundo o maxisterio xurisprudencial exposto, a mesma debe cumprir, cando menos, determinadas esixencias formais: (a) expresar o material ou as fontes de información sobre as que vai operar o xuízo técnico; (b) consignar os criterios de valoración cualitativa que se utilizarán para emitir o xuízo técnico e (c) expresar porqué a aplicación deses criterios conduce ao resultado individualizado que outorga a preferencia a un candidato fronte aos demais.

Neste contexto dificilmente pode achacárselle aos membros que puntuaron a execución da controvertida proba unha ausencia de motivación tal que permita concluír unha suposta desviación no seu discrecional xuízo técnico, o que, *sensu contrario*, obrigaría a entender que o órgano de selección actuou dentro dunha tolerable marxe de apreciación propia do saber especializado co que contan os seus membros.

Resulta evidente, cando menos dende unha perspectiva formal, que os membros do Tribunal cualificador xustificaron e motivaron cunha exposición aparentemente razoada e coherente -amen de abundada- o sentido e razón de ser das súas cualificacións, e sen que se poida chegar a apreciar, por este funcionario informante, ningunha actuación cualificable de ilóxica, irracional ou arbitraria á hora de exercer esta función valorativa (presidida sempre, recordemos, por un carácter técnico pero en todo caso discrecional). E polas mesmas razóns tampouco conseguimos albiscar ningunha situación de trato desigual entre os aspirantes que executaron a proba, e aos que se lle aplicaron por igual os mesmos criterios ou parámetros de valoración, coñecidos por todos eles antes do inicio da proba.

Obviamente poderán ou non compartirse as cualificacións outorgadas individualmente por todos ou algún dos membros do Tribunal, como tamén os razoamentos que por eles foron expostos aos aspirantes para explicar o seu discrecional xuízo técnico (neste caso, ofrecido en dúas ocasións consecutivas). Pero o que non cabe dúbida é que os membros que valoraron esta proba práctica procuraron exteriorizar unha sobrada motivación (posiblemente ata un grao de detalle que transcenda incluso ás esixencias impostas pola doutrina xurisprudencial) para explicarlle ao opositor desconforme o sentido e razón de ser das súas puntuacións. Así as cousas, non resultaría cabalmente entendible que se lles puidese estar esixindo os membros deste órgano de selección sucesivas cotas de motivación, cada vez que un aspirante discrepe coa explicación ofrecida en resposta a unhas alegacións precedentes, pois o contrario supoñería, *de facto*, impedir a normal consecución de calquera procedemento selectivo (pensemos, valga o exemplo, nunha oposición onde existan mil aspirantes admitidos e o Tribunal tivese que ofrecer sucesivas explicacións cada vez que un aspirante discute ou cuestiona o xuízo de valor seguido polos seus membros en cada proba).

Exposto o anterior cumpre concluír que, máis aló do deber de asesoramento do secretario do Tribunal cualificador aos efectos de que os membros deste órgano colexiado procedan a exteriorizar, de forma razoada, unha motivación ao aspirante que cuestionou as puntuacións emitidas, xa non é función que lle corresponda asumir a este funcionario poñer en tela de xuízo, desvirtuar e moito menos revisar, baixo o seu persoal xuízo de convicción, aquela capacidade técnica (actuación revisora que, de poder acometerse -que nunca sería o caso-, estaría sempre abocada ao erro habida conta a falta de idoneidade, formación e capacitación profesional deste secretario para axuizar unha proba técnica destas características). E elo na medida en que dita capacidade valorativa dos exercicios da oposición ven legalmente encomendada a aqueles membros do órgano de selección que, pola súa cualificación e capacitación, ostentan a facultade de voto. Motivo bastante, este último, para que o funcionario informante non chegue a apreciar, baixo o seu leal saber e entender, elemento xurídico ou de ciencia ningún que puidese xustificar unha eventual estimación das pretensións do recurrente, nin sequera coa orde de subsidiariedade que ven reclamando (efectuar unha comparativa do exame práctico realizado, anulación da valoración realizada polo órgano de selección, nova valoración da proba, nulidade do exame e celebración dunha nova proba).

II) No tocante ao Recurso de alzada presentado o día 25 de xaneiro de 2017 contra a lista de puntuacións finais e proposta de nomeamento realizada polo órgano de selección publicada o 21 de decembro de 2016 (documento con número de entrada no rexistro Xeral de 170009507).

Primeiro.- Sobre a admisibilidade do recurso.

O recurso dise interpoñer contra a *“lista de puntuaciones finales y propuesta de nombramiento para la plaza vacante de Conductor Bombero publicada el 21 de diciembre de 2016”*, o que evidencia que o acto administrativo impugnado non ven sendo outro que o acordo do Tribunal cualificador adoptado na sesión de 19 de decembro de 2016. Por tal razón, e obviando repeticións innecesarias, damos por reproducidas as consideracións de índole formal anteriormente expostas verbo da admisibilidade a trámite do recurso de alzada, coas salvedades que a continuación se dirán.

Segundo.- No tocante ao fondo do Recurso.

O recurso artéllase sobre dous motivos impugnatorios. Dunha banda, cuestiónase polo recorrente a valoración do segundo exercicio da oposición, é dicir, a proba teórica tipo test celebrada o día 28 de outubro de 2016, en concreto no tocante á corrección da pregunta número 32, que considera o recorrente nula pola suposta ambigüidade do seu enunciado. Doutra, reitera similares alegatos impugnatorios que os deducidos no recurso de alzada, liñas arriba analizado, verbo da corrección da proba de condución de circuíto aberto.

Dito o anterior, e polo que atinxe ao primeiro dos motivos de impugnación invocados en alzada, cumpre informar o que segue:

Na sesión do Tribunal cualificador de 9 de novembro de 2016 analizouse e deuse razoada resposta a unha alegación precedente do mesmo opositor presentada o día 4 de novembro de 2016, con número de entrada no Rexistro Xeral 160149293, que tiña idéntico contido e pretensións que as deducidas neste recurso, acordándose, acto seguido, a súa desestimación, tal e como se reflicte na correspondente Acta segundo o seguinte tenor literal:

“1ª.- Reclamación presentada no Rexistro Xeral o día 4 de novembro de 2016 por D. Vicente Sayar Ibáñez, con número de entrada 160149293. Solicita que a corrección da pregunta número 32 do exame test se realice valorando como resposta correcta, ao seu entender, a primeira das catro respostas alternativas ofrecidas polo Tribunal, isto é, a que figura identificada como resposta “A” (valorar o estado de consciencia da vítima), e non a identificada baixo a letra “B” (comprobar que non existe perigo para quen efectúa o rescate), sendo esta última a resposta que estimou correcta o Tribunal cualificador á hora de corrixir o exercicio.

O Tribunal, por unanimidade dos membros con voz e voto, acorda desestimar a solicitude. A resposta “B”, que o Tribunal identificou como a correcta, é a ofrecida no manual “4.500 PREGUNTAS DE TEST PARA OPOSICIONES A BOMBERO”, Editorial Nexo Formación Editores, ano 2011 (pregunta número 295 do manual), criterio de valoración que comparte integramente o Tribunal dentro do correcto exercicio da discrecionalidade técnica que lle asiste, pola seguinte razón. A Reanimación Cardio Pulmonar (RCP) é unha actuación máis das integradas dentro do denominado Soporte Vital Básico (SVB). Ante un accidente, ao atoparnos cun accidentado en Parada Cardiorrespiratoria (PCR), a primeira medida a adoptar é comprobar sempre que non

existe perigo para o rescatador, xa que da súa integridade física depende a seguridade da propia vítima e a viabilidade do seu salvamento, pois ningunha utilidade nin beneficio pode reportar nin para a vítima nin para o rescatador que ámbolos dous se atopen nun lugar inseguro, correndo un alto risco de sufrir un contratempo que imposibilite as labores de reanimación. Polo que, unha vez adoptadas as medidas tendentes á garantir a seguridade dos rescatadores e da vítima, poderá auxiliarse a esta última coa debida efectividade, debendo seguirse, a partir deste momento e non antes, todas as actuacións tendentes a ofrecerlle os primeiros auxilios, xa que, baixo ningún concepto, poderá intervirse nunha situación de risco para a integridade do rescatador e da vítima, criterio por outra banda comunmente aceptado en calquera protocolo de salvamento. Baste ler o traballo denominado "SOPORTE VITAL BÁSICO, Guías clínicas 2003", elaborado polos doutores José Ignacio Cenoz Osinaga, Delfín García Caeiro, Carlos Beceiro Beceiro, médicos da base Medicalizada de Urgencias Sanitarias 061 de Santiago de Compostela -apartado secuencia del SVB-, ou o manual de Técnico de Emerxencias, nivel básico, do SAMUR -Protección Civil, do Concello de Madrid -epígrafe 2.2.2-, por citar algúns exemplos, facilmente consultables en Internet."

A devandita Acta foi obxecto de debida publicación na páxina web do Concello o día 9 de novembro de 2016, ás 14.43 horas.

En lóxica coherencia coas razóns de índole formal anteriormente expostas, e que motivarían a admisión a trámite do recurso de alzada interposto contra o acordo do Tribunal cualificador de 19 de decembro de 2016 (no que, entre outras decisións adoptadas, acordábase o rexeitamento das alegacións presentadas polo aspirante contra o acordo precedente do Tribunal de 30 de novembro de 2016, relativo á emisión das cualificacións individuais outorgadas na proba de condución), cumpre apreciar, neste caso, unha causa de inadmisibilidade, por se tratar o acordo do órgano cualificador do día 9 de novembro de 2016 unha actuación firme e consentida.

En efecto, e tendo en conta (i) que o prazo para recorrer en alzada a actuación do Tribunal Cualificador celebrada o 9 de novembro de 2016 rematou un mes despois da publicación da correspondente Acta, isto é, o 9 de decembro de 2016 (venres), e (ii) que o recurso de alzada obxecto da presente análise foi presentado no Rexistro xeral da Xunta de Galicia o día 23 de xaneiro de 2017 (luns) ás 15,58 horas, resulta obvio entender que baixo a pretendida impugnación do acordo do Tribunal de 19 de decembro o que se está pretendendo non é outra cousa que reabrir unha vía impugnatoria, xa fenecida, contra unha actuación do Tribunal precedente (acordo de 9 de novembro de 2016) e que, aínda sendo de trámite, ten substantividade propia para poder ser recorrida en alzada segundo o disposto no Artigo 114 da Lei 30/92, concordante co Artigo 121 da lei 39/2015. E isto último na medida en que o acordo adoptado polo órgano de selección na súa sesión de 9 de novembro de 2016 comportou unha decisión que claramente se pronunciaba sobre o fondo do debate plantexado polo recorrente.

Noutro caso, isto é, de entenderse (a meros efectos dialécticos) que non son susceptibles de recurso en alzada as actuacións do Tribunal polas que se resolveron as distintas reclamacións dos aspirantes contra concretas actuacións do mesmo órgano de selección, tampouco serían recorribles en alzada, en lóxica coherencia, os acordos adoptados nas sesións de 30 de novembro e 19 de decembro de 2016, tal e como así resultan combatidos polo mesmo opositor baixo o recurso de alzada identificado baixo o número de entrada no Rexistro Xeral 170009502, anteriormente analizado.

E, por tal razón, entendemos que procede rexeitar este concreto alegato impugnatorio.

Polo que atinxe ao segundo dos motivos de impugnación invocados en alzada, no que ve a cuestionar o recorrente o proceso lóxico de valoración seguido polos membros do tribunal cualificador trala execución da proba de condución de circuíto aberto, evidénciase que a liña argumental desta concreta alegación ven sendo unha reprodución mimética do motivo de impugnación contido no recurso de alzada presentado o día 25 de xaneiro de 2017 contra as "actas" -enténdanse os acordos- de 30 de novembro e 19 de decembro de 2016 (documento con número de entrada no rexistro Xeral de 170009502), polo que procede remitirnos ao xa informado, liñas arriba, sobre esta mesma cuestión.

Sen prexuízo do exposto, o funcionario informante somete as anteriores consideracións xurídicas a calquera opinión mellor fundada en Dereito susceptible de ser incorporada nos informes que poidan evacuarse desde a área de Recursos Humanos, todo elo co obxecto de garantir a máxima obxectividade e imparcialidade no estudo e valoración de ámbolos dous recursos por parte do departamento responsable da súa tramitación e mais do órgano que resulta competente para a súa resolución.».

En consecuencia, á vista do informado polo Secretario do Órgano de selección, polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, fórmulase á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO

"PRIMEIRO: Desestimar expresamente o recurso de alzada formulado en data 25.01.2017 (Doc. nº 170009502) por D. Vicente Sayar Ibáñez, DNI 77.000.851-W contra o contido das Actas de datas 30 de novembro e 19 de decembro de 2016 do Órgano de selección do proceso selectivo correspondente á praza de CONDUTOR-BOMBEIRO (OEP 2010-2011), a teor do informe xurídico do Secretario do Órgano de Selección de data 01.02.2017.

SEGUNDO: Notificar este acordo ao interesado con indicación de que contra a resolución dun recurso de alzada no caberá ningún outro recurso administrativo, a non ser o recurso extraordinario de revisión nos casos establecidos no Art. 125.1 da LPACAP (Art. 122 LPACAP). Así mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(121).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO CONTRA A LISTA DE PUNTUACIÓNS FINAIS E A PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA A PRAZA VACANTE DE CONDUTOR-BOMBEIRO DA OEP 2010-2011, PUBLICADA O 21 DE DECEMBRO DE 2016. EXPTE. 29374/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 16/02/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos

Humanos, conformado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Consta no Expediente de referencia informe xurídico do Secretario do Órgano de Selección da oposición libre para a cobertura dun/dunha praza de Conductor-Bombeiro do Concello de Vigo (OEP 2010 – 2011), asinado con data 01.02.2017, que é do seguinte teor literal:

«Asunto: Recursos de alzada presentados o día 25 de xaneiro de 2017 por D. Vicente Sayar Ibáñez contra actas de 30 de novembro e 19 de decembro de 2016 do Tribunal cualificador encargado de prover unha praza funcional de condutor bombeiro, por quenda libre, incluída na Oferta de Emprego público dos anos 2010-2011 (documento con número de entrada no rexistro Xeral de 170009502), e máis contra a lista de puntuacións finais e proposta de nomeamento realizada polo mesmo órgano de selección o día 19 de decembro de 2016 (documento con número de entrada no rexistro Xeral de 170009507).

En resposta a petición cursada pola Xefatura de área de Recursos Humanos, pola que interesa a emisión dun informe xurídico no asunto de referencia, tense a ben informar o seguinte:

l) No tocante ao Recurso de alzada presentado o día 25 de xaneiro de 2017 contra as “actas de 30 de novembro e 19 de decembro de 2016” do Tribunal cualificador (documento con número de entrada no rexistro Xeral de 170009502)

Primeiro.- Sobre a admisibilidade do recurso.

Consonte ao previsto na Disposición Transitoria Terceira da Lei 39/2015, de 1 de outubro, os procedementos xa iniciados con anterioridade á entrada en vigor da devandita Lei rexeranse pola normativa anterior, neste caso, a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Consecuentemente, o presente procedemento selectivo, iniciado con anterioridade á entrada en vigor da Lei 39/2015, rexerase no tocante ao réxime de recursos pola Lei 30/1992, se ben o réxime legal configurado nesta última norma en materia impugnatoria dos actos e disposicións administrativas é substancialmente coincidente co regulado nos artigos 112 e seguintes da vixente Lei 39/2015.

Segundo o previsto no Artigo 114.1 da Lei 30/92 (concordante co artigo 121 da lei 39/2015), as resolucións e actos aos que se refire artigo 107.1 da mesma lei son susceptibles de recurso en alzada ante o órgano superior que os ditou, engadindo o precepto, a continuación, que os Tribunais e órganos de selección do persoal ao servizo das Administracións públicas e calquera outros que, no seo das mesmas, actúen con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano ao que estean adscritos ou, no seu defecto, do que nomeara ao presidente dos mesmos. Tal previsión, unida ao feito de que as actuacións dos Tribunais cualificadores vinculan ao órgano resolutor (artigo 14 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración civil do estado, de aplicación supletoria ás entidades locais), obriga a entender que os actos combatidos polo recorrente, na medida en que producen unha decisión sobre o fondo do asunto, son susceptibles de impugnación en alzada (aínda que, erroneamente, o recorrente os identifique coas “actas” do Tribunal,

debedo presumirse que o que realmente impugna son as actuacións do Tribunal cualificador descritas nas correspondentes actas).

A interposición deste recurso deberá producirse nos prazos habilitados polo Artigo 115 da, entón vixente, Lei 30/1992 (concordante co artigo 122 da Lei 39/2015), isto é, *un mes* cando o acto fora expreso, prazo que deberá computarse a partir do día seguinte a aquel no que o interesado tivo coñecemento do seu contido.

As actuacións do Tribunal agora impugnadas enalzadas foron obxecto de debido coñecemento para todos os opositores a través da pertinente publicación telemática na páxina web municipal que expresamente resultou habilitada a estes efectos (epígrafe 8.4.4 das Bases xerais que rexen a convocatoria, publicadas no D.O.G. número 240, de 18 de decembro de 2012, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do día 14 de setembro de 2012), sistema de información que permite determinar, exactamente, a data e hora na que se levaron a cabo as respectivas publicacións.

Tendo en conta que a Acta de 19 de decembro de 2016 foi publicada integramente na páxina web municipal o día 21 de decembro de 2016 ás 09, 28 horas, e considerando (i) que o prazo para recorrer en alzada a actuación do Tribunal Cualificador celebrada o 19 de decembro de 2016 rematou un mes despois da publicación da correspondente Acta, isto é, o 21 de xaneiro de 2017 (sábado), e (ii) que o recurso de alzada foi presentado no Rexistro xeral da Xunta de Galicia o día 23 de xaneiro de 2017 (luns) ás 15,58 horas -por resultar inhábil o día de remate do prazo dun mes-, o recurso debe entenderse presentado en tempo e forma, ex artigo 30.4 e 30.5 da lei 39/2015.

Segundo.- No tocante ao fondo do Recurso.

En síntese, o alcance impugnatorio do recurso vai orientado a cuestionar o xuízo de convicción que presidiu a emisión das respectivas cualificacións individuais outorgadas polo Tribunal cualificador o día 30 de novembro de 2016, trala realización da proba práctica de condución en circuíto aberto, celebrada o día 28 de novembro do mesmo ano.

Nesta orde de consideracións, o alcance do informe xurídico que se recaba do funcionario que subscribe, na súa condición de secretario do órgano de selección, deberá circunscribirse á constatar se a actuación dos membros que integraron o órgano colexiado foi ou non respectuosa coas prescricións contidas nas bases de selección e máis coas esixencias que veñen sendo establecidas pola doutrina xurisprudencial recaída nesta materia, especialmente no que atinxe ao deber de motivar, dunha forma razoada, o sentido e alcance das cualificacións emitidas.

En lóxica coherencia co anterior, queda fora do obxecto e finalidade deste informe xurídico calquera análise eventualmente orientada a provocar unha sorte de substitución do xuízo de valor que presidiu a emisión das puntuacións polos membros do Tribunal, e elo por dúas razóns. A primeira, por canto o funcionario que subscribe carece de ningunha formación específica que lle permita valorar a correcta ou incorrecta actuación dos aspirantes nesta proba de condución, e, moito menos, revisar as puntuacións outorgadas por cada membro do Tribunal en aplicación duns coñecementos teórico e prácticos que, pola contra, si posúen os demais membros deste órgano colexiado (lembremos que todos os membros do Tribunal con capacidade de voto están en posesión dos títulos habilitantes para conducir o vehículo onde se executou a proba, así como da formación e experiencia adecuada para valorar a execución deste exercicio). A segunda, porque os únicos órganos legalmente habilitados para poder entrar a valorar se o xuízo de convicción mantido polos membros dun

órgano especializado de selección, aínda que resulte formalmente motivado, puido ou non comportar algunha desviación indebida verbo do marxe de discrecionalidade técnica que legalmente lles asiste a eses membros, son os órganos da xurisdición contencioso administrativa.

Por tal razón, a así convén clarexalo, as funcións legalmente encomendadas aos secretarios destes órganos de selección recondúcense a deixar fel testemuña das actuacións adoptadas polos membros do Tribunal, ofrecéndolles, ao mesmo tempo, o debido asesoramento legal para que se dea correcto cumprimento ás solemnidades e esixencias formais que deben presidir todas as súas actuacións.

Así as cousas, na Acta de 30 de novembro de 2016 os membros do Tribunal, a requirimento do Secretario deste órgano colexiado, procederon incorporar, de maneira individual, unha primeira pero profusa explicación, referida ao proceso lóxico que seguiron para emitir as súas respectivas puntuacións nesta proba práctica, evidenciando, cando menos, unha clara vocación de transparencia e obxectividade (Xa o encabezamento da Acta rezaba do seguinte xeito: *“O Secretario informa aos membros do Tribunal da conveniencia de incorporar á presente acta, para maior seguridade xurídica e transparencia, unha sucinta motivación individual, por cada membro do Tribunal, na que se xustifique o xuízo de valor seguido para a emisión das súas cualificacións individuais, sobre todo tendo en conta que todos os membros do Tribunal con voz e voto contan cos coñecementos técnicos necesarios para valorar, obxectivamente, a execución desta proba de condución ao dispoñer, todos eles, da debida experiencia na condución deste tipo de vehículos, e elo tanto por razón das funcións inherentes aos empregos públicos que desempeñan ou desempeñaron na Administración, como por razón da posesión por todos eles, dende fai anos, dos permisos de circulación esixibles para a condución dos vehículos da clase C+E.”*).

A pesar dilo, e ante a primeira das alegacións presentadas polo recorrente o día 5 de decembro de 2016 (documento 160164611), nas que cuestionaba a motivación ofrecida nesa Acta de 30 de novembro de 2016 (e, por tanto, o correcto exercicio das facultades discrecionais do Tribunal á hora para emitir as puntuacións do exercicio de condución), polo Secretario do Tribunal entendeuse oportuno, para evitar calquera físgoa de índole formal susceptible de provocar unha quebra no deber de motivación que lle incumbe asumir aos seus membros, que o correcto exercicio dese deber, tal e como así ven sendo analizado pola xurisprudencia, podía esixir unha desagregación máis detallada das cualificacións individuais xa emitidas. En efecto, tal e como consta na Acta da sesión de 13 de decembro de 2016, o Secretario do Tribunal informou oportunamente ao Tribunal cualificador que consonte ao maxisterio xurisprudencial máis recente do Tribunal Supremo recaído nesta materia (S. TS de 16 de marzo de 2015, recurso 735/2014, entre outras), é doutrina xa consolidada a que ven a afirmar que, unha vez presentada unha reclamación ou alegación por un aspirante do proceso selectivo na que se cuestione o proceso lóxico seguido polo Tribunal para a emisións das cualificacións individuais, debe ofrecérselle ao opositor unha explicación detallada da forma en que foron ponderados os criterios ou parámetros valorativos preestablecidos para a puntuación desta proba, isto é, exteriorizando o modo no que os membros do órgano cualificador conformaron o seu xuízo de convicción.

A esta formalidade deuse cumprimento na sesión do órgano cualificador de 19 de decembro de 2016, tal e como se reflicte na correspondente Acta, momento no que se rexeitaron as pretensións revisoras do opositor, agora recorrente en alzada, ofrecéndolle ao aspirante, ademais da propia xustificación lóxico-racional que se deduce da propia desagregación das

puntuacións, unha segunda explicación técnica das razóns que lles asistiron á hora de valorar os distintos parámetros do modo no que así o fixeron.

Nesta orde de antecedentes, cumpre advertir que para que o contido da motivación poda ser considerada validamente realizada segundo o maxisterio xurisprudencial exposto, a mesma debe cumprir, cando menos, determinadas esixencias formais: (a) expresar o material ou as fontes de información sobre as que vai operar o xuízo técnico; (b) consignar os criterios de valoración cualitativa que se utilizarán para emitir o xuízo técnico e (c) expresar porqué a aplicación deses criterios conduce ao resultado individualizado que outorga a preferencia a un candidato fronte aos demais.

Neste contexto dificilmente pode achacárselle aos membros que puntuaron a execución da controvertida proba unha ausencia de motivación tal que permita concluír unha suposta desviación no seu discrecional xuízo técnico, o que, *sensu contrario*, obrigaría a entender que o órgano de selección actuou dentro dunha tolerable marxe de apreciación propia do saber especializado co que contan os seus membros.

Resulta evidente, cando menos dende unha perspectiva formal, que os membros do Tribunal cualificador xustificaron e motivaron cunha exposición aparentemente razoada e coherente -amen de abundada- o sentido e razón de ser das súas cualificacións, e sen que se poida chegar a apreciar, por este funcionario informante, ningunha actuación cualificable de ilóxica, irracional ou arbitraria á hora de exercer esta función valorativa (presidida sempre, recordemos, por un carácter técnico pero en todo caso discrecional). E polas mesmas razóns tampouco conseguimos albiscar ningunha situación de trato desigual entre os aspirantes que executaron a proba, e aos que e lle aplicaron por igual os mesmos criterios ou parámetros de valoración, coñecidos por todos eles antes do inicio da proba.

Obviamente poderán ou non compartirse as cualificacións outorgadas individualmente por todos ou algún dos membros do Tribunal, como tamén os razoamentos que por eles foron expostos aos aspirantes para explicar o seu discrecional xuízo técnico (neste caso, ofrecido en dúas ocasións consecutivas). Pero o que non cabe dúbida é que os membros que valoraron esta proba práctica procuraron exteriorizar unha sobrada motivación (posiblemente ata un grao de detalle que transcenda incluso ás esixencias impostas pola doutrina xurisprudencial) para explicarlle ao opositor desconforme o sentido e razón de ser das súas puntuacións. Así as cousas, non resultaría cabalmente entendible que se lles puidese estar esixindo os membros deste órgano de selección sucesivas cotas de motivación, cada vez que un aspirante discrepe coa explicación ofrecida en resposta a unhas alegacións precedentes, pois o contrario supoñería, *de facto*, impedir a normal consecución de calquera procedemento selectivo (pensemos, valga o exemplo, nunha oposición onde existan mil aspirantes admitidos e o Tribunal tivese que ofrecer sucesivas explicacións cada vez que un aspirante discute ou cuestiona o xuízo de valor seguido polos seus membros en cada proba).

Exposto o anterior cumpre concluír que, máis aló do deber de asesoramento do secretario do Tribunal cualificador aos efectos de que os membros deste órgano colexiado procedan a exteriorizar, de forma razoada, unha motivación ao aspirante que cuestionou as puntuacións emitidas, xa non é función que lle corresponda asumir a este funcionario poñer en tela de xuízo, desvirtuar e moito menos revisar, baixo o seu persoal xuízo de convicción, aquela capacidade técnica (actuación revisora que, de poder acometerse -que nunca sería o caso-, estaría sempre abocada ao erro habida conta a falta de idoneidade, formación e capacitación profesional deste secretario para axuizar unha proba técnica destas

características). E elo na medida en que dita capacidade valorativa dos exercicios da oposición ven legalmente encomendada a aqueles membros do órgano de selección que, pola súa cualificación e capacitación, ostentan a facultade de voto. Motivo bastante, este último, para que o funcionario informante non chegue a apreciar, baixo o seu leal saber e entender, elemento xurídico ou de ciencia ningún que puidese xustificar unha eventual estimación das pretensións do recorrente, nin sequera coa orde de subsidiariedade que ven reclamando (efectuar unha comparativa do exame práctico realizado, anulación da valoración realizada polo órgano de selección, nova valoración da proba, nulidade do exame e celebración dunha nova proba).

II) No tocante ao Recurso de alzada presentado o día 25 de xaneiro de 2017 contra a lista de puntuacións finais e proposta de nomeamento realizada polo órgano de selección publicada o 21 de decembro de 2016 (documento con número de entrada no rexistro Xeral de 170009507).

Primeiro.- Sobre a admisibilidade do recurso.

O recurso dise interpoñer contra a *"lista de puntuaciones finales y propuesta de nombramiento para la plaza vacante de Conductor Bombero publicada el 21 de diciembre de 2016"*, o que evidencia que o acto administrativo impugnado non ven sendo outro que o acordo do Tribunal cualificador adoptado na sesión de 19 de decembro de 2016. Por tal razón, e obviando repeticións innecesarias, damos por reproducidas as consideracións de índole formal anteriormente expostas verbo da admisibilidade a trámite do recurso de alzada, coas salvedades que a continuación se dirán.

Segundo.- No tocante ao fondo do Recurso.

O recurso artéllase sobre dous motivos impugnatorios. Dunha banda, cuestiónase polo recorrente a valoración do segundo exercicio da oposición, é dicir, a proba teórica tipo test celebrada o día 28 de outubro de 2016, en concreto no tocante á corrección da pregunta número 32, que considera o recorrente nula pola suposta ambigüidade do seu enunciado. Doutra, reitera similares alegatos impugnatorios que os deducidos no recurso de alzada, liñas arriba analizado, verbo da corrección da proba de condución de circuíto aberto.

Dito o anterior, e polo que atinxe ao primeiro dos motivos de impugnación invocados en alzada, cumpre informar o que segue:

Na sesión do Tribunal cualificador de 9 de novembro de 2016 analizouse e deuse razoada resposta a unha alegación precedente do mesmo opositor presentada o día 4 de novembro de 2016, con número de entrada no Rexistro Xeral 160149293, que tiña idéntico contido e pretensións que as deducidas neste recurso, acordándose, acto seguido, a súa desestimación, tal e como se reflicte na correspondente Acta segundo o seguinte tenor literal:

"1ª.- Reclamación presentada no Rexistro Xeral o día 4 de novembro de 2016 por D. Vicente Sayar Ibáñez, con número de entrada 160149293. Solicita que a corrección da pregunta número 32 do exame test se realice valorando como resposta correcta, ao seu entender, a primeira das catro respostas alternativas ofrecidas polo Tribunal, isto é, a que figura identificada como resposta "A" (valorar o estado de consciencia da vítima), e non a identificada baixo a letra "B" (comprobar que non existe perigo para quen efectúa o

rescate), sendo esta última a resposta que estimou correcta o Tribunal cualificador á hora de corrixir o exercicio.

O Tribunal, por unanimidade dos membros con voz e voto, acorda desestimar a solicitude. A resposta "B", que o Tribunal identificou como a correcta, é a ofrecida no manual "4.500 PREGUNTAS DE TEST PARA OPOSICIONES A BOMBERO", Editorial Nexo Formación Editores, ano 2011 (pregunta número 295 do manual), criterio de valoración que comparte integramente o Tribunal dentro do correcto exercicio da discrecionalidade técnica que lle asiste, pola seguinte razón. A Reanimación Cardio Pulmonar (RCP) é unha actuación máis das integradas dentro do denominado Soporte Vital Básico (SVB). Ante un accidente, ao atoparnos cun accidentado en Parada Cardiorrespiratoria (PCR), a primeira medida a adoptar é comprobar sempre que non existe perigo para o rescatador, xa que da súa integridade física depende a seguridade da propia vítima e a viabilidade do seu salvamento, pois ningunha utilidade nin beneficio pode reportar nin para a vítima nin para o rescatador que ámbolos dous se atopen nun lugar inseguro, correndo un alto risco de sufrir un contratempo que imposibilite as labores de reanimación. Polo que, unha vez adoptadas as medidas tendentes á garantir a seguridade dos rescatadores e da vítima, poderá auxiliarse a esta última coa debida efectividade, debendo seguirse, a partir deste momento e non antes, todas as actuacións tendentes a ofrecerlle os primeiros auxilios, xa que, baixo ningún concepto, poderá intervirse nunha situación de risco para a integridade do rescatador e da vítima, criterio por outra banda comunmente aceptado en calquera protocolo de salvamento. Baste ler o traballo denominado "SOPORTE VITAL BÁSICO, Guías clínicas 2003", elaborado polos doutores José Ignacio Cenoz Osinaga, Delfín García Caeiro, Carlos Beceiro Beceiro, médicos da base Medicalizada de Urgencias Sanitarias 061 de Santiago de Compostela -apartado secuencia del SVB-, ou o manual de Técnico de Emerxencias, nivel básico, do SAMUR -Protección Civil, do Concello de Madrid -epígrafe 2.2.2-, por citar algúns exemplos, facilmente consultables en Internet."

A devandita Acta foi obxecto de debida publicación na páxina web do Concello o día 9 de novembro de 2016, ás 14.43 horas.

En lóxica coherencia coas razóns de índole formal anteriormente expostas, e que motivarían a admisión a trámite do recurso de alzada interposto contra o acordo do Tribunal cualificador de 19 de decembro de 2016 (no que, entre outras decisións adoptadas, acordábase o rexeitamento das alegacións presentadas polo aspirante contra o acordo precedente do Tribunal de 30 de novembro de 2016, relativo á emisión das cualificacións individuais outorgadas na proba de condución), cumpre apreciar, neste caso, unha causa de inadmisibilidade, por se tratar o acordo do órgano cualificador do día 9 de novembro de 2016 unha actuación firme e consentida.

En efecto, e tendo en conta (i) que o prazo para recorrer en alzada a actuación do Tribunal Cualificador celebrada o 9 de novembro de 2016 rematou un mes despois da publicación da correspondente Acta, isto é, o 9 de decembro de 2016 (venres), e (ii) que o recurso de alzada obxecto da presente análise foi presentado no Rexistro xeral da Xunta de Galicia o día 23 de xaneiro de 2017 (luns) ás 15,58 horas, resulta obvio entender que baixo a pretendida impugnación do acordo do Tribunal de 19 de decembro o que se está pretendendo non é outra cousa que reabrir unha vía impugnatoria, xa fenecida, contra unha actuación do Tribunal precedente (acordo de 9 de novembro de 2016) e que, aínda sendo de trámite, ten substantividade propia para poder ser recorrida en alzada segundo o disposto no Artigo 114 da Lei 30/92, concordante co Artigo 121 da lei 39/2015. E isto último na medida

en que o acordo adoptado polo órgano de selección na súa sesión de 9 de novembro de 2016 comportou unha decisión que claramente se pronunciaba sobre o fondo do debate plantexado polo recorrente.

Noutro caso, isto é, de entenderse (a meros efectos dialécticos) que non son susceptibles de recurso en alzada as actuacións do Tribunal polas que se resolveron as distintas reclamacións dos aspirantes contra concretas actuacións do mesmo órgano de selección, tampouco serían recorribles en alzada, en lóxica coherencia, os acordos adoptados nas sesións de 30 de novembro e 19 de decembro de 2016, tal e como así resultan combatidos polo mesmo opositor baixo o recurso de alzada identificado baixo o número de entrada no Rexistro Xeral 170009502, anteriormente analizado.

E, por tal razón, entendemos que procede rexeitar este concreto alegato impugnatorio.

Polo que atinxe ao segundo dos motivos de impugnación invocados en alzada, no que ve a cuestionar o recorrente o proceso lóxico de valoración seguido polos membros do tribunal cualificador trala execución da proba de condución de circuíto aberto, evidénciase que a liña argumental desta concreta alegación ven sendo unha reprodución mimética do motivo de impugnación contido no recurso de alzada presentado o día 25 de xaneiro de 2017 contra as "actas" -enténdanse os acordos- de 30 de novembro e 19 de decembro de 2016 (documento con número de entrada no rexistro Xeral de 170009502), polo que procede remitirnos ao xa informado, liñas arriba, sobre esta mesma cuestión.

Sen prexuízo do exposto, o funcionario informante somete as anteriores consideracións xurídicas a calquera opinión mellor fundada en Dereito susceptible de ser incorporada nos informes que poidan evacuarse desde a área de Recursos Humanos, todo elo co obxecto de garantir a máxima obxectividade e imparcialidade no estudo e valoración de ámbolos dous recursos por parte do departamento responsable da súa tramitación e mais do órgano que resulta competente para a súa resolución.».

En consecuencia, á vista do informado polo Secretario do Órgano de selección, polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, formúlase á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO

"PRIMEIRO: Desestimar expresamente o recurso de alzada formulado en data 25.01.2017 (Doc. nº 170009507) por D. Vicente Sayar Ibáñez, DNI 77.000.851-W contra a lista de puntuacións finais e proposta de nomeamento realizada polo Órgano de selección do proceso selectivo correspondente á praza de CONDUTOR-BOMBEIRO (OEP 2010-2011), a teor do informe xurídico do Secretario do Órgano de Selección de data 01.02.2017.

SEGUNDO: Notificar este acordo ao interesado con indicación de que contra a resolución dun recurso de alzada no caberá ningún outro recurso administrativo, a non ser o recurso extraordinario de revisión nos casos establecidos no Art. 125.1 da LPACAP (Art. 122 LPACAP). Así mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(122).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO CONTRA O ANUNCIO DE PUNTUACIÓNS TOTAIS E A PROPOSTA DE NOMEAMENTO NA PRAZA VACANTE DE TÉCNICO/A MEDIO/A DE IGUALDADE CORRESPONDENTE Á OEP 2010-2011, 2ª FASE. EXPTE. 29493/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 16/02/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, conformado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Consta no Expediente de referencia informe xurídico do Secretario do Órgano de Selección da oposición libre para a cobertura dun/dunha praza de Técnico/a Medio/a de Igualdade do Concello de Vigo (OEP 2010 – 2011), asinado con data 06.02.2017, que é do seguinte teor literal:

«INFORME XURÍDICO

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. Unha vez rematadas todas as probas previstas, o Órgano encargado de seleccionar mediante oposición a un/unha TÉCNICO/A MEDIO/A DE IGUALDADE (OEP 2010-2011) acordou por unanimidade, na súa sesión do 10.11.2016, someter á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a seguinte proposta:

«Propoñer o nomeamento como funcionaria de carreira con cargo a unha praza vacante de TÉCNICA MEDIA DE IGUALDADE, enmarcada no grupo A; subgrupo A2; escala de Admón. especial; subescala servizos especiais; clase cometidos especiais, que figura incluída na Oferta de Emprego Público 2010-2011 do Concello de Vigo, á aspirante nº 61, Dª. MARÍA DEL MAR SOTO GARCÍA (DNI nº 36.140.799-W), que foi a que acadou a maior puntuación de todas as presentadas, obtendo un total de 28,237 puntos».

I.2. Foron de aplicación a este proceso selectivo as bases xerais da OEP 2010-2011 do Concello de Vigo aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 14.09.2012 (BOP nº 210, do 31.10.2012 e DOG nº 240, do 18.12.2012) e as específicas (2ª Fase), aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesións do 05.12.2013 e 13.12.2013 e publicadas no DOG nº 245, do 24.12.2013 e no BOP nº 240, do 16.12.2013. Estaban dispoñibles na sede electrónica do Concello de Vigo no sitio: <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/oferta.jsp?id=27&lang=ga>

I.3. De acordo co disposto na Base xeral Oitava (Apdo. 8.4.1), «as resolucións do órgano de selección vinculan a Administración, sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder á súa revisión, conforme o previsto no artigo 102 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común» (hoxe, Arts. 106 e ss. L.39/2015). Contra as resolucións e actos do órgano de selección e os seus actos de trámite cualificados poderanse interpoñer os recursos que legalmente procedan en dereito.

I.4. Mediante escrito que tivo entrada no Rexistro xeral municipal o 09.12.2016 (Doc. nº 160166212) interpúxose por parte de D^a. Ana García Barrio (DNI nº 35.319.238-R) recurso de alzada contra a resolución do Órgano de selección pola que se outorgaron as puntuacións totais ou resultados finais dese proceso selectivo e se acordou someter á consideración da Xunta de Goberno Local a proposta de nomeamento como funcionaria para a praza de TÉCNICO/A MEDIO/A DE IGUALDADE á aspirante nº 61, D^a. M^a del Mar Soto García. Solicita que se estime e se declare a nulidade ou, subsidiariamente, a anulabilidade do acto recorrido, coas consecuencias que se relacionan na súa solicitude. Solicítase igualmente, ó abeiro do Art. 117 da L.39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas (LPACAP), “la suspensión de la Ejecución del nombramiento en el proceso selectivo ahora impugnado”.

I.5. En aplicación do disposto no Art. 118.1 e 2 da LPACAP, deuselle traslado por parte do Servizo de RR.HH. de copia íntegra do recurso da Sra. García Barrio á aspirante proposta (M^a del Mar Soto García), a fin de que no prazo indicado puidese alegar o que estimase procedente (Dilixencia de comparecencia do 16.12.2016). Non consta, na data na que se asina este informe, a presentación de alegación ningunha da interesada.

I.6. Mediante correo electrónico do 19.12.2016 do funcionario que exerceu a Secretaría do Órgano de selección, deuse tamén traslado do recurso a todos os demais membros, informándolles ó mesmo tempo da entrega de copia á opositora proposta para a praza.

I.7. A documentación completa deste proceso selectivo, tramitado co Exp. nº 28565/220, foi entregada ó Servizo de RR.HH. o 16.11.2016.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

- *RDLex.5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).*
- *D.Lex.1/2008, do 13 de marzo, Texto Refundido da Lei da función pública Galicia.*
- *L.2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.*
- *D.896/1991, do 7 de xuño de 1991, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Admón. local.*
- *RD.364/1995, do 10 de marzo, polo que se aprobou o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Admón. Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción profesional dos funcionarios civís da AXE.*
- *Bases xerais OEP 2010-2011 do Concello de Vigo (Xunta de Goberno Local 14.09.2012; BOP nº 210, do 31.10.2012 e DOG nº 240, do 18.12.2012).*
- *Bases específicas – 2ª Fase (Xunta de Goberno Local 05.12.2013 e 13.12.2013; DOG nº 245, do 24.12.2013 e BOP nº 240, do 16.12.2013).*

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Prescribe o Art. 121 da LPACAP que as resolucións e actos a que se refire o seu Art. 112.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser recorridos en alzada perante o órgano superior xerárquico do que os ditou. Para estes efectos, os Tribunais e órganos de selección do personal ó servizo das Administracións Públicas consideraranse dependentes do órgano ó que estean adscritos ou, no seu defecto, do que nombrase ó seu Presidente. O recurso poderá interpoñerse perante o órgano que ditou o acto que se impugna ou perante o competente para resolvelo. No primeiro caso, o órgano que ditou o acto impugnado deberá remitilo ó competente no prazo de dez días, co seu informe e copia completa e ordenada do expediente.

III.2. O prazo para a interposición do recurso de alzada será dun (1) mes se o acto é expreso. Noutro caso, poderá interpoñerse en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de tres (3) meses. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución, poderase entender desestimado, agás no suposto previsto no Art. 24.1 3º pfo. da LPACAP.

Contra a resolución dun recurso de alzada no caberá ningún outro recurso administrativo, a non ser o recurso extraordinario de revisión nos casos establecidos no Art. 125.1 da LPACAP (Art. 122 LPACAP).

III.3. Segundo o disposto na Base xeral Oitava (Apdo. 8.1) das que rexeron o proceso selectivo, correspóndelles ós secretarios dos Órganos de selección as funcións de asesoramento legal, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos «e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que se poidan presentar contra os actos e acordos do órgano de selección».

III.4. En virtude das Instrucción do concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e Persoal do 01.12.2015 (XGL do 04.12.2015) e da Resolución do mesmo órgano do 26.08.2016 (BOP nº 239, do 11.12.2015 e BOP nº 167, do 01.09.2016), o TAX que asina foi nomeado secretario do Órgano para a selección e proposta de nomeamento como funcionario/a dun/unha Técnico/a Medio/a de Igualdade incluído/a na OEP 2010-2011 do

Concello de Vigo (2ª Fase). Correspóndelle, polo tanto, a emisión do informe xurídico relativo ó recurso administrativo interposto.

III.5. O escrito de recurso obxecto de informe cumpre cos requisitos formais para a súa admisibilidade: interpónse en prazo e forma por persoa interesada e diríxese fronte a un acto/resolución do Órgano de selección susceptible de impugnación por este medio.

Procede, pois, entrar a coñecer o recurso da Sra. García Barrio, que propoñemos DESESTIMAR expresamente toda vez que tanto o proceso selectivo como a proposta de nomeamento resultan plenamente axustadas a Dereito.

A seguir, analizaremos cada un dos motivos de impugnación do recurso, non sen antes poñer de manifesto que a agora recorrente non formulou queixa, alegación, reclamación ou recurso ningún durante todo este proceso selectivo, iniciado, na súa fase de oposición, en setembro de 2016 e rematado no mes de novembro dese mesmo ano. En efecto, ata a proposta de nomeamento efectuada polo Órgano de selección o 10.11.2016 ningún reparo realizou sobre a composición, cualificación ou idoneidade dos seus membros nin tampouco ningunha obxección fixo a respecto da forma de realizar cada unha das probas de que constou ou dos seus resultados parciais.

– **Motivo nº 1: “Identificación de los examinados. Vulneración de la garantía de anonimato. Nulidad”.**

Sinala a recorrente que “no habiéndose procedido con salvaguarda de la referida confidencialidad o anonimato” na realización da primeira das probas selectivas (test), “debe declararse la nulidad, o cuando menos la anulabilidad, del proceso y la repetición de las pruebas desde el primer ejercicio con las garantías precisas y ante distinto tribunal”.

En realidade, como veremos a continuación, a realización e corrección do exercicio test sen anonimato carece dos efectos anulatorios ou invalidantes pretendidos.

A Base xeral Décimo sétima (“Incidencias”) establece, reproducindo o Art. 4 pfo. 2ºc] do D.896/1991, do 7 de xuño de 1991, que: «O órgano de selección queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para garantir a transparencia da selección, procurando, na medida do posible, o anonimato dos/as aspirantes durante a realización e corrección das probas selectivas».

Nas Bases específicas da praza de TÉCNICO/A MEDIO/A DE IGUALDADE (OEP 2010-2011) unicamente se prevé para a realización do primeiro exercicio da oposición que:

«Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, un cuestionario tipo test de 50 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o temario común para as prazas incluídas no subgrupo A2 de titulación anexo ás bases xerais da convocatoria e a do temario específico anexo a estas bases, que será elaborado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non se puntuará as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos» (Base V).

É certo que existen diversos pronunciamentos xurisprudenciais no sentido de que esa indicación relativa ó anonimato na realización das probas selectivas previstas («procurar, na medida do posible...») non é imprescindible que veña recollida expresamente nas Bases para que sexa de aplicación. Pero tamén é certo que esa garantía de anonimato pode ter maior ou menor relevancia ou ningunha, dependendo do tipo de proba de que se trate.

Así, en efecto, poderíamos establecer a seguinte diferenciación:

- a) Para aqueles exercicios nos que a puntuación dos membros do Órgano de selección puidese verse influída, por pouco que sexa, consciente ou inconscientemente, polo coñecemento da identidades dos aspirantes, debería resultar obrigada a súa realización e corrección de forma anónima.
- b) Naqueles exercicios nos que está prevista a súa realización por escrito e posterior lectura en sesión pública perante o Órgano de selección (como foi o caso dos exercicios 2º e 3º desta oposición), obviamente non resulta de aplicación ese anonimato; prevalecendo lexitimamente as garantías de transparencia e publicidade deste tipo de probas.
- c) Nos exercicios tipo test é posible a súa realización e corrección de forma anónima, certo, pero non facelo así non supón ningunha irregularidade que inexorablemente vicie o seu resultado final.

Así, na Sentencia do Tribunal Supremo do 31.01.2006 acéptase, como xa fixera o Tribunal de instancia (STSX de Galicia do 12.09.2001) que non exercicio tipo test o feito de que non se realizase de forma anónima no habería de ter importancia, precisamente “por ser tipo test y haberse corregido a través de una plantilla única y no constar que ésta hubiese sido realizada después de conocer los resultados del ejercicio y la identidad de sus autores”; sí resultaría en cambio trascendente o anonimato, entende o Tribunal, no caso do segundo exercicio do proceso selectivo impugnado naquela litis (supostos prácticos) “y como consecuencia con influencia en los que le siguen, por tanto, la anulación del procedimiento de selección habrá de entenderse a partir de dicho ejercicio, que habrá de repetirse así como lo que le sigue...”.

O Tribunal Supremo ratifica expresamente o criterio do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, afirmando que: “El Tribunal de instancia estima que el anonimato debió hacerse para evitar cualquier influencia, siquiera de modo subconsciente, en el resultado de la calificación y, si bien reconoce que ningún efecto produjo la identificación de los opositores durante el primer ejercicio, estima que esta circunstancia era relevante en el segundo ejercicio”.

Así pois, con non existir unha liña xurisprudencial única nesta materia, sí pode observarse como aquelas sentenzas que analizan máis polo múdo o asunto e teñen en conta as características propias deste tipo de exames, conclúen declarando a intrascendencia da realización anónima ou non dos test, aínda que, efectivamente, aconsellen ás Admóns. públicas o anonimato tamén nestas probas.

En efecto, tal como recoñeceu expresamente en 2015 unha institución encargada de defender os dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidos na Constitución como é o VALEDOR DO POBO:

«...existen discrepancias na xurisprudencia sobre o carácter invalidante derivado da consignación da identificación do aspirante. Entre outros, e a modo de exemplo, o Tribunal Superior de Justicia de Cataluña desestima a invalidación dunha proba tipo test na que constaba o nome completo do aspirante. Fundamenta a súa decisión sinalando que a identificación persoal é necesaria para evitar suplantacións de personalidade ou de acreditación sobre a quén pertencen as respostas, non supoñendo tal actuar vulneración dos principios constitucionais dado que o test é unha proba que se corrixe automaticamente e non en base a criterios subxectivos do examinador. A corrección deste tipo de exames límitase á aplicación dunha plantilla, de tal modo que resulta indiferente para o Tribunal coñecer o nome ou non dos partícipes debido a que a súa capacidade de decisión ou discrecionalidade está absolutamente vinculada a tal plantilla, sen que poida beneficiar ou prexudicar o feito de coñecer previamente o autor do exame» (Recomendación ó Concello de Valga; Exp. nº A.Q.4 13404/15).

Á marxe do que vemos de sinalar a respecto da intrascendencia no resultado obxectivo da realización ou non de forma anónima do exame tipo test, parécenos tamén relevante reseñar o proceso de elaboración do exame test dos/as aspirantes á praza de TÉCNICO/A MEDIO/A DE IGUALDADE e, en especial, as garantías reais de obxectividade, imparcialidade, transparencia e publicidade observadas:

- Tal como consta na Acta nº 2 do Órgano de selección, entre as 08:30h e as 11:50h elaborouse, a porta pechada, o citado cuestionario coas preguntas achegadas polos membros do Órgano de selección (agás o Presidente) en dispositivos de almacenamento de datos (pen drive). Acordouse por unanimidade fixar o número de preguntas en 50, con 4 preguntas de reserva, e un tempo máximo de 60 minutos para realizar esta proba. Os exercicios foron imprimidos na impresora da Conserxería da Casa do Concello inmediatamente antes do inicio da proba e custodiados polo secretario ata a súa entrega ós aspirantes.
- Non se permitiu a utilización de ningún tipo de instrumento que puidese afectar á intanxibilidade dos exercicios, nin na realización dos mesmos nin na súa posterior corrección.
- Permitiuselle ós/ás aspirantes anotar as súas respostas en papel para que puidesen posteriormente verificar por sí mesmos/as a corrección do resultado a partir da publicación oficial da plantilla.
- Non lles consta a ningún dos membros do Órgano de selección o afirmado pola recorrente no sentido de que: "tras la realización del examen Test una opositora solicitó una plantilla y copia de su examen, negándose tal posibilidad".
- A plantilla de corrección do test foi elaborada previamente polo Órgano de selección e publicada simultaneamente cos resultados desta proba no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e no sitio web <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/plaza.jsp?id=184&lang=ga>
- A puntuación por cada pregunta acertada foi de 0,20 puntos, penalizándose as respostas incorrectas coa metade (-0,10 puntos). As preguntas non respostadas non

eran obxecto de penalización ningunha (Base específica V, pfo. 2º). Consta en anexo a esa Acta nº 2 (en formato papel), orixinais do exercicio proposto coa plantilla de corrección, debidamente asinados por todos os membros do Órgano de selección.

- Os tests dos/as aspirantes foron obxecto de dobre corrección e comprobación por parte dos membros do Órgano de selección, sendo distribuídos de forma aleatoria entre eles e corrixidos cada un por dous membros do Órgano, a fin de garantir a exactitude do resultado final, que non foi impugnado por ninguén. En efecto, no anuncio no que se publicaron os resultados do test (06.10.2016; 11:03h) concedeuselhes ós/ás aspirantes un prazo de tres (3) días hábiles para a presentación de alegacións. Durante ese prazo non se presentou ningunha, nin sobre o contido da proba nin sobre a forma “non anónima” de practicar este primeiro exercicio da oposición.

O test realizouse o 05.10.2016 e o seu cuestionamento formal por parte da Sra. García Barrio prodúcese o 09.12.2016; isto é, transcorridos máis de dous (2) meses desde aquela data, unha vez rematadas todas as probas selectivas, coñecidos os resultados finais (nos que a recorrente acadou a segunda mellor puntuación) e realizada polo Tribunal a correspondente proposta de nomeamento ó órgano resolutorio (Xunta de Goberno Local).

Así pois, nos exames tipo test o anonimato non garante a imparcialidade na corrección porque ésta límitase á aplicación dunha plantilla, de tal xeito que é indiferente que o Órgano de selección coñeza ou non os nomes dos aspirantes, xa que a súa decisión está absolutamente vinculada a esa plantilla de resultados, sen que poida beneficiar ou prexudicar a ninguén o feito de que se coñeza a autoría dos exercicios.

Un exame tipo test corrixido cunha plantilla única previamente elaborada e posteriormente publicada é unha proba de valoración totalmente obxectiva na que a identificación dos aspirantes é irrelevante e só pretende garantir a exacta correspondencia dos exercicios cos seus autores.

En conclusión, a corrección obxectiva (sen valoración subxectiva posible) dun test realizada naquelas condicións, isto é, axustada ás Bases e cunha plantilla previamente elaborada antes de coñecer a identidade dos aspirantes e o resultado da proba, garante plenamente a igualdade de oportunidades dos/as aspirantes, a actuación imparcial do Órgano de selección e a obxectividade das puntuacións outorgadas.

Nos exames tipo test non existe valoración subxectiva nin, polas súas propias características, é posible a atribución ó aspirante de méritos que non sexan exhibidos por el mesmo: as respostas ou son acertadas ou son incorrectas ou non son (preguntas non respostadas).

O certo é que, con esas garantías, o resultado dos tests dos/as aspirantes á praza de TÉCNICO/A MEDIO/A DE IGUALDADE tería sido exactamente o mesmo que se fose realizado de forma anónima. Ó noso xuízo, isto é o verdadeiramente relevante da controversia.

Como acertadamente sinalaba o Tribunal Supremo na súa Sentencia do 31.01.2006 (FD 3º):

«...los efectos jurídicos de la comisión de posibles vicios formales en estos procedimientos dependen de la incidencia que razonablemente puedan tener sobre el fondo del asunto,

pues no tiene sentido anular un acto para subsanar sus defectos formales si la decisión que después se va a tomar, va a coincidir con la primera resolución antes de ser anulada...».

Tamén o VALEDOR DO POBO concluíu naquela Recomendación antes citada (Exp. nº A.Q.4 13404/15) que, con ser preferible a realización anónima de todas as probas selectivas, sempre e cando sexa posible pola natureza e características do exercicio, no caso examinado (proba tipo test):

«...dado que o exame tipo test é corrixido de xeito automático en función dunha plantilla (e non ter opción a posibles rectificacións), non resulta invalidado pola consignación da identidade dos aspirantes ao non producirse indefensión dos interesados. Así, neste suposto, pode apreciarse unha irregularidade non invalidante».

Con todo, a futuro, entendemos que esa Recomendación dirixida a “garantir dunha forma máis completa e perfecta o anonimato dos participantes” debería incorporarse expresamente ó texto das Bases que rexan os seguintes procesos selectivos nesta Admón., non limitándose a transcribir nun mero apartado de “Incidencias”, como sucede nas da OEP 2010-2011 (Base xeral Décimo sétima), a literalidade do Art. 4 pfo. 2ºc] do D.896/1991. Establecendo a obrigatoriedade da realización e corrección anónima das probas (agás a dos exercicios que deban ser obxecto de lectura pública) evitaríase a diversidade de criterios de actuación por parte dos Órganos de selección designados.

– Motivo nº 2: “Ausencia de fijación y publicidad de criterios previos de valoración y corrección”.

Indica a recurrente que “el órgano o tribunal de selección no procedió a establecer en legal forma, como deviene obligado, los criterios de valoración y corrección previamente a los ejercicios, en particular de los ejercicios 2º (teórico) y 3º (práctico), sin que sean suficientes para entender colmada tal obligación meros criterios genéricos que no son sino reiteración de fórmulas estereotipadas que recogen las bases”.

En contra do manifestado pola interesada, a realización e corrección do 2º e 3º exercicio da oposición axustouse plenamente ás Bases reitoras deste proceso selectivo.

A Base xeral Décima (Apdo. 10.1“Fase de Oposición”) dispón que:

«O exercicio teórico realizarase con carácter xeral por escrito. Así mesmo, o órgano de selección poderá acordar a lectura dos exercicios polos/as aspirantes unha vez finalizada a súa realización, sempre en sesión pública; no caso de que o exercicio sexa eliminatorio o/a aspirante que non acuda á lectura pública será declarado non apto/a e, polo tanto, eliminado/a do proceso selectivo. A forma de practicarse o exercicio será acordada polo órgano de selección en cada caso, en función das características da praza e o previsto nas bases específicas de cada convocatoria»

Así, nas Bases específicas da praza de TÉCNICO/A MEDIO/A DE IGUALDADE establecíase que o segundo exercicio da oposición (teórico), de carácter obrigatorio e eliminatorio para todos/as os/as aspirantes:

«Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de dúas horas, a 4 temas elixidos ao chou, dos que figuran como anexo a estas bases. Un destes temas corresponderá ao primeiro apartado do temas «A) Temas xerais» e o resto ao apartado «B)

Temas específicos». Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición.

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, e será necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos» (Base específica V).

Deste xeito, todos/as os/as aspirantes coñecían previamente, antes de realizar o 2º exame, os criterios de valoración e cualificación do exercicio teórico, porque así o establecían as Bases aprobadas e publicadas. O órgano de selección limitouse a aplicarlas ó caso concreto, dándolle ás aspirantes, antes de comezar o exame, as explicacións pertinentes sobre o contido e práctica da proba.

Os temas integrantes deste exercicio, escollidos mediante sorteo público e coa participación voluntaria das aspirantes núms. 51 e 61, foron os seguintes:

A) TEMAS XERAIS (Temas 1-12):

«Tema 3: O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura».

B) TEMAS ESPECÍFICOS (Temas 1-48):

«Tema 14: Políticas públicas de Igualdade de xénero. Competencias da Administración local».

«Tema 27: As desigualdades de xénero na distribución social do tempo. As políticas de tempo. Bancos do tempo».

«Tema 48: Novas tecnoloxías da información aplicadas ao traballo da/o axente de igualdade. A protección de datos».

Á lectura pública dos exercicios, realizada na Sala Anexa ó Pleno da Casa do Concello de Vigo, concorreron as aspirantes presentadas e, na súa corrección posterior, os membros do Órgano fixeron unha posta en común dos mesmos, deliberaron amplamente e outorgaron as cualificacións que razonadamente consideraron máis axustadas. Utilizaron para o efecto as notas persoais tomadas durante a exposición dos temas e os materiais de apoio que xulgaron máis apropiados, ademais de, loxicamente, os seus coñecementos e experiencia profesional.

Tal como consta na Acta nº 4, do 19.10.2016, concluída a lectura dos exercicios das aspirantes «e previa deliberación do Órgano de selección, procédese a cualificar os exames outorgando as puntuacións que a seguir se reflicten. Destácanse claramente -en positivo- os exercicios das aspirantes núms. 23 e 61 e, por unanimidade, considérase que os das aspirantes núms. 43 e 54 non acadaron o nivel mínimo esixido para superar esta proba».

**TÁBOA DE PUNTUACIÓNS MEMBROS ÓRGANO DE SELECCIÓN
2º EXERCICIO: TEMAS**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	VOGAL 1ª	VOGAL 2ª	VOGAL 3ª	PRESIDENTE	TOTAL	MEDIA
23	GARCÍA BARRIO	ANA	35319238R	8,80	8,00	7,60	8,00	32,40	8,10
43	MULEIRO BERMÚDEZ	PALOMA	39452047D	4,00	4,00	4,00	4,00	16,00	4,00 (N.A.)
51	REINALDO LUSQUIÑOS	MÓNICA	77004571L	-	-	-	-	-	(N.P.)
54	RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ	YOLANDA	36157312R	4,50	4,00	3,50	4,00	16,00	4,00 (N.A.)
61	SOTO GARCÍA	MARÍA DEL MAR	36140799W	8,00	7,80	8,80	8,00	32,60	8,15

».

Como pode comprobarse, as diferencias entre as puntuación dos membros do Órgano de selección foron escasamente relevantes (1,20 puntos foi a diferenza máxima; 5 centésimas na media: 8,10 / 8,15). Segundo reflicte a Acta, consideraron unanimemente que os das aspirantes núms. 23 e 61 eran dous bos exercicios e expresaron coas súas cualificacións particulares esa circunstancia.

Nada permite apreciar, pois, indicios dunha actuación inxusta, irracional, errónea ou arbitraria no seu proceder.

De feito, os membros que integraron o Órgano reuníronse novamente o 30.01.2017 para valorar o recurso presentado e manifestaron a súa plena conformidade co resultado desta proba, á marxe das pequenas diferencias plasmadas nas puntuacións de cada un/unha deles/as, nas que se ratificaron.

As vogais 1ª e 2ª xustificaron as súas notas máis altas para a aspirante nº 23 valorando que o sesgo ou perspectiva de xénero tiña, na súa opinión, maior presenza no exercicio desta candidata; en especial, nos Temas 27 e 48.

Pola súa parte, a vogal 3ª e o Presidente consideraron que o exercicio da aspirante nº 61 foi máis completo en canto a contidos dos Temas, especialmente significativo nos núms. 3 («O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura») e 48 («Novas tecnoloxías da información aplicadas ao traballo da/o axente de igualdade. A protección de datos») e máis claro, sistemático e ordenado na forma de redactar e expoñer todos eles.

Como recoñece o propio Tribunal Supremo (STS do 30.04.1991): «Cuando la valoración de las pruebas selectivas se realiza por un Tribunal integrado por varios miembros, es natural que no sean coincidentes las puntuaciones otorgadas por cada uno de ellos, habida cuenta de que cada uno de ellos tiene sus propios criterios de apreciación o valoración, lo que en realidad ya está previsto en todas las bases de las convocatorias al establecer la fórmula con arreglo a la que habrá de otorgarse la puntuación final, al disponer que cada uno de los

miembros de la Comisión valorará los méritos de los candidatos con una puntuación de cero a diez, siendo su puntuación final la media aritmética de las otorgadas».

A respecto do 3º exercicio, teórico-práctico, as Bases xerais (Base xeral Décima; Apdo. 10.1“Fase de Oposición”) determinaban que:

«No exercicio práctico o órgano de selección poderá propoñer os casos prácticos que se sinalen nas bases específicas de cada convocatoria, sempre relacionados coas materias do temario específico, e con base neles, establecer a súa duración, sen prexuízo do que se poida establecer nas bases específicas (...) A solución dos casos prácticos, ou cando menos os criterios para a súa avaliación, deberán ser fixados polo órgano de selección antes de se iniciar o exame, e constar na correspondente acta».

Pola súa banda, nas Bases específicas da praza en cuestión (Base V) dispoñíase que a realización deste terceiro exercicio da oposición, de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistiría en desenvolver por escrito, no tempo máximo de tres (3) horas, dous (2) supostos teórico-prácticos relacionados co temario específico, relativos ás tarefas propias da praza.

Durante o desenvolvemento desta proba os/as aspirantes podían, en todo momento, facer uso dos textos legais de que acudisen provistos/as, non permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios.

Avaliaríase neste exercicio, puntuable de 0 a 10 puntos, a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados, quedando excluído o/a opositor/a que non acadase un mínimo de cinco (5) puntos.

As/os aspirantes deberon expoñer os seus exercicios perante o Órgano de selección en sesión pública, quen podía, ó final da exposición, solicitarlles calquera aclaración que considerasen oportuna sobre os supostos prácticos desenvolvidos.

Así, segundo consta na Acta nº 5 do Órgano de selección, do 26.10.2016, o Tribunal procedeu a facer unha posta en común dos supostos prácticos achegados polos seus membros e, unha vez analizadas as súas respectivas achegas, procederon a elaborar, con todas elas, os dous supostos teórico-prácticos obxecto do exercicio, que se consideran plenamente acaídos á proba prevista nas Bases.

Foron os identificados cos núms. 1 (“Nun barrio da cidade de Vigo...”) e 2 (“A Concellería de Emprego vai desenvolver...”). Este suposto nº 2 completábase con copia das “BASES E CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA DE EMPREGO “VIGO EMPREGA”, que tamén se lles entregou ás opositoras, informándolles (dada a súa extensión) daquelas partes directamente relacionadas co caso (Introducción e Base novena). Achegáronse eses documentos como Anexos da citada Acta.

Fíxose constar tamén en Acta que naquel momento previo á realización da proba comentáronse polos membros do Órgano de selección os enfoques que se consideraron máis axeitados para abordar a resolución dos casos plantexados e as pautas xerais de valoración que permitirían aplicar os mesmos criterios ós exercicios das dúas aspirantes, completando así o criterio orientador contido nas Bases relativo á valoración da «capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados».

Os supostos prácticos foron materialmente confeccionados pola funcionaria administrativa do Servizo de RR.HH. que asistiu nesta sesión ó Tribunal, na súa presenza. As correspondentes copias en papel para as aspirantes e integrantes do Órgano de selección foron impresas no Servizo de RR.HH., en presenza do Sr. Secretario e da vogal nº 3, mediante descarga do pen-drive no que se gardou e que queda en custodia do Sr. Secretario.

Antes de comezar o exercicio déronse polo Secretario do Tribunal as explicacións pertinentes sobre o contido e a práctica desta terceira proba, lembrándolles expresamente ás dúas aspirantes os criterios de valoración e cualificación fixados nas Bases. Ademais, o Órgano de selección concedeulle previamente cinco (5) minutos ás candidatas para a lectura dos enunciados e, de ser o caso, a aclaración de calquera tipo de dúbidas.

Ningunha das aspirantes pediu que nese momento se lle facilitase máis información sobre os criterios de corrección ou puntuación da que xa era pública e coñecida por figurar nas propias Bases e acabar de reiterarse polo Secretario do Órgano.

A proba desenvolveuse con total normalidade e sen que se producise incidencia ningunha.

Unha vez finalizada, as aspirantes fixeron entrega do seus exercicios, introducindoos en sobres individuais, identificados exteriormente cos seus nomes e DNI, pechados e asinados por elas. A seguir, introducíronse os dous sobres noutro máis grande que foi tamén pechado e asinado polos membros do Órgano en presenza das dúas aspirantes, que tamén o asinan, para a súa custodia polo Sr. Secretario e posterior apertura ó inicio da sesión na que se realizaría a lectura e corrección (xoves 03.11.2016, a partir das 09:00h, na Sala Anexa ó Pleno).

Polo tanto, ó igual que sucedeu co 2º exercicio (teórico), as aspirantes coñecían previamente, antes de realizar o 3º exame, os criterios de valoración e cualificación do exercicio teórico-práctico, porque así o establecían as Bases aprobadas e publicadas. É importante tamén aclarar que non se estableceron "puntuacións diferentes" por apartados ou "preguntas" do exercicio (a diferenza dos casos examinados nas SSTs do 20.10.2014 e do 21.01.2006) senón, conforme esixían as Bases xerais, os criterios ou pautas para a avaliación global dunha proba práctica na que as aspirantes á praza debían:

a) Desenvolver as actuacións que elas, como Técnicas de Igualdade, levarían a cabo para executar o plan de intervención previsto, priorizando os recursos e accións e establecendo a planificación, coordinación e extratexias necesarias (suposto nº 1), e,

b) Determinar as medidas concretas que incluírían para garantir a perspectiva de xénero na actividade de formación enunciada e na súa difusión e publicidade e facer as propostas de mellora que considerasen necesarias nas bases de selección do programa de emprego entregadas (suposto nº 2).

O Órgano de selección limitouse a aplicar as Bases xerais e específicas do proceso selectivo ó caso concreto e, «previa deliberación e valoración conxunta e individualizada dos mesmos», outorgou as cualificacións que a seguir se reflicten, utilizando para o efecto as notas persoais tomadas durante a exposición oral dos supostos e aplicando os seus coñecementos e experiencia particular, de acordo cos criterios xerais de valoración previos.

**TÁBOA DE PUNTUACIÓNS 3º EXERCICIO
MEMBROS ÓRGANO DE SELECCIÓN**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	VOGAL 1ª	VOGAL 2ª	VOGAL 3ª	PRESIDENTE	TOTAL	MEDIA
23	GARCÍA BARRIO	ANA	35319238R	8,50	8,75	8,75	8,50	34,50	8,625
61	SOTO GARCÍA	MARÍA DEL MAR	36140799W	8,50	8,00	9,25	9,00	34,75	8,687

De novo compróbase que as diferencias entre as puntuación dos catro membros do Órgano de selección con dereito a voto foron moi axustadas (0,50 puntos foi a diferenza máxima; 62 centésimas na media).

Efectivamente, aínda considerando que se trataba de dous moi bos exercicios, a maioría xulgou entón e segue a xulgar agora (reunión do 30.01.2017) que o da aspirante nº 61 era, en conxunto, algo superior; máis claramente no suposto nº 1 (“Nun barrio da cidade de Vigo...”), no que fixo unha abordaxe holística, extensa e moi acertada do problema plantexado (a diferenza do da aspirante nº 23, practicamente só centrado no aspecto educativo, omitindo a consideración da problemática social específica relativa á poboación de etnia xitana do barrio.....), pero tamén no primeiro apartado do suposto nº 2 (“A Concellería de Emprego vai desenvolver...”) no que a aspirante nº 23 omitiu, por exemplo, as medidas necesarias de conciliación que lles permitisen ás mulleres asistir ás accións formativas propostas (canguros...); resultando en cambio máis completo, sen dúbida, o desta aspirante nº 23 no segundo apartado do suposto nº 2 (a proposta de mellora das Bases do programa de emprego).

Así as cousas, as cualificacións particulares dos membros do Órgano de selección resultaron plenamente coherentes con esa valoración comparativa dos exercicios e nada permite apreciar indicios dun comportamento inxusto, irracional, erróneo ou arbitrario na súa actuación.

Afirma o Tribunal Supremo que as puntuacións nas que se concreta a valoración dos Órganos de selección e a súa constatación en Acta cumpren, en principio, coas esixencias de motivación suficiente. Así, na STS do 14.07.2000 manifestou que:

«Las normas reguladoras de la actuación de esos órganos calificadoros solo exijan a éstos formalizar sus dictámenes o calificaciones mediante la expresión de la puntuación que exteriorice su juicio técnico. Y que tal puntuación sea bastante para que pueda ser considerada formalmente correcta dicha actuación de evaluación técnica. Y cuando tales normas no exijan más que dicha puntuación, el órgano calificador cumplirá con limitarse a exteriorizarla y no podrá reprochársele, desde un punto de vista formal, el que no la haya acompañado de una explicación o motivación complementaria. El órgano de selección cumplirá en principio con expresar la puntuación que exteriorice su calificación y solo le será reprochable formalmente el vicio de falta de motivación cuando, a pesar de habersele reclamado expresamente por el interesado, no atienda esta petición».

Polo tanto, como queira que as Bases reitoras deste proceso selectivo non esixían unha expresa motivación das calificacións, «la sola expresión de las puntuaciones era suficiente para tenerlas formalmente por válidas, y por tanto no es de apreciar en la actuación del Tribunal Calificador una falta de motivación con entidad invalidante» (STS do 13.10.2004).

Cómpre suliñar que ningunha reclamación ou queixa foi presentada por parte de ningunha das dúas opositoras antes, durante ou despois de realizar este exercicio teórico-práctico, nin sobre a forma de practicalo nin sobre a información previa facilitada polo Tribunal nin sobre as puntuacións outorgadas a cada unha delas nin sobre ningún outro extremo relacionado coa proba.

De feito, o seu cuestionamento formal prodúcese pola aspirante nº 23, Sra. García Barrio, transcorrido case mes e medio desde a súa realización, unha vez rematadas todas as probas selectivas, coñecidos os resultados finais e realizada polo Tribunal a correspondente proposta de nomeamento ó órgano resolutorio.

Aquelas explicacións ou motivacións complementarias das puntuacións outorgadas pídense agora, por primeira vez, en vía de recurso, e nesta mesma instancia dánse por realizadas nos precisos termos que figuran neste informe.

- **Motivo 3º: “Error o arbitrariedad en las calificaciones. Solicitud de justificación y concreción del juicio técnico, motivación del mismo”** (Análise comparativa dos exercicios 2º e 3º).

Neste apartado (pp. 5 – 10), a recorrente realiza unha particular análise comparativa dos exercicios 2º e 3º das dúas aspirantes que finalmente disputaron a praza. Afirmar que: “No se trata de imponer o tratar de sustituir las calificaciones del tribunal por calificaciones propias que pudieran tildarse, en lógica, de interesadas...”.

En realidade, iso é xusto o que fai: unha análise parcial, subxectiva e obviamente interesada dos seus exercicios e os da aspirante proposta polo Tribunal.

Nesa particular comparativa, a recorrente (e/ou o/a autor/a do recurso), autoconstituída en funcións de tribunal alternativo deste proceso selectivo, aproveita a ocasión para glosar, no límite da autocomplacencia, todos os supostos acertos e bondades dos seus exercicios:

Exames de Ana García Barrio:

- *“Define perfectamente que son y como funcionan los bancos del tiempo, así como la legislación autonómica de referencia” (Ejercicio 2º, Tema 27).*
- *“Como conclusión decir que desarrolla perfectamente el epígrafe solicitado en el tema, no entrando en contenidos de relleno” (Ejercicio 2º, Tema 27).*
- *“El marco legislativo, detallado y especificativo (AJUSTADO AL SUPUESTO DEL EXAMEN) citando artículos concretos (...) Plantea de forma ordenada la elaboración del programa del centro (...) La intervención que propone en el centro educativo es acertada (habla del curriculum oculto), buena muestra de que el tema lo domina (...) Los talleres propuestos son adecuados y enmarcados en la administración local. Como conclusión, decir que en conjunto muestra conocimientos y clara comprensión” (Ejercicio 3º, Supuesto nº 1).*
- *“Nuevamente marca la diferencia en la enumeración del marco legislativo (...) Formula propuestas arriesgadas y novedosas (...) Las medidas son adecuadas (...) respuesta detallada y adecuada...” (Ejercicio 3º, Supuesto nº 2).*

- “Como conclusión decir que la segunda parte de este caso práctico marca un nivel claramente superior en el exámen, dando muestras de conocer las últimas novedades de intervención en materia de igualdad”. (Ejercicio 3º, Suposto nº 2).

En contraposición, vai sulñando ó longo dese apartado do seu escrito de recurso todas as presuntas carencias, insuficiencias, eivas ou lagoas dos exercicios da súa rival (que o Tribunal, polo visto, non debeu advertir):

Exames de M^a del Mar Soto García:

- “Como conclusión decir que falta una introducción y referencia histórica de actual estatuto, y una mención a la constitución” (Ejercicio 2º, Tema 3).
- “Como conclusión decir que el tema tiene contenidos de relleno sin entrar a tratar en concreto el epígrafe del tema” (Ejercicio 2º, Tema 14).
- “Como conclusión decir que no define claramente las políticas de igualdad ni define que son los Bancos del tiempo, ni las políticas del tiempo, sólo ubica los bancos del tiempo en la legislación, entrando además en contenidos de relleno y sin ceñirse estrictamente al epígrafe del tema” (Ejercicio 2º, Tema 27).
- “...tiene ideas de todo pero no las tiene claras ni organizadas, hace un totum revolutum del diagnóstico, prioridades, objetivos y actuaciones (...) El equipo de trabajo que propone es cuando menos confuso (...) En el diagnóstico habla de la planificación, siendo ésta mal ubicada (...) ... no concluye nada (...) Habla de muchas cosas pero la forma de expoñerlas llega a ser anárquico (...) lo cita todo y lo explica todo conformando un conjunto caótico de medidas, de objetivos, de prioridades y de fortalezas (...) Como conclusión decir que la parte relativa al marco legislativo, que es escaso, ya debiera marcar una clara diferencia en la nota” (Ejercicio 3º, Suposto nº 1).
- “Vuelve a hacer una introducción definiendo la igualdad de oportunidades (redundante) (...) El marco normativo nuevamente enumerativo y flojo (...) Pasa directamente a las medidas que propondría, las enumera y no dice nada de ellas. Enumera hasta 8, correctas pero tampoco muy novedosas (...) Como conclusión decir que el supuesto es relativamente correcto pero resulta escaso” (Ejercicio 3º, Suposto nº 2).

De ser ciertas esas personais “conclusións” da recorrente, resultarían difícilmente explicables as puntuacións outorgadas polos membros do Órgano de selección, incluídas as das dúas vogais, 1ª e 2ª, que ela considera con maior formación e/ou especialización en materia de Igualdade, ós exercicios da aspirante Dª Mª del Mar Soto García: 8,00 e 7,80 (2º exercicio) e 8,50 e 8,00 (3º exercicio), respectivamente. En realidade, con todas esas insuficiencias, carencias, desaxustes, redundancias, contidos de recheo, falta de claridade e de organización, exposición anárquica... mesmo sería difícil de explicar que esta aspirante puidese ter aprobado siquera eses dous exercicios da oposición.

Pretender substituír o criterio imparcial e razoado do Órgano colexiado de selección polo criterio persoal, subxectivo e interesado da opositora que non logrou a praza pode

entenderse en termos de lexítima defensa, pero non pode ser aceptado como argumento válido para a estimación do seu recurso.

Como ben se expresa na STSJ do País Vasco nº 806/2005, do 25 de novembro:

«Ese carácter de órganos especializados en específicos saberes que corresponde a los tribunales calificadores ha determinado la aceptación, en su actuación evaluadora, de un amplio margen de apreciación, esto es, de eso que doctrinalmente se ha venido en llamar discrecionalidad técnica. Esa discrecionalidad técnica reduce las posibilidades del control de dicha actividad evaluadora, que prácticamente estarán constituidas por estos dos básicos supuestos: el de la inobservancia de los elementos reglados -cuando estos existan -, y el del error ostensible o manifiesto; y, consiguientemente, deja fuera de ese limitado control posible a aquellas pretensiones de los interesados que solo postulen una evaluación alternativa a la del órgano calificador, pero moviéndose también dentro de ese aceptado espacio de libre apreciación, y no estén sustentadas con un posible error manifiesto».

- **Motivo 4º: “Diferenciación entre los componentes del tribunal (...) en cuanto a su formación y/o especialización y su vinculación con la materia de igualdad”.**

A recorrente fai unha “diferenciación entre los componentes del tribunal (...) en cuanto a su formación y/o especialización y su vinculación con la materia de igualdad...”.

Así, mentres que as vogais núms. 1 e 2 “son Licenciadas en Derecho y desempeñan sus funciones profesionales en el ámbito de la igualdad (...) por el contrario la Vocal 3ª es Diplomada en Trabajo Social y sus funciones son ajenas a la materia de igualdad y el Presidente, Licenciado en Veterinaria, antes Analista de Laboratorio del Concello de Vigo, si bien ahora ocupa el puesto de Jefe de Area de Bienestar, nada de ello relacionado con materia de igualdad”.

Iso sí, segundo aclara convenientemente, “no es que se trate de decir ‘quien sabe más o menos’ de los miembros del tribunal en esta materia”. Menos mal.

Sobre este extremo debemos dicir o seguinte:

- a) A decisión sobre qué persoas conformarán os distintos Órganos de selección correspóndelle á Concellería de Xestión municipal e Persoal e ó Servizo de RR.HH., respectando os requisitos de profesionalidade, especialización e imparcialidade establecidos na norma (Arts. 55, 60 e ccdtes. RDLex.5/2015; Arts. 11, 13 e ccdtes. RD.364/1995).
- b) Os profesionais integrantes do Órgano encargado de seleccionar mediante oposición libre a un/unha TÉCNICO/A MEDIO/A DE IGUALDADE (OEP 2010-2011) foron designados mediante Instrucción do concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e Persoal do 01.12.2015 – XGL do 04.12.2015 – e Resolución do mesmo órgano do 26.08.2016; BOP nº 239, do 11.12.2015 e BOP nº 167, do 01.09.2016. Estaba conformado maioritariamente por técnicos con cualificación, profesionalidade, especialización e experiencia demostradas en materia de Igualdade e todos eles contaban con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza.
- c) A actora non impugnou previamente, cando procedía, nin as Bases (que constitúen a “lei” do proceso selectivo) nin tampouco o Tribunal calificador designado para o

efecto, polo que debe presumirse a súa conformidade e, en consecuencia, declararse improcedente o cuestionamento que fai agora en vía de recurso dalgúns dos seus membros.

- d) As vogais núms. 1 e 2 eran, efectivamente, Licenciadas en Dereito e traballan no ámbito da Igualdade nos Concellos de Vigo e Gondomar, respectivamente. Tamén é Licenciado en Dereito o Secretario do Tribunal; funcionario de carreira do Concello de Vigo que ocupa o posto de asesor xurídico adxunto á Xefatura de Área de Benestar social.
- e) O Presidente do Órgano, D. Jesús Núñez-Torrón López, é funcionario de carreira do Concello de Vigo desde hai máis de 25 anos e ostenta desde hai 8 a Xefatura de Área de Benestar social, correspondéndolle, entre outras funcións, a dirección superior en materia de planificación, organización, control, supervisión, coordinación, avaliación e orzamentos dunha Área relacionada coa materia e na que traballan, entre outros/as profesionais, traballadoras sociais, psicólogos, técnicos de integración, educadores sociais, etc.

Entendemos que as políticas de Igualdade son (ou deberían ser) transversais e que tamén desde servizos como os de Benestar social, Emprego, Participación, Vivenda, etc. se incide directamente en aspectos relevantes da igualdade de xénero tales como a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, a intervención social coa infancia e as familias, a promoción e inserción social, o acceso igualitario ó emprego e ás prestacións sociais, etc.

Lémbrese ademais que, de acordo coas Bases específicas, os/aspirantes á praza de TÉCNICO/A MEDIO/A DE IGUALDADE debían estar en posesión do título de grao: «en calquera das titulacións das ramas de coñecemento de ciencias sociais, xurídicas, arte e humanidades, diplomado/a en relacións laborais, xestión e administración pública, traballo social, filosofía, publicidade e relacións públicas, xornalismo, comunicación audiovisual, belas artes, antropoloxía social e cultural, pedagogía psicopedagogía e, educación social, xunto coas respectivas equivalencias» (Base específica IV, "Condición das e dos aspirantes").

Resulta evidente, pois, que a área de coñecementos propia do traballo social, na que orgánica e funcionalmente se integrarían os profesionais que desempeñaron no Órgano de selección os cargos de Presidente e Secretario, non resulta en absoluto allea á especificidade da praza convocada para o Servizo de Igualdade do Concello.

- f) A vogal nº 3, D^a Erea Martínez Ramos, é funcionaria de carreira do Concello de Vigo e presta os seus servizos como traballadora social na Unidade de Traballo Social de Coia (Servizo de Benestar Social). É Diplomada en Traballo Social e, ademais, posúe formación específica en materia de Igualdade, contando coa titulación de "Especialista en Xénero e Políticas de Igualdade" da Universidade de Vigo (2006-2007).
- g) A non ser que se considere que unicamente traballando nun Servizo de Igualdade se adquire a cualificación precisa para formar parte dun Órgano de selección dun/unha Técnico Medio/a de Igualdade e, polo tanto, para poder puntuar os exercicios dos/as aspirantes, entendemos que a súa composición cumpría co establecido na normativa sobre a debida profesionalidade e especialidade dos seus membros, incluído, por

certo, o principio de paridade de xénero ou «presencia equilibrada de mulleres e homes» nos órganos de selección e comisións de valoración (Arts. 51.b] e 53 LO.3/2007 e Art. 60 RDLex.5/2015) e garantía a obxectividade e imparcialidade da súa actuación (ningún deles foi obxecto de recusación).

– **Motivo 5º: “Inaplicabilidad de la denominada discrecionalidad técnica”.**

Advirte a recorrente que “...adelantándonos a posibles argumentos de rebate, no se debe argüir la discrecionalidad técnica de los tribunales u órganos selectivos para dar validez, en cualquier caso, a las decisiones finales de procesos selectivos”.

Asúmese integramente aquí a doutrina xurisprudencial sobre a discrecionalidade técnica dos Órganos de selección, os seus límites e control xudicial; doutrina que, en contra do pretendido no recurso, non cuestiona senón que avala, como a seguir se verá, o proceder do Órgano selectivo da praza de TÉCNICO/A MEDIO/A DE IGUALDADE.

Na STC 353/1993 sinalábase xa que a discrecionalidade técnica tradúcese nunha «presunción de certeza o de razonabilidad de la actuación administrativa, apoyada en la especialización e imparcialidad de los órganos establecidos para realizar la calificación», que só pode ser desvirtuada en sé xurisdiccional acreditando a infracción ou o descoñecemento do proceder razoable que se presume no órgano cualificador, «bien por desviación de poder, arbitrariedad o ausencia de toda posible justificación del criterio adoptado» (FX 3º).

A xurisprudencia sobre esta cuestión afirma tamén que os tribunais cualificadores dispoñen de discrecionalidade para medir a calidade dos exercicios e que non lle corresponde ós tribunais e xulgados do contencioso-administrativo suplir ós órganos selectivos nas súas decisións, entrando estes a cualificar, sen parámetros xurídicos, os méritos dos candidatos presentados ós procedementos de selección, de maneira que serán inadmisibles todas as pretensións que intenten conseguir que os órganos xurisdiccionais realicen unha valoración alternativa á dos órganos de selección correspondentes, a non ser que estivesemos en presenza de supostos de arbitrariedade, dolo ou ilegalidade; o que, como vemos de expoñer neste informe, non é o caso.(así, entre outras: SSTS de 14.03.1991, 08.11.1991, 11.12.1998, 08.06.1999, 14.07.2000, 10.10.2000, 19.06.2001, 12.03.2002, 13.10.2004 e 23.11.2004)

No proceso selectivo levado a cabo para a provisión, mediante oposición libre, dunha praza de TÉCNICO/A MEDIO/A DE IGUALDADE, correspondente á OEP 2010-2011 do Concello de Vigo, nin existiron defectos formais de carácter substancial nin tampouco quebrantamento das normas esenciais do procedemento ou das normas substantivas de aplicación que orixinasen indefensión, arbitrariedade e/ou desviación de poder.

Polo contrario, a relativa discrecionalidade técnica do Órgano de selección, necesaria para valorar os resultados das probas específicas desa praza, resultou abeirada pola imparcialidade dos seus integrantes, a especialización dos seus coñecementos e a súa intervención directa ó longo de todo o proceso.

Ó noso xuízo, as súas valoracións foron sempre razoadas e congruentes, á marxe das pequenas diferencias existentes entre as puntuacións dos seus membros, froito das súas propias apreciacións subxectivas, perfectamente explicables e inherentes a calquera órgano de natureza colexiada con funcións valorativas.

É loxico que o resultado final deste proceso selectivo non satisfaga as expectativas e intereses da recorrente, pero o certo é que foi fiel reflexo dos méritos e a capacidade demostrados polas dúas aspirantes que acabaron disputándose a praza.

As puntuacións obtidas por cada unha delas acreditan a calidade dos seus respectivos exercicios. O Tribunal, en aplicación das Bases, limitouse a efectuar ó órgano resolutorio a proposta de nomeamento da candidata que acadou a maior puntuación de todas as presentadas e esa foi D^a. MARÍA DEL MAR SOTO GARCÍA.

III.6. Polo que antecede, conclúese que sería conforme a Dereito a desestimación íntegra e expresa do recurso de alzada obxecto deste informe e, en consecuencia, de todos os pedidos da súa solicitude, incluído o relativo á suspensión da execución do nomeamento da Sra. Soto García como funcionaria de carreira con cargo á praza vacante de TÉCNICA MEDIA DE IGUALDADE.

En todo caso, o órgano resolutorio (Xunta de Goberno Local) decidirá, co seu superior criterio, o que estime procedente.

Tal é o informe xurídico que emito en cumprimento do previsto na LPACAP e na Base xeral Oitava (Apdo. 8.1) e que someto gustosamente a calquera outra opinión mellor fundada en Dereito».

En consecuencia, á vista do informado polo Secretario do Órgano de selección, polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, formúlase á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO

"PRIMEIRO: Desestimar expresamente o recurso de alzada formulado en data 09.12.2016 (Doc. nº 160166212) por D^a. Ana García Barrio, DNI 35.319.238-R contra a resolución do Órgano de selección pola que se outorgaron as puntuacións totais ou resultados finais dese proceso selectivo correspondente á praza de TÉCNICO/A MEDIO/A DE IGUALDADE (OEP 2010-2011), a teor do informe xurídico do Secretario do Órgano de Selección de data 06.02.2017.

SEGUNDO: Notificar este acordo á interesada con indicación de que contra a resolución dun recurso de alzada no caberá ningún outro recurso administrativo, a non ser o recurso extraordinario de revisión nos casos establecidos no Art. 125.1 da LPACAP (Art. 122 LPACAP). Así mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17 (123).- DIETAS DAS ASISTENCIAS DOS MEMBROS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN ENCARGADO DE AVALIAR AS PROBAS DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL (OEP 2010-2011, 2ª FASE). EXPTE. 29460/220.

Visto o informe xurídico do 15/02/17, dáse conta do informe-proposta de data 15/02/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral da Área de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 14/09/2012, aprobou as bases xerais reitoras dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas na OEP 2010-2011 (publicadas no DOG nº 240 de 18/12/2012), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo. Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 23407/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 27309/220, cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

Rematado o proceso selectivo de Auxiliar de administración Xeral, o Secretario do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección.

A referida certificación importa un total de 7485,38 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

Dª. Mª Jesús Magdalena Vila, presidenta titular, (nº. persoal 13161), con DNI nº 36.025.359-E, vinte e cinco asistencias de 42,83 € cada unha, unha delas en sábado, importa un total de 1113,58 €.

D. Lucio C. Varela Borreguero, secretario titular (nº persoal 17495), con DNI nº 36.023.156-G, vinte e cinco asistencias de 42,83 € cada unha, unha delas en sábado, importa un total de 1113,58 €.

Dª. Ana Martín Herrero, con DNI nº 36.089.480-L, vogal do órgano de selección, con domicilio en Carrasquedo de abaixo 17A, Vilaza, Gondomar, C.P. 36380, vinte e cinco asistencias de 39,78 € cada unha, unha delas en sábado, importa un total de 1034,28 € a abonar no número IBAN ES60 0049 0031 7321 1185 1593.

D. José González Vázquez, con DNI nº 44075030-S, vogal do órgano de selección, con domicilio en Condasa de Pardo Bazán nº 8 - 2º Dcha, Pontevedra, vinte e cinco asistencias de 39,78 €, máis kilometraxe 42 Km. x 25 x 0,19 (199,50 €), e gastos de peaxe por 126,00 €, o que supón un total de 1359,78 € a abonar no número IBAN ES14 0182 5150 81 0201668891.

Dª. Mónica Caramés Vázquez, vogal do órgano de selección (nº persoal 82190), con DNI nº 36134363-V, vinte e cinco asistencias de 39,78 €, unha delas en sábado, importa un total de 1034,28 €.

Dª Beatriz Lago Dios, asistencia técnico-administrativa, (núm persoal 81854), con DNI 36.116.679-D, tres asistencias de 39,78 €, unha delas en sábado, importa un total de 159,12 €.

Dª. Sonia Estrada Ibáñez, asesoramento especial, (núm persoal 23283), con DNI 36.049.452-B, dúas asistencias de 39,78 €, unha delas en sábado, importa un total de 119,34 €.

Dª. María Isabel Cabeza Pereiro, asesoramento especial, (núm persoal 80660), con DNI 36.114.676-F, dúas asistencias de 39,78 €, unha delas en sábado, importa un total de 119,34 €.

Dª. María del Carmen Pazos Area, asesoramento especial, (núm. Persoal 80549), con DNI 53.110.174-T, tres asistencias de 39,78 €, unha delas en sábado, importa un total de 159,12 €.

D. Ezequiel Fernández Carpintero, asesoramento especial, (núm. persoal 16283), con DNI 36.040.789-L, tres asistencias de 39,78 € cada unha, unha delas en sábado, importa un total de 159,12 €.

D. Luis Iglesias Rejas, asesoramento especial (nº Persoal 22390), con DNI 36.091.674-M, catro asistencias de 39,78 €, unha delas en sábado, importa un total de 198,90 €.

Dª. Marta Patricia Souto González, asesoramento especial (nº persoal 23840), con DNI nº 36.054.893-R, unha asistencia de 39,78 €.

Dª. Rosa Teresa Vázquez Álvarez, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 80698), con DNI 36.045.605-M, unha asistencia de 39,78 € en sábado, importa un total de 79,56 €.

D. Antonio Rodríguez Pérez, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 15540), con DNI 36.039.137-T, unha asistencia de 39,78 € en sábado, importa un total de 79,56 €.

Dª. Mª del Mar Fernández Álvarez, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 21858), con DNI 36.102.905-N, unha asistencia de 39,78 € en sábado, importa un total de 79,56 €.

Dª. Laura Alonso Crespo, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 81289), con DNI 53.187.479-W, unha asistencia de 39,78 € en sábado, importa un total de 79,56 €.

Dª. Juana Abalde Posada, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 15102), con DNI 36.042.156-Y, unha asistencia de 39,78 € en sábado, importa un total de 79,56 €.

D^a. Arancha González Soengas, asistencia técnico-administrativa, (n^{úm.} persoal 79388), con DNI 52.481.598-Z, unha asistencia de 39,78 € en sábado, importa un total de 79,56 €.

D^a. M^a José Rodríguez Martínez, asistencia técnico-administrativa, (n^{úm.} persoal 22142), con DNI 36.086.062-M, unha asistencia de 39,78 € en sábado, importa un total de 79,56 €.

D^a. Sandra Moreira Pérez, asistencia técnico-administrativa, (n^{úm.} persoal 82172), con DNI 44.823.867-H, unha asistencia de 39,78 € en sábado, importa un total de 79,56 €.

D^a. Rita Rielo Franco, asistencia técnico-administrativa, (n^{úm.} persoal 23774), con DNI 36.067.074-S, unha asistencia de 39,78 € en sábado, importa un total de 79,56 €.

D. Laureano Guarín Díez, asistencia técnico-administrativa, (n^{úm.} persoal 82539), con DNI 36.081.906-N, unha asistencia de 39,78 €.

D. Francisco Espiñeira Álvarez, asistencia técnico-administrativa, (n^{úm.} persoal 80613), con DNI 42.829.873-D, unha asistencia de 39,78 €.

D. Abraham Vicente Rodríguez, asistencia técnico-administrativa, (n^{úm.} persoal 83123), con DNI 76.909.190-L, unha asistencia de 39,78 €.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación do Secretario do órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para para a provisión en propiedade de catro prazas de Auxiliar de Administración Xeral correspondente á OEP 2010-2011 (2^a fase) e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Compromete-lo gasto de 7485,38 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

D^a. M^a Jesús Magdalena Vila, presidenta titular, (n^o. persoal 13161), con DNI n^o 36.025.359-E, vinte e cinco asistencias de 42,83 € cada unha, unha delas en sábado, importa un total de 1113,58 €.

D. Lucio C. Varela Borreguero, secretario titular (n^o persoal 17495), con DNI n^o 36.023.156-G, vinte e cinco asistencias de 42,83 € cada unha, unha delas en sábado, importa un total de 1113,58 €.

D^a. Ana Martín Herrero, con DNI n^o 36.089.480-L, vogal do órgano de selección, con domicilio en Carrasquedo de abaixo 17A, Vilaza, Gondomar, C.P. 36380, vinte e cinco asistencias de 39,78 € cada unha, unha delas en sábado, importa un total de 1034,28 € a abonar no número IBAN ES60 0049 0031 7321 1185 1593.

D. José González Vázquez, con DNI n^o 44075030-S, vogal do órgano de selección, con domicilio en Condesa de Pardo Bazán n^o 8 - 2^o Dcha, Pontevedra, vinte e cinco asistencias de 39,78 €, máis kilometraxe 42 Km. x 25 x 0,19 (199,50 €), e gastos de peaxe por 126,00 €, o que supón un total de 1359,78 € a abonar no número IBAN ES14 0182 5150 81 0201668891.

D^a. Mónica Caramés Vázquez, vogal do órgano de selección (nº persoal 82190), con DNI nº 36134363-V, vinte e cinco asistencias de 39,78 €, unha delas en sábado, importa un total de 1034,28 €.

D^a Beatriz Lago Dios, asistencia técnico-administrativa, (núm persoal 81854), con DNI 36.116.679-D, tres asistencias de 39,78 €, unha delas en sábado, importa un total de 159,12 €.

D^a. Sonia Estrada Ibáñez, asesoramento especial, (núm persoal 23283), con DNI 36.049.452-B, dúas asistencias de 39,78 €, unha delas en sábado, importa un total de 119,34 €.

D^a. María Isabel Cabeza Pereiro, asesoramento especial, (núm persoal 80660), con DNI 36.114.676-F, dúas asistencias de 39,78 €, unha delas en sábado, importa un total de 119,34 €.

D^a. María del Carmen Pazos Area, asesoramento especial, (núm. Persoal 80549), con DNI 53.110.174-T, tres asistencias de 39,78 €, unha delas en sábado, importa un total de 159,12 €.

D. Ezequiel Fernández Carpintero, asesoramento especial, (núm. persoal 16283), con DNI 36.040.789-L, tres asistencias de 39,78 € cada unha, unha delas en sábado, importa un total de 159,12 €.

D. Luis Iglesias Rejas, asesoramento especial (nº Persoal 22390), con DNI 36.091.674-M, catro asistencias de 39,78 €, unha delas en sábado, importa un total de 198,90 €.

D^a. Marta Patricia Souto González, asesoramento especial (nº persoal 23840), con DNI nº 36.054.893-R, unha asistencia de 39,78 €.

D^a. Rosa Teresa Vázquez Álvarez, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 80698), con DNI 36.045.605-M, unha asistencia de 39,78 € en sábado, importa un total de 79,56 €.

D. Antonio Rodríguez Pérez, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 15540), con DNI 36.039.137-T, unha asistencia de 39,78 € en sábado, importa un total de 79,56 €.

D^a. M^a del Mar Fernández Álvarez, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 21858), con DNI 36.102.905-N, unha asistencia de 39,78 € en sábado, importa un total de 79,56 €.

D^a. Laura Alonso Crespo, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 81289), con DNI 53.187.479-W, unha asistencia de 39,78 € en sábado, importa un total de 79,56 €.

D^a. Juana Abalde Posada, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 15102), con DNI 36.042.156-Y, unha asistencia de 39,78 € en sábado, importa un total de 79,56 €.

D^a. Arancha González Soengas, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 79388), con DNI 52.481.598-Z, unha asistencia de 39,78 € en sábado, importa un total de 79,56 €.

D^a. M^a José Rodríguez Martínez, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 22142), con DNI 36.086.062-M, unha asistencia de 39,78 € en sábado, importa un total de 79,56 €.

D^a. Sandra Moreira Pérez, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 82172), con DNI 44.823.867-H, unha asistencia de 39,78 € en sábado, importa un total de 79,56 €.

D^a. Rita Rielo Franco, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 23774), con DNI 36.067.074-S, unha asistencia de 39,78 € en sábado, importa un total de 79,56 €.

D. Laureano Guarín Díez, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 82539), con DNI 36.081.906-N, unha asistencia de 39,78 €.

D. Francisco Espiñeira Álvarez, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 80613), con DNI 42.829.873-D, unha asistencia de 39,78 €.

D. Abraham Vicente Rodríguez, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 83123), con DNI 76.909.190-L, unha asistencia de 39,78 €.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(124).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SOLICITUDES DE CONTRATACIÓN COMO TRABALLADORES INDEFINIDOS NON FIXOS. EXPTE. 29448/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15/02/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Admón. Xeral da área de Recursos Humanos, a xefa de área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- O día 02-01-17, D. TOMÁS ALONSO VIDAL, con DNI nº 36064038 S, presentou escrito neste Concello no que solicita a contratación como traballador indefinido non fixo por entender que a súa relación laboral con o concello debe ser de carácter indefinida e non temporal.

-O día 03-01-17, D^a. ISABEL COMESAÑA FERNÁNDEZ, con DNI nº 53185485 D, presentou escrito neste Concello no que solicita a contratación como traballadora indefinida non fixa por entender que a súa relación laboral con o concello debe ser de carácter indefinida e non temporal.

- O día 05-01-17, D. ALBERTO COSTAS VILLAR, con DNI nº 36125172 S; D^{ña}. MARÍA JESÚS FOUZ ARES, con DNI nº 33538869 Q, presentaron escritos neste Concello nos que solicitan a contratación como traballadores indefinidos non fixos por entender que as súas relacións laborais con o concello deben ser de carácter indefinida e non temporal.

- O día 13-01-17, D. JAVIER VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, con DNI nº 46732412 T; D^{ña}. MARÍA TERESA QUINTEIRO DOMÍNGUEZ, con DNI nº 53175920 N; D. ARTUR SÁNCHEZ REGUEIRA, con DNI nº 36160674 M; D. CARLOS GARCÍA VELOSO, con DNI nº 36050888 k; D^{ña}. LEONOR MARÍA BARRIO MARTÍNEZ, con DNI nº 13144088 W; D. CIBRÁN PINTOS DA CUNHA, con DNI nº 76925985 R; D. RAMÓN FERNÁNDEZ GARCÍA, con DNI

nº 36118838 Y; D. MIGUEL SAUL SANMARÍN BARREIRO, con DNI nº 35316684 T; D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ con DNI nº 36086425 T; D. RAÚL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, con DNI nº 35557377 K; D. RAÚL VILA IBAÑEZ, con DNI nº 36119876 D; D. JOSÉ MANUEL LAGO GUERRA, con DNI nº 36092048 B; presentaron escritos neste Concello nos que solicitan a contratación como traballadores indefinidos non fixos por entender que as súas relacións laborais con o concello deben ser de carácter indefinida e non temporal.

- O día 17-01-17, DÑA. PURIFICACIÓN BASTOS VILLAR, con DNI nº 36071578 B; presentou escrito neste Concello no que solicita a contratación como traballadora indefinida non fixa por entender que a súa relación laboral con o concello debe ser de carácter indefinida e non temporal.

- O día 18-01-17, D. GUILLERMO JAVIER CAMESELLE ABALDE, con DNI nº 53177845 M; D. ADONIS ASENSIO RODRÍGUEZ, con DNI nº 36157447 K; Dª MARÍA JESÚS DAVILA MOLDES, con DNI nº 36087427 J; presentaron escritos neste Concello nos que solicitan a contratación como traballadores indefinidos non fixos por entender que as súas relacións laborais con o concello deben ser de carácter indefinida e non temporal.

- O día 23-01-17, D. MANUEL COMESAÑA ARAUJO, con DNI nº 36099135 Z; D. ÁNGEL ABALDE COSTA, con DNI nº 36057096 L; D. JESÚS VELOSO COSTAS, con DNI nº 36099100 W; presentaron escritos neste Concello nos que solicitan a contratación como traballadores indefinidos non fixos por entender que as súas relacións laborais con o concello deben ser de carácter indefinida e non temporal.

- O día 02-02-07, D. RAFAEL MOLINA JIMENEZ, con DNI nº 36097461 L, presentou escrito neste Concello no que solicita a contratación como traballador indefinido non fixo por entender que as súas relación laboral con o concello debe ser de carácter indefinida e non temporal.

- O día 09-02-17, D. ALFREDO BAUTISTA CASTRO DUARTE, con DNI nº 35306019, presentou escrito neste Concello no que solicita a contratación como traballador indefinido non fixo por entender que a súa relación laboral con o concello deben ser de carácter indefinida e non temporal.

2º.- D. Tomás Alonso Vidal prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 01-08-11 ata o 13-05-12, en virtude dun contrato laboral para obra e servizo determinado, dentro do Plan Municipal de Emprego, causando baixa voluntaria o día 13-05-12.

Dende o 14-05-12 ata o 13-11-12, dende o 04-11-13 ata o 03-05-14; dende o 12-11-14 ata o 11-05-15; e dende o 01-12-15 ata 31-05-16; en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- Dª Isabel Comesaña Fernández prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 06-05-08 ata o 31-01-12 mediante un nomeamento de interino con cargo a vacante ata cubrir a praza.

Dende o 14-05-12 ata o 13-11-12; dende o 04-11-13 ata o 03-05-14; dende o 12-11-14 ata o 11-05-15; e dende o 01-12-15 ata o 31-05-16; en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D^a María Xesús Fouz Ares prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 14-05-12 ata o 13-11-12; dende 04-11-13 ata o 03-05-14; dende o 12-11-14 ata o 11-05-15; e dende o 01-12-15 ata o 31-05-16; en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D. Alberto Costas Villar prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 25-04-13 ata o 24-09-13; dende o 10-11-14 ata o 09-05-15; e dende o 07-12-15 ata o 06-06-16, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D. Javier Vázquez Rodríguez prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 18-10-12 ata o 17-04-13; dende o 10-02-14 ata o 09-08-14; dende o 02-03-15 ata 01-09-15; e dende 26-04-16 ata o 25-10-16; en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D^a María Teresa Quinteiro Domínguez; prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 22-04-13 ata o 21-10-13, dende o 12-05-14 ata o 11-11-14, dende o 01-07-15 ata 31-12-15, e dende o 11-07-16 ata 10-01-17, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas .

- D. Artur Sánchez Regueira; prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 06-05-13 ata o 05-11-13, dende o 10-06-14 ata o 09-12-14, dende o 01-07-15 ata o 31-12-15 e dende o 11-07-16 ata 10-01-17, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D. Carlos García Veloso, prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 14-05-12 ata o 13-11-12, dende o 14-05-14 ata o 13-11-14, dende 01-07-15 ata o 31-12-15, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D^a Leonor María Barrio Martínez, prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 10-06-10 ata o 09-12-10, dende o 14-04-11 ata o 13-10-11, dende o 16-04-12 ata 15-10-12, dende o 12-05-14 ata o 11-11-14, dende o 01-07-15 ata o 31-12-15 e dende o 11-07-16 ata o 10-01-17, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D. Cibrán Pintos Da Cunha, prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 18-10-12 ata o 17-04-13; dende 09-12-13 ata o 08-06-14; dende o 02-03-15 ata o 01-09-15; e dende o 26-04-16 ata o 25-10-16; en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D. Ramón Fernández García, prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 22-04-13 ata o 21-10-13, dende o 12-05-14 ata o 11-11-14, dende o 01-07-15 ata o 31-12-15, e dende o 11-07-16 ata o 10-01-17, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas .

- D. Miguel Saúl Sanmartín Barreiro, prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende 22-04-13 ata o 21-10-13, dende o 12-05-14 ata o 11-11-14, dende o 01-07-15 ata o 31-12-15, e dende o 11-07-16 ata o 10-01-17, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D. José Manuel González Fernández, prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 14-05-12 ata o 13-11-12, dende o 12-08-13 ata o 11-02-14, dende o 01-07-15 ata o 31-12-15, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D. Raúl González Fernández, prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 18-10-12 ata o 17-04-13, dende o 14-05-14 ata o 13-11-14, dende o 01-07-15 ata o 31-12-15 e dende o 12-07-16 ata o 11-01-17, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D. Raúl Vila Ibáñez, prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 14-05-12 ata o 13-11-12, dende o 14-05-14 ata o 13-11-14, dende o 01-07-15 ata o 31-12-15, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas .

- D. José Manuel Lago Guerra, prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 18-10-12 ata o 17-04-13, dende o 14-05-14 ata o 13-11-14, dende o 01-07-15 ata o 31-12-15 e dende o 11-07-16 ata o 10-01-17, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D^a Purificación Bastos Villar, prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 14-05-12 ata o 13-11-12, dende o 14-05-13 ata o 13-11-13, dende o 10-02-14 ata o 09-08-14; dende o 02-03-15 ata o 01-09-15 e dende o 23-06-16 ata o 22-12-16, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D. Guillermo Javier Cameselle Abalde, prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 02-01-13 ata o 01-07-13, dende o 23-06-14 ata o 22-12-14 e dende o 02-07-15 ata o 01-01-16, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D. Adonis Asensio Rodríguez, prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 06-05-13 ata o 05-11-13, dende o 22-05-15 ata o 21-11-15 e dende o 23-06-16 ata o 22-12-16, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D^a María Jesús Davila Moldes, prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 21-12-12 ata o 20-06-13, dende o 23-06-14 ata o 22-12-14, dende 02-07-15 ata o 01-01-16, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D. Manuel Comesaña Araujo, prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 18-05-10 ata o 17-05-2011, en virtude de un contrato laboral para obra o servizo no programa de emprego útil, dende o 14-05-12 ata o 19-08-12, causando baixa por renuncia voluntaria do traballador, como interino por acumulación de tarefas, coa categoría de peón no servizo de limpeza, dende o 20-08-12 ata o 19-02-13, como interino por acumulación de tarefas, como oficial pavimentador no servizo de Vías e obras, dende o 14-05-12 ata o 19-08-12, dende o 14-05-13 ata o 13-11-13, dende o 21-05-14 ata o 11-11-14, dende o 12-11-14 ata o 11-05-15, e dende o 01-12-15 ata o 31-05-16, e dende o 22-06-16 ata 21-12-16, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D. Ángel Abalde Costas, prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 06-05-13 ata o 05-11-13, dende o 12-11-14 ata o 11-05-15, dende o 01-12-15 ata o 23-05-16, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D. Jesús Veloso Costas, prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 21-10-04 ata o 20-04-05, dende o 06-05-13 ata o 05-11-13, dende o 21-05-14 ata o 20-11-14, dende o 01-07-15 ata o 31-12-15 e dende o 20-06-2016 ata o 19-12-16, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas .

- D. Rafael Molina Jimenez, prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 20-08-12 ata o 19-02-13, dende o 04-11-13 ata o 03-05-14, dende o 02-03-15 ata o 01-09-15 e dende o 23-06-16 ata o 22-12-16, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D. Alfredo Bautista Castro Duarte, prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 20-08-12 ata o 19-02-13, dende o 04-11-13 ata o 03-05-2014, dende o 12-11-14 ata o 11-05-15, dende o 01-12-15 ata o 31-05-16, e dende o 22-06-16 ata 21-12-16, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público.
- RDL 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o TR do Estatuto dos Traballadores.
- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o TR de réxime local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Os interesados solicitan a contratación como traballadores indefinidos non fixos por entender que os contratos eventuais por acumulación de tarefas en virtude dos cales prestaron servizos no concello, non se corresponden na realidade cunha necesidade de aumento da produción o acumulación de traballo puntual, se non que débese máis ben a unha carencia de persoal para atender os servizos que o concello ten cos cidadáns. En base a elo entenden que a súa contratación debía ser de carácter indefinido.

En primeiro lugar é preciso facer algunhas consideracións previas: as administracións locais teñen ante si o seguinte marco normativo a ter en conta cando se trata de incorporar novo persoal que puidera ser necesario para manter os servizos públicos que se prestan. A contratación laboral temporal é perfectamente posible na administración dentro dos límites legalmente previstos. Xa o EBEP de 2007 instituíu catro fórmulas de funcionario interino, que partindo das clásicas existentes (interino en praza vacante e interino por substitución de funcionario) se amplían en dous máis, e que en gran parte atopa o seu orixe nas fórmulas de temporalidade laboral: o funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal (art. 10.1.c)), que garda gran equivalencia, aínda que non total, co contrato de obra e servizo do artigo 15.1 do ET, e o funcionario interino incorporado á Administración ante un exceso o acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (art.10.1.d), casi idéntico o contrato eventual tamén regulado no art.15.1.b del ET.

Con este dobre marxe (laboralidade temporal e funcionarios interinos o EBEP constrúe o marco da posible incorporación de empregados públicos non permanentes.

Así o artigo 8 do TREBEP, clasifica os empregados públicos como funcionarios de carreira; funcionarios interinos; persoal laboral, xa sea fixo, por tempo indefinido ou temporal; e persoal eventual.

Por outra parte é mester ter en conta as leis de presupostos, xa con anterioridade ao 2012, pero moi especialmente a partires de ese ano, iniciaron un camiño complexo restrinxente case ó máximo en relación á incorporación de persoal de novo ingreso de forma permanente, ó reducir para o 2013 (Lei 17/2012) a taxa de reposición de efectivos o cero por cento, con algunhas excepcións puntuais, que en todo caso pouco o nada resolven as necesidades de novo persoal para entidades locais de plantillas medianas o pequenas, aínda incluso as máis grandes sofren idéntico problema, por canto o referido dez por cento é certamente moi reducido. Afortunadamente, para o 2016 a Lei preveu unha flexibilidade importante o instituír unha taxa de reposición xeral del 50 por cento.

Dentro dos contratos laborais, podemos distinguir a su vez diferentes modalidades: contrato para obra e servizo determinado, eventual por circunstancias da produción, de interinidade, ... nos centraremos no primeiro deles por ser ó que nos afecta neste caso

Respecto o contrato para obra e servizo determinado, a xurisdición social advirte que *“este requisito es fundamental pues, sino quedan debidamente identificados la obra o el servicio de esta clase, o al menos mal pueden saberse cuales son (.....) es forzoso deducir el carácter indefinido de la relación laboral” por no existir realmente la obra o servicio o desconocerse la misma. Estos principios no se rompen en su aplicación a la Administración Pública, que en este ámbito “recibe un trato semejante al que se dispensa a los empresarios” (STS de 26-3-1996), ya que como han indicado otros pronunciamientos judiciales (SSTS de 7-10-1998, 2-6-2000 y 21-3-2002 y que en tiempos más recientes reitera la STSJ de Asturias de 14-12-2012 cuando queda acreditado que la actividad contratada es “habitual y ordinaria en la Administración contratante, se ha calificado de indefinida la relación laboral” –en el caso en cuestión, incluso con la existencia de una subvención, “pues evidentemente también pueden financiarse servicios permanentes de la Administración por medio de subvenciones” (STSJ de Extremadura de 3-12-2012).*

A incerteza no tempo non contradí que, dende o inicio do contrato, a entidade local –e o traballador- coñezan a ciencia certa a data de finalización. De feito, o RDCT permite fixar no contrato esa data, que terá efectos orientativos: “se o contrato fixara una duración o un término, éstos deberán considerarse de carácter orientativo...” (art.2.2. in fine) É importante resaltar, no obstante, que en todo caso, sempre prevalecerá a realidade dos feitos e por conseguinte, a finalización do contrato so será posible realmente cando se de por terminada a obra o servizo ó que esté adscrita a actividade do traballador público, con independencia de a tal data indicativa.

Literalmente, “a duración do contrato será a do tempo esixido para a realización da obra o servizo” (art.2.b RDCT)

Pola súa parte con respecto os funcionarios interinos O artigo 10 do TREBEP establece dentro das clases de persoal ó servizo das Administracións Publicas que son funcionarios interinos *“los que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombrados como tales para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias:*

a) La existencia de plazas vacantes cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera.

b) La sustitución transitoria de los titulares.

c) La ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto.

d) *El exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses.*

El cese de los funcionarios interinos se producirá, además de por las causas previstas en el artículo 63, *cuando finalice la causa que dio lugar a su nombramiento...*

El personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas”

Nos centraremos no apartado a) e d) do artigo 10 por ser os casos dos solicitantes.

De un lado, a existencia de prazas vacantes cando non sea posible usa cobertura por funcionarios de carreira, é dicir aquelas situacións nas que a Administración non pode cubrir a praza mediante funcionarios por causas alleas a súa vontade; de outro lado, a imposibilidade de cobertura por funcionarios de carreira da praza vacante derivarase da concorrencia das circunstancias de necesidade e urxencia para súa cobertura, de modo que para satisfacer o interese público será necesario que se produza la cobertura de maneira inmediata.

E no apartado d), o prazo máximo de seis meses refírese ó límite máximo de duración do nomeamento do funcionario interino por esta causa.

No presente suposto, por exceso o acumulación de tarefas, o funcionario interino pode ser nomeado por un prazo máximo de seis meses dentro dun período de 12 meses.

Tamén é importante ter en conta, que a xurisprudencia e reiterada no sentido de que *“las irregularidades en la contratación temporal de las Administraciones Públicas no pueden determinar la adquisición de la condición de fijeza, porque ello supondría la vulneración de las normas con relevancia constitucional que garantizan los principios de igualdad, mérito, capacidad y publicidad en el acceso al empleo público. La Administración pública no puede atribuir a los trabajadores afectados por estas irregularidades la pretendida fijeza en plantilla con una adscripción definitiva del puesto de trabajo, sino que por el contrario está obligada a adoptar las medidas necesarias para la provisión regular del mismo y, producida esa provisión en la forma legalmente procedente, existirá una causa lícita para extinguir el contrato. El reconocimiento de la condición de indefinido no fijo responde a estas exigencias porque preserva la cobertura del puesto de trabajo de acuerdo con los principios constitucionales.”* (STSJ País Vasco 4 de Noviembre de 1997, entre otras)

Aplicado o anteriormente exposto temos que todos os solicitantes prestaron servizos no Concello de Vigo en virtude dalgún destes contratos: contrato laboral para obra e servizo determinado, dentro do Plan Municipal de Emprego; nomeamento como funcionario interino por acumulación de tarefas, ou nomeamento de interino con cargo a vacante ata cubrir a praza. Todos os contratos e os distintos nomeamentos como funcionarios interinos dos solicitantes foron feitos respetando os límites legais anteriormente expostos e comentados, o que impide acceder ó solicitado.

- CONCLUSIÓNS

En base ao anteriormente exposto, cabe considerar que todos os contratos e os nomeamentos como funcionarios interinos dos solicitantes; (laboral para obra e servizo determinado dentro do Plan Municipal de Emprego, funcionario interino por acumulación de tarefas, e funcionario interino con cargo a vacante ata cubrir a praza) están dentro dos límites legais, polo que non procede acceder ó solicitado.

- RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Por tanto, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015 e Acordo da XGL de 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Desestimar as solicitudes de contratación como traballadores/as indefinidos/as non fixos/as formuladas por D. Tomás Alonso Vidal, con DNI nº 36064038-S; D^a. Isabel Comesaña Fernández, con DNI nº 53185485-D; D. Alberto Costas Villar, con DNI nº 36125172-S; D^a María Jesús Fouz Ares, con DNI nº 33538869-Q; D. Javier Vázquez Rodríguez, con DNI nº 46732412-T; D^a María Teresa Quinteiro Domínguez, con DNI nº 53175920-N; D. Artur Sánchez Regueira, con DNI nº 36160674-M; D. Carlos García Veloso, con DNI nº 36050888-K; D^a Leonor María Barrio Martínez, con DNI nº 13144088-W; D. Cibrán Pintos da Cunha, con DNI nº 76925985-R; D. Ramón Fernández García, con DNI nº 36118838-Y; D. Miguel Saul Sanmarín Barreiro, con DNI nº 35316684-T; D. José Manuel González Fernández con DNI nº 36086425-T; D. Raúl González Fernández, con DNI nº 35557377-K; D. Raúl Vila Ibañez, con DNI nº 36119876- D; D. José Manuel Lago Guerra, con DNI nº 36092048-B; D^a Purificación Bastos Villar, con DNI nº 36071578-B; D. Guillermo Javier Cameselle Abalde, con DNI nº 53177845-M; D. Adonis Asensio Rodríguez, con DNI nº 36157447-K; D^a María Jesús Davila Moldes, con DNI nº 36087427-J; D. Manuel Comesaña Araujo, con DNI nº 36099135-Z; D. Ángel Abalde Costa, con DNI nº 36057096-L; D. Jesús Veloso Costas, con DNI nº 36099100-W; D. Rafael Molina Jimenez, con DNI nº 36097461- L e D. Alfredo Bautista Castro Duarte, con DNI nº 35306019, pola motivación exposta no informe-proposta que antecede.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos solicitantes."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(125).- AXUDAS ESPECIAIS DO FONDO SOCIAL - FEBREIRO 2017. EXPTE. 29438/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8/02/17, dáse conta do informe-proposta de data 7/02/17, asinado pola xefa da área de Recursos Humanos e Formación, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, remítese a esta Área de Recursos Humanos e Formación acordo adoptado pola mesma en sesión do 26/01/2017, relativo á concesión de axudas especiais aos seguintes empregados municipais tal como se reflicte en dita acta por un importe de 14.966,00 € :

APELIDOS E NOME	DNI	Nº Persoal	Euros
ARBONES LAGO, GUILLERMO	36109406-G	77022	319,00 €
BUGALLO CORRALES, JOSE ELIAS	36142415-P	79109	3.953,00 €
CARNERO DIAZ, ALBERTO	36119685-W	78133	92,00 €
FARO CHAMADOIRA, ANGELES	36033947-P	15071	2.652,00 €
FERNANDEZ ALVAREZ, FLORENTINO	36019741-Q	15473	3.680,00 €
GONZALEZ RIVEIRO, DAVID	36077946-P	80559	69,00 €
GONZALEZ RODRIGUEZ, MIGUEL JOSE	36036153-Y	14835	383,00 €
GUENAGA CANO, JUAN RAMON	36001378-F	12606	600,00 €
JORGE GARCIA, JAVIER	52483519-A	23099	32,00 €
MARIÑO VILLANUEVA, JULIA	36045806-E	22361	1.350,00 €
MOLINA MAGDALENA, FERNANDO	36065820-A	77043	806,00 €
PEREIRAS BERMEJO, VIRGINIA	78737463-E	80769	987,00 €
PEREZ GIL, FRANCISCO JAVIER	36095799-J	23567	43,00 €
TOTAL			14,966 €

Así mesmo, denégase a reclamación presentada por D^a Mónica Freire Miguens, ratificándose a Comisión no acordo adoptado en xuntanza de 09-09-2016.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, prorrogado.

II.- Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.

III.- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Vigo para o exercicio económico 2017.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Imputación do gasto: clasificación económica 22101620400-Fondo Social dos orzamentos municipais para o ano 2016.

V.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS), que se incorpora ao presente expediente, establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:

1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social, achégase certificación da Xunta de Goberno Local de data 16/04/2013, de aprobación de ditas bases rectoras.

2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.

3.- Recepción, estudo e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.

4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.

6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.

7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.

8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

VI.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Único.- Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 26/01/2017, por un importe total de 14.966 € (CATORCE MIL NOVECIENTOS SESENTA E SEIS EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica:

APELIDOS E NOME	DNI	Nº Persoal	Euros
ARBONES LAGO, GUILLERMO	36109406-G	77022	319,00 €
BUGALLO CORRALES, JOSE ELIAS	36142415-P	79109	3.953,00 €
CARNERO DIAZ, ALBERTO	36119685-W	78133	92,00 €
FARO CHAMADOIRA, ANGELES	36033947-P	15071	2.652,00 €
FERNANDEZ ALVAREZ, FLORENTINO	36019741-Q	15473	3.680,00 €
GONZALEZ RIVEIRO, DAVID	36077946-P	80559	69,00 €
GONZALEZ RODRIGUEZ, MIGUEL JOSE	36036153-Y	14835	383,00 €
GUENAGA CANO, JUAN RAMON	36001378-F	12606	600,00 €
JORGE GARCIA, JAVIER	52483519-A	23099	32,00 €
MARIÑO VILLANUEVA, JULIA	36045806-E	22361	1.350,00 €
MOLINA MAGDALENA, FERNANDO	36065820-A	77043	806,00 €
PEREIRAS BERMEJO, VIRGINIA	78737463-E	80769	987,00 €
PEREZ GIL, FRANCISCO JAVIER	36095799-J	23567	43,00 €
TOTAL			14,966 €

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(126).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE VIXILANCIA DA SAÚDE. EXPTE. 29360/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7/02/17, dáse conta do informe-proposta do 03/02/17, asinado polas técnicas do Servizo de prevención de riscos laborais, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O art. 14.- Lei 31/95, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais (en adiante LPRL) configura a **vixilancia da saúde** como un dos instrumentos dirixidos á prevención do risco laboral, cuxa regulación se desenvolve no artigo 22.- LPRL.

O art. **37.3.- Real Decreto 39/97, de 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos servizos de Prevención** establece “Las funciones de vigilancia y control de la salud de los trabajadores señaladas en la letra e) del apartado 1, serán desempeñadas por personal sanitario con competencia técnica, formación y capacidad acreditada con arreglo a la normativa vigente y a lo establecido en los párrafos siguientes:

a) Los servicios de prevención que desarrollen funciones de vigilancia y control de la salud de los trabajadores deberán contar con un médico especialista en Medicina del Trabajo o diplomado en Medicina de Empresa y un A.T.S./D.U.E de empresa, sin perjuicio de la participación de otros profesionales sanitarios *con competencia técnica, formación y capacidad acreditada. (...)*”

O art. **15.- Real Decreto 39/97, de 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos servizos de Prevención** prevé no seu punto 4 a posibilidade de que as actividades preventivas que non sexan asumidas a través do servizo de prevención propio, poidan ser concertadas cun servizo de prevención alleo.

O **Servizo propio de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo** (en adiante SPRL-CV), foi constituído por Decreto de Alcaldía de data 27 de febreiro de 2004, asumindo como propias as especialidades preventivas Seguridade no traballo, Hixiene Industrial e Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada e acordando concertar con entidade especializada acreditada a Vixilancia da Saúde.

En data 29 de marzo de 2011 foi subscrito contrato entre a Concelleira-delegada da Área de Contratación do Concello de Vigo e a representación legal de Sociedad de Prevención de FREMAP, S.L.¹ para a prestación do servizo de vixilancia da saúde ao persoal do Concello de Vigo, previa adxudicación do mesmo por acordo da Xunta de Goberno Local en reunión de data 7 de marzo de 2011 resolutorio do procedemento aberto convocado ao efecto (Exp. 20247/220).

A cláusula 6 do Prego de cláusulas administrativas do exp. 20247/220 fai referencia á 9.2 das Fec, segundo a cal “*Procederá a primeira revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de adxudicación do contrato e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no periodo que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade. As seguintes revisións faranse transcurrido un ano dende a inmediata anterior e recollerá o 85% da variación que experimente o IPC nacional no periodo comprendido entre a data de revisión de prezos e a da revisión inmediatamente anterior.*”

¹ A Sociedad de Prevención FREMAP, S.L.U. notificou o cambio de denominación social realizado mediante escritura pública asinada ante José Alberto López Gómez Notario de Galapagar, o 24 de abril de 2014, acto mediante o que a Sociedad de Prevención FREMAP, S.L.U. pasou a denominarse PREMAP Seguridad y Salud, S.L.U.

A cuarta revisión de prezos (exp. 27622/220 aprobado en XGL de data 18 de marzo de 2016) correspondeu ao período marzo 2014 – marzo 2015. Tras esta revisión o prezo do contrato de vixilancia da saúde resultante foi de 143.654,48 € / ano.

A quinta revisión de prezos será calculada en base ao IPC correspondente ao periodo marzo 2015 - marzo 2016 que se aplicará as facturas emitidas no periodo abril 2016 – marzo 2017.

Período contrato	Prezo	IPC nacional (período)	0,85% do IPC	Atrasos
01/04/2015 a 31/03/2016	143.654,48 € / ano			
01/04/2016 a 31/03/2017	142.677,63 € / ano	-0,8 % (de marzo 2015 a marzo 2016)	0,68%	-976,85 € / ano

En consecuencia do exposto, vistas as competencias que ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127.1 apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro; previo informe xurídico favorable e informe da intervención xeral nos termos do establecido nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elevase á Xunta de Goberno Local as seguintes

PROPOSTAS DE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a quinta revisión de prezos do contrato de vixilancia da saúde (exp.20247/220) tomando como referencia o IPC do período marzo 2015 a marzo 2016 e correspondente ao período de facturación 01/04/2016 a 31/03/2017.

Segundo.- Recoñecer en concepto de atrasos (a favor do concello de Vigo) pola quinta revisión de prezos, en referencia ao período comprendido entre o 01/04/2016 e o 31/01/2017 o seguinte importe:

Atrasos	Período abril 2016 a xaneiro 2017	Total
5ª revisión	-814,04 €	-814,04 €

que se detraerá na primeira factura que se tramite a partir da notificación ao adxudicatario do acordo da XGL de aprobación da quinta revisión de prezos. Os meses de febreiro e marzo a factura mensual será de 11.889,80 €.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo á adxudicataria, Intervención Xeral Municipal, Servizo de Recursos Humanos, así como ao Comité de Persoal aos efectos oportunos”.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do

Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(127).- CAMPAÑA ORDINARIA DE DESRATIZACIÓN DO CONCELLO DE VIGO- ANO 2017. EXPTE. 29410/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/02/17, dáse conta do informe-proposta de dta 9/02/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

O Xefe do Servizo de Medio Ambiente coa conformidade da concelleira-delegada da área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, remite escrito a Area de Recursos Humanos no que, dado que o servizo de desinfección ven desenvolvendo dende hai anos a campaña de desratización no termo municipal de Vigo durante os meses de abril a xullo, época do ano na que polas condicións climáticas e atmosféricas, se produce unha maior proliferación das pragas no referente a reprodución das ratas e a eclosión das cascudas, solicita se proponga á Xunta de Goberno Local a aprobación dun complemento de produtividade ao persoal pola realización da devandita campaña de desratización do termo municipal de Vigo para o presente ano 2017 e que sería acometida directamente polo propio persoal adscrito ó Servizo de Desinfección, coa colaboración dun oficial conductor adscrito ó Parque Móbil municipal.

Propónse que os tratamentos anual hixiénico-sanitario da campaña de desratización e desinsectación durante o ano 2017, sexan realizados, como en anos anteriores, polo persoal Municipal adscrito ó servizo de control de pragas, dada a súa experiencia, profesionalidade, interese e rendemento acreditados polo persoal do Servizo, que voluntariamente traballa nestes cometidos extraordinarios, así como os excelentes resultados obtidos nas últimas campañas, xunto co feito de que rematada a campaña, este mesmo persoal encárgase da evolución das pragas dentro do término municipal a través de actuacións de revisión periódicas e/ou calquera outra incidencia relacionada coas diferentes pragas.

Para que a referida actuación poida executarse correctamente, resulta necesaria a realización dunha serie de servizos fora do horario habitual de traballo, o que ven xustificado por razóns de índole técnica, xa que se requiren intervencións continuas en horario nocturno durante o tempo de realización de dita campaña.

Así mesmo, resulta constatado que a realización deste servizo pola propia Administración, supón un importante aforro así como unha maior eficacia e eficiencia fronte a unha contratación administrativa externa, tal e como se reflexa nos orzamentos solicitados polo Servizo e que forman parte do expediente - Empresas Agronerga por importe de 123085,00 € segundo

orçamento de data 17/01/2017 e Plaguiber por importe de 158510,00 € , orzamento de data 19/01/2107) .

En relación coa eficacia e aforro fronte a contratación externa, no informe da xefatura de Medio ambiente se indica que:

Desde esta xefatura entendemos que o importe solicitado con cargo á partida de produtividade supón un importante aforro para as arcas municipais fronte a contratación dunha empresa externa para desenvolver a citada campaña, situación que se xustifica cos orzamentos de empresas privadas, nos que o custe dos tres meses de campaña de desratización supón unhas cinco veces o gasto medio de biocidas do servizo de Control de Pragas en todo o ano, campaña de desratización incluída. Ademais hai que facer fincapé no feito de que a empresa privada unha vez desenvolvidas as catro fases nas que se divide a campaña (tratamento de choque xunto a tres fases de reposición) daría por rematada a mesma, mentres que, de realizala o persoal adscrito ao servizo de control de pragas como en anos anteriores, a labor continúa o resto dos meses do ano con protocolos e actuacións de prevención e revisión periódicas conseguindo temporalmente un mellor control das pragas da cidade fundamentalmente no que as ratas e cascudas se refire.

Cumpre salientar que idénticas campañas veñen realizándose nos pasados anos con resultados altamente satisfactorios, segundo informes do Servizo.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de Setembro de 2010, en concreto a Instrución 3ª h) establece que “con cargo ó complemento de produtividade aboarase a actividade extraordinaria pola realización de campañas de desinfección, desinsectación, etc., do Laboratorio municipal cando por necesidades do servizo fose necesario acometer anualmente algunha actuación extraordinaria fora da xornada normal de traballo, tendente á desinfección, desinsectación ou desratización no termo municipal, concederáse a instancias da Xefatura do Laboratorio Municipal un complemento de produtividade que sirva para recompensar-lo esforzo, dedicación e rendemento esixido para a correcta implantación destas medidas conxunturais, polo importe que expresamente dispoña a Xunta de Goberno Local. A percepción desta produtividade será incompatible con calquera outra gratificación ou recargo previsto no acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, para os servizos extraordinarios (festividade, nocturnidade, xornada partida, etc.).

O importe total da produtividade proposta pola Directora do Laboratorio Municipal ascende a un importe máximo de 12.000,00 € para a totalidade do persoal participante, cantidade que se proporá o aboamento unha vez rematada dita campaña, realizando cuantificación detallada e tendo en conta o grao de participación de cada un dos empregados municipais integrantes do equipo que realiza a campaña, o número de horas e xornadas nas que participe cada un dos efectivos,

O persoal que participará na campaña 2017 será:

NOME	Nº PERSONAL	POSTO DE TRABAJO
José Ramón Seijas Álvarez	16350	Capataz
José Manuel Sousa Atrio	22790	Oficial desinfectador

Alberto Seijas Fernández	81369	Oficial desinfector
Manuel Alfonso López Rodríguez	80360	Conductor

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

-A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

-En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos representantes sindicais como do resto de empregados municipais

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aproba-la realización da campaña ordinaria de desratización no termo municipal de Vigo para o ano 2017, a realizar polo propio persoal municipal do servizo de desinfección, co apoio de dun oficial conductor do Parque Móbil que se indica, previsto o seu inicio no mes de Maio de 2017:

NOME	Nº PERSOAL	POSTO DE TRABALO
José Ramón Seijas Álvarez	16350	Capataz
José Manuel Sousa Atrio	22790	Oficial desinfector
Alberto Seijas Fernández	81369	Oficial desinfector
Manuel Alfonso López Rodríguez	80360	Conductor

Segundo.- Dispoñer que polo Servizo xestor se proceda a remision a Area de Recursos Humanos e Formacion, informe acreditativo da efectiva realizacion dos traballos , relacion dos participantes na mesma, datas de inicio e finalizacion da campaña e demais aspectos relevantes, ao efecto de valorar a procedencia de outorgamento ou recoñecemento de eventuais complementos de produtividade nos termos recollidos nas vixentes instruccións sobre plantilla

Terceiro.-A percepción do dito complemento quedará supeditada ó informe da xefatura do servizo de Medio Ambiente, no que se acredite a correcta prestación dos servizos extraordinarios que implica o desenvolvemento da campaña, e no que se informe individualmente a dedicación e rendemento de todos e cada un dos traballadores participantes na campaña 2017 así como a cuantificación individualizada da proposta de produtividade en función do número de horas e xornadas adicadas a mesma, non orixinando o seu abono ningún tipo de dereito individual respecto a valoracións de apreciacións correspondentes a sucesivos períodos. A percepción desta produtividade será incompatible con calquera outra gratificación ou recargo previsto no acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(128).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA XESTORA DO AUDITORIO DO PAZO DE CONGRESOS DE VIGO PARA A PROGRAMACIÓN E ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES ARTÍSTICAS E SOCIOCULTURAS NO CITADO AUDITORIO DURANTE O ANO 2017. EXPTE. 1118/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 14/02/17, e o informe de fiscalización do 21/02/17, dáse conta do informe-proposta de data 13/02/17, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu, con data 11 de xaneiro pasado, que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención coa empresa ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L., xestora do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo, para a programación de actividades artísticas e socioculturais no citado auditorio durante o

exercicio 2017, por importe de 500.000 €, e realizar un convenio con a citada empresa para regulala. Con data do Rexistro Xeral 26 de xaneiro pasado, a empresa presentou solicitude de subvención e documentación administrativa correspondente.

ANTECEDENTES.-

I.- O Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” é un espazo artístico e cultural referente para a cidade de Vigo, destinado principalmente ao desenvolvemento de concertos, espectáculos e representacións artísticas, así como a actividades de carácter sociocultural, congresos, exposicións, convencións e actividades de promoción turística.

II.- A “Sociedade Pazo de Congresos de Vigo, S.A.”, CIF A-36972560, é a adxudicataria polo Concello de Vigo e durante un prazo máximo de 60 anos, é dicir ata o 28 de outubro de 2068, segundo o contrato de concesión suscrito o 2 de maio de 2006 (modificado o 22 de outubro de 2012) da concesión de obra pública para a construción, explotación e mantemento dun Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo, con zonas complementarias de explotación comercial sobre a parcela denominada “Casa Mar” na Avenida de Beiramar de Vigo, e a ocupación parcial do subsolo da rúa Jacinto Benavente.

III.- A empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.”, con CIF B-27719434, ten por obxecto social a representación técnica de espectáculos, a contratación e representación de actividades artísticas, deportivas e culturais, e toda a relación profesional co mundo do espectáculo, o deporte e a cultura, así como a xestión, explotación e produción de redes de telecomunicacións de información, informática, telefonía, vídeo, televisión e radio; transporte de sinal por satélite, cable, fibra óptica e/ou enerxías naturais ou industriais; produción, cinematográfica, publicacións, editoriais discográficas e xornalísticas e publicidade, segundo a escritura de constitución outorgada en O Porriño, ante a Notaria Dna. Mónica Alba Castro, presentada o 16 de outubro de 2008 no Rexistro Mercantil de Pontevedra, documento: 1/2008/10.095,0; diario: 102; asento 8590; Tomo: 3504, libro 3504; folio 10; folla: P0 46892, e que foi modificada con posterioridade na seguintes datas: 15 de setembro de 2008 nº entrada 1/2008/10.095,0; 22 de abril de 2010 nº de entrada documento 1/2010/3.277,0 e o 30 de outubro de 2014 nº documento 1/2014/10.079,0.

IV.- A empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.”, CIF: B-27719434 ten contratada con **“Sociedade Pazo de Congresos de Vigo, S.A.”** a xestión do Auditorio do Pazo de Congresos en exclusividade, segundo resulta do contrato de arrendamento asinado o 17 de marzo de 2014, entre D. Javier Zarrabeitia Unzueta en representación da “Sociedade Pazo de Congresos de Vigo”, S.A., e D. Jesús Ignacio Teijeira Rodríguez, en representación da empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.”, que figura na documentación do expediente.

V.- A empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.” está interesada en colaborar co **Concello de Vigo** na programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” durante o ano 2017, co fin de apoiar e potenciar a oferta cultural e de ocio da cidade, e achegar á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posible de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais no fomento de actividades de interese cultural e social que se celebren na cidade de Vigo.

VI.- O Concello de Vigo, de conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia, está interesado en apoiar e potenciar a oferta cultural da cidade, así como en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural

diversificada que albergue o maior número posible de actividades dirixidas a todos os sectores culturais.

O exercicio desta competencia de promoción da cultura entre a comunidade veciñal pode ter lugar, ben organizando e proporcionando ao propio Municipio – directa ou indirectamente- o acceso da cidadanía ao acontecemento cultural, ou ben mediante a actividade administrativa de fomento que as Administracións públicas poden promover mediante a concesión de achegas directas ou indirectas para servizos ou actividades que complementen ou suplan os atribuídos ao Ente público; acción de fomento cuxa manifestación máis importante é a da subvención, definida nos artigos 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como achegas económicas sen contraprestación directa da beneficiaria, suxeita á realización dun proxecto, cuxa execución ten de fomentar unha actividade de utilidade pública e interese social, como é a promoción da cultura.

O Concello de Vigo, no seu vixente orzamento, prevé a concesión dunha subvención por importe de 500.000 € na aplicación orzamentaria 3331.470.0002 (Convenio promoción cultural Auditorio Mar de Vigo), co obxecto de promover unha programación de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”.

VII.- O Concello de Vigo e maila empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.” asinaron convenios de colaboración para regular a subvención da programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no citado recinto para os exercicios 2014, 2015 e 2016, con resultados satisfactorios para ámbalas dúas partes.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á empresa “**Organización de Ideas de Éxito, S.L.**”, para a programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” para o exercicio 2017, obxecto do presente convenio, rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Capacidade de “Organización de Ideas de Exito, S.L” para a xestión do Auditorio-Pazo de Congresos de Beiramar

En relación coa capacidade da explotadora do espazo cultural, o PCAP que regulou a concesión da obra pública, establece na súa cláusula 49, que a concesionaria explotará o obxecto da concesión a risco e ventura, pola súa parte a cláusula 50 do PCAP establece que a concesionaria unicamente poderá concertar con terceiros as prestacións accesorias relativas á conservación e explotación do obxecto do contrato. A cláusula 48 do PCAP refírese ao procedemento a seguir para a aprobación do Regulamento do Servizo que regulará a actividade do Auditorio-Pazo de Congresos desenvolvendo os extremos contidos nos pregos relativos á súa prestación pola sociedade concesionaria.

A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o 21/10/2011, aprobou o réxime de funcionamento do Auditorio Pazo de Congreso, expediente 3716/241. O seu artigo 2 establece

que “O Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” é un ben inmoble municipal que ten como finalidade o desenvolvemento de espectáculos públicos, actividades socioculturais, reunións e congresos. A súa explotación foi cedida en réxime de concesión á sociedade PAZO DE CONGRESOS DE VIGO, S.A. (en adiante, a “Sociedade Concesionaria”) que encargárase da súa xestión e explotación para cumprir coa súa finalidade por sí ou a través de terceiros. A utilización do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” efectuarase pola Sociedade Concesionaria a través dunha empresa á que se encomendará a xestión e explotación do mesmo (en adiante, a “Sociedade Xestora”). En desenvolvemento desta disposición do Regulamento do Réxime de Funcionamento do Auditorio-Pazo de Congresos faise ao longo do seu texto continua refenza á esta Sociedade Xestora.

O Regulamento aprobado polo órgano competente, supón o desenvolvemento e interpretación dos Pregos que rexen o contrato, polo que, queda acreditado, tal e como se deduce da Resolución do Recurso de Reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno de data 01/08/2014 que aprobou o Convenio de colaboración entre Concello de Vigo e a xestora do Auditorio do Pazo de Congresos de Vigo para a programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio do Pazo de Congresos de Vigo “Mar de Vigo” durante o ano 2014, que a sociedade xestora ten as competencias reguladas polo regulamento de servizo para a explotación da zona do Auditorio, sendo a relación existente entre a concesionaria da obra pública e o xestor, un contrato privado.

En relación coa capacidade da mercantil xestora “Organización de Ideas de Exito, S.L” para a xestión do Auditorio-Pazo de Congresos de Beiramar, nos remitiríamos ao informe xurídico do Sr. Secretario de Administración Municipal de data 14 de outubro de 2014 (inclúese copia no expediente).

Competencia sobre a actividade de fomento que conforma a proposta de gasto

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, trata segundo a súa Exposición de Motivos de clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración Local e para elo procede a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da Lei de Bases de Réxime Local.

A Lei 5/2014, de 27 de maio, de Medidas Urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, publicada no DOGA o día 30 de maio de 2014 que entrou en vigor segundo a Disposición adicional derradeira segunda o 31 de maio de 2014, establece no artigo 3 que regula as competencias das entidades locais distintas das propias e das atribuídas por delegación:

“O exercicio de novas competencias polas entidades locais que sexan distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontre delegado, só será posible cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración pública.”

Neste suposto, o apartado cuarto establece que, con carácter previo ao inicio das novas competencias, serán preceptivos os informes previos da Administración competente por

razón da materia, en que se sinala a inexistencia de duplicidades, e da Consellería de Facenda da Administración da comunidade Autónoma de Galicia como titular da competencia de tutela financeira sobre as entidades locais galegas, sobre a sustentabilidade financeira das novas competencias.

No entanto, o citado precepto establece no apartado terceiro b), que non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Á vista do exposto, e tras a entrada en vigor da Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, queda determinada a competencia municipal para o exercicio das actividades de fomento que xa se veñan realizando en exercicios anteriores.

A maiores, hai que ter en conta a Disposición adicional primeira da Lei 5/2014 adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local:

“As competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.”

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m) da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n) da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia , a competencia en materia cultural, está atribuída ás Entidades Locais.

Por último, o artigo 2 apartado 1 da Lei 7/1985, redactado polo número uno do artigo primeiro da Lei 27/2013, establece que, para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás Entidades Locais, a lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas, reguladora dos distintos sectores de acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar aos Municipios, as Provincias e as Illas o seu dereito a intervir en cuantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Por conseguinte, a competencia desta Administración para outorgar esta subvención artellada polo proxecto de convenio que se está a propor á Xunta de Goberno Local, está amparada na lexislación citada, ademais, por ser unha actividade de fomento cultural con amparo no artigo 25.2.m) da LBRL.

Xustificación da concesión da subvención directa

A concesión da subvención directa á empresa **“Organización de Ideas de Éxito, S.L.”** deberá axustarse ao previsto no art. 22. apartado 2. c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, en base a:

- o interese público, social e cultural que supón o programa de actividades proposto para a cidade de Vigo

- a "exclusividade" da empresa xestora (Organización de Ideas de Éxito, S.L.) para a xestión do Auditorio "Mar de Vigo". Esta exclusividade queda xustificada en base a que a empresa "Organización de Ideas de Éxito, S.L.", CIF: B-27719434, ten contratada con "Sociedade Pazo de Congresos de Vigo, S.A.", a xestión do citado recinto en "exclusividade", segundo resulta do contrato de arrendamento asinado o 17 de marzo de 2014, entre D. Javier Zarrabeitia Unzueta en representación da "Sociedade Pazo de Congresos de Vigo", S.A., e D. Jesús Ignacio Teijeira Rodríguez, en representación da empresa "Organización de Ideas de Éxito, S.L.", que figura na documentación do expediente.
- A organización directa por parte do Concello de Vigo dos espectáculos prantexados no anexo do convenio serían sempre máis elevados que optando pola vía da subvención, xa que debería facerse fronte en cada caso ao aluguer dun espazo adecuado para a súa realización (do cal carece xa que o aforo máximo do que se disporía en recinto pechado serían as 281 prazas das que dispón o Auditorio Municipal), e ao pagamento do iver correspondente (sen embargo no pagamento da achega, a través do convenio non se inclúe o iver, tal e como se establece no pacto sétimo do convenio).

Esta condición de xestora do Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo" en exclusividade, xustifica a concesión directa da subvención, xa que o concepto que recolle o vixente orzamento, "convenio promoción cultural Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo" aplicación 3331.470.0002 (convenio promoción cultural auditorio Mar de Vigo), **outorgalle a condición de subvención nominativa ao espazo cultural, non por razón de suxeito, senon por razón ao obxecto, e ao inmovible no que se desenvolverían as actividades.**

Polo tanto, concorre un dereito de exclusividade na xestión do contenedor cultural e ademais, unha condición de subvención nominativa, non por razón de suxeito, xa que se podería estar ante outro xestor, pero si nominativa en canto ao obxecto e ao inmovible non que se desenvolverían as actividades.

Por todo o exposto, considérase que non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento. Dado que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións, inclúese o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

PROGRAMA

A empresa "Organización de Ideas de Éxito, S.L.", presenta unha proposta de programación a subvencionar composta por 44 actividades artísticas e socioculturais, comprendidas no período entre o 17 de decembro de 2016 ao 25 de novembro de 2017, e que se atópan relacionadas no Anexo do convenio, xunto co seu presuposto de gastos.

O custo total destas 44 actividades subvencionadas ascende a 532.312,55 € máis 111.785,64 € en concepto do 21 % de iver, o que fai un total de 644.098,19 €; ademais, a empresa presenta o presuposto total de gastos xerais que ascende a 704.020,35 €, iver engadido (consumos eléctrica, agua, gastos de mantemento, renda, seguros, etc).

En canto aos ingresos previstos, según a información facilitada pola empresa, serían os seguintes:

- Subvención do Concello de Vigo: 500.000 €
- Previsión venda de entradas: 460.973,70 € ive incluído
- Previsión de alugueres de espazos: 306.057,40 € ive incluído
- Outros ingresos derivados da programación: 37.268 € ive incluído

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da empresa presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada polo seguinte:

- Proxecto de programa de actividades
- Orzamento de gastos do programa de actividades
- Orzamento de gastos xerais
- NIF do administrador único da empresa
- CIF da empresa
- Escritura de constitución outorgada en O Porriño, ante a Notaria Dna. Mónica Alba Castro
- Estatutos sociais da compañía de responsabilidade limitada, outorgados en O Porriño, ante a Notaria Dna. Mónica Alba Castro
- Contrato de arrendamento, asinado o 17 de marzo de 2014, entre a empresa "Organización de Ideas de Éxito, S.L." e "Sociedade Pazo de Congressos de Vigo, S.A." para a xestión do Auditorio do Pazo de Congressos en exclusividade.
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo do pagamento da póliza do seguro de responsabilidade civil
- Plan de Autoprotección do recinto
- Escrito da empresa "Organización de Ideas de Éxito, S.L.", CIF: B-27719434 de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á programación de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo" durante o exercicio 2017

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local. O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á empresa ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L., xestora do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, ten como obxecto financiar a organización da programación de actividades artísticas e socioculturais no citado auditorio durante o exercicio 2017, con cargo á partida 3331.470.00.02 (*Convenio promoción cultural Auditorio Mar de Vigo*), e a concesión dunha subvención por importe de 500.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á empresa ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L., xestora do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Con data 2 de febreiro pasado, o concelleiro-delegado da Área de Cultura solicitou informe ao responsable do contrato de concesión pública para construción e explotación do edificio do Auditorio-Pazo de Congressos, sobre os posibles efectos na tramitación da presente subvención do proceso no que se atopa nestes intres a empresa concesionaria e, de selo caso, a conveniencia de incluír algun condicionante no clausulado do convenio que regulará a citada subvención.

Con data 13 de febreiro, o citado responsable emite informe no que indica que:

“Canto a incidencia que poda ter a situación de concurso da arrendadora Pazo de Congressos de Vigo, S.A. cómpre informar que a declaración de concurso non produce por si mesma a resolución dos contratos sinalagmáticos —bilaterais, con prestacións recíprocas— que asinara o debedor común antes da súa data (artigo 61.2 LCon.), salvo aqueles para os cales a declaración de concurso sexa causa legal de extinción ou nos que, por disposición legal expresa, as partes podan pactar a extinción en tal caso (artigo 63.2 LCon); circunstancias que non concorren no presente caso.”

Ademais, tamén indica:

“Non estaría de máis facer constar no convenio que a resolución do aluguer do Auditorio-Pazo de Congressos e conseguinte perda por OIDE da condición de explotadora do mesmo comportará a resolución do convenio de promoción cultural. “

Por este motivo, recolleuse esta proposta na cláusula décimo sexta do convenio.

Á visto do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar, según o previsto no art. 22. apartado 2. c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, a concesión directa dunha subvención por importe de 500.000 € (cincocentos mil euros) á empresa ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L., CIF B-27719434, xestora do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, para o financiamento da programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no citado auditorio durante o periodo comprendido entre o 16 de decembro de 2016 e o 30 de novembro de 2017, ambos inclusive, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo

á aplicación orzamentaria 3331.470.00.02 (Convenio promoción cultural Auditorio Mar de Vigo), que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a empresa ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L., CIF B-27719434, xestora do Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo", que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no citado auditorio durante o período comprendido entre o 16 de decembro de 2016 e o 30 de novembro de 2017, ambos inclusive."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A XESTORA DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO" PARA A PROGRAMACIÓN E ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES ARTÍSTICAS E SOCIOCULTURAS NO CITADO ESPAZO DURANTE O ANO 2017

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezasete

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, don Jesús Ignacio Teijeira Rodríguez, na súa calidade de Administrador único da empresa "Organización de Ideas de Éxito, S.L.", CIF B-27.719.434, con enderezo social en rúa Pío XII, 10, baixo - O Porriño (Pontevedra), CP 36400, (en adiante a ENTIDADE), actuando en nome e representación da mesma, segundo resulta da escritura de constitución da sociedade aportada.

Tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que o Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo" é un espazo artístico e cultural referente para a cidade de Vigo, destinado principalmente ao desenvolvemento de concertos, espectáculos e representacións artísticas, así como a actividades de carácter sociocultural, congresos, exposicións, convencións e actividades de promoción turística.

II.- Que a "Sociedade Pazo de Congresos de Vigo, S.A.", CIF A-36972560, é a adxudicataria polo Concello de Vigo e durante un prazo máximo de 60 anos, é dicir ata o 28 de outubro de 2068, segundo o contrato de concesión suscrito o 2 de maio de 2006 (modificado o 22 de outubro de 2012) da concesión de obra pública para a construción, explotación e mante-

mento dun Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo, con zonas complementarias de explotación comercial sobre a parcela denominada “Casa Mar” na Avenida de Beiramar de Vigo, e a ocupación parcial do subsolo da rúa Jacinto Benavente.

III.-Que a empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.”, con CIF B-27719434, ten por obxecto social a representación técnica de espectáculos, a contratación e representación de actividades artísticas, deportivas e culturais, e toda a relación profesional co mundo do espectáculo, o deporte e a cultura, así como a xestión, explotación e produción de redes de telecomunicacións de información, informática, telefonía, vídeo, televisión e radio; transporte de sinal por satélite, cable, fibra óptica e/ou enerxías naturais ou industriais; produción, cinematográfica, publicacións, editoriais discográficas e xornalísticas e publicidade, segundo a escritura de constitución outorgada en O Porriño, ante a Notaria Dna. Mónica Alba Castro, presentada o 16 de outubro de 2008 no Rexistro Mercantil de Pontevedra, documento: 1/2008/10.095,0; diario: 102; asento 8590; Tomo: 3504, libro 3504; folio 10; folla: P0 46892, e que foi modificada con posterioridade na seguintes datas: 15 de setembro de 2008 nº entrada 1/2008/10.095,0; 22 de abril de 2010 nº de entrada documento 1/2010/3.277,0 e o 30 de outubro de 2014 nº documento 1/2014/10.079,0.

IV.- Que a empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.”, CIF: B-27719434 ten contratada con “Sociedade Pazo de Congresos de Vigo, S.A.” a xestión do Auditorio do Pazo de Congresos en exclusividade, segundo resulta do contrato de arrendamento asinado o 17 de marzo de 2014, entre D. Javier Zarrabeitia Unzueta en representación da “Sociedade Pazo de Congresos de Vigo”, S.A., e D. Jesús Ignacio Teijeira Rodríguez, en representación da empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.”, que figura na documentación do expediente 1118/330.

V.- Que a empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.” está interesada en colaborar co Concello de Vigo na programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” durante o ano 2017, co fin de apoiar e potenciar a oferta cultural e de ocio da cidade, e achegar á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posible de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais no fomento de actividades de interese cultural e social que se celebren na cidade de Vigo.

VI.- Que o Concello de Vigo, de conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia, está interesado en apoiar e potenciar a oferta cultural da cidade, así como en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posible de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. O Concello de Vigo, no seu vixente orzamento, prevé a concesión dunha subvención por importe de 500.000 € na aplicación orzamentaria 3331.470.00.02 (Convenio promoción cultural Auditorio Mar de Vigo).

Faise constar que a empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.”, ten contratada con “Sociedade Pazo de Congresos de Vigo, S.A.” a xestión do Auditorio do Pazo de Congresos “Mar de Vigo” en exclusividade, polo que se xustifica a concesión directa da subvención, xa que non é posible a súa convocatoria pública.

Esta condición de xestora do Auditorio “Mar de Vigo” en exclusividade, xustifica a concesión directa da subvención, xa que o concepto que recolle o vixente orzamento, “convenio promoción cultural auditorio Mar de Vigo” aplicación 3331.470.00.02, lle outorga a condición

de subvención nominativa ao espazo cultural, non por razón de suxeito, senón por razón ao obxecto, e ao inmovible no que se desenvolverían as actividades.

Así mesmo, na actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público.

VII.- Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente. Os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo "Mar de Vigo" dende o 15 de decembro de 2016 ata o 30 de novembro de 2017.

VIII- Que a empresa "Organización de Ideas de Éxito, S.L.", CIF: B-27719434 non está incurso en ningunha das causas de prohibición para ser beneficiaria das subvencións previstas na Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente 1118/330.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, o Concello de Vigo e a empresa "Organización de Ideas de Éxito, S.L.", conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver a programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo" no exercicio 2017, coa fin de apoiar e potenciar a oferta cultural e de ocio da cidade, e achegar ao público unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posible de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

O período establecido para o desenvolvemento das anteditas actividades será dende o 16 de decembro de 2016 ata o 30 de novembro de 2017, conforme ao programa recollido no Anexo deste convenio.

As actividades obxecto deste convenio están destinadas ao público en xeral, e o acceso as mesmas será público, aínda que o número de asistentes limitarase á capacidade do recinto. As actividades, servizos ou produtos ofertados ao público no marco do programa de actividades que conforma o Anexo, poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.); a tal efecto, a entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visible, o listado de prezos de venda ao público.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ENTIDADE, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 644.098,19 €, ademais dun orzamento de gastos xerais do recinto de 704.020.35 €, IVEs engadidos. En canto aos ingresos previstos, segundo a información facilitada pola ENTIDADE, serían:

- Subvención do Concello de Vigo: 500.000 €
- Previsión venda de entradas: 460.973,70 € ive incluído
- Previsión de alugueres de espazos: 306.057,40 € ive incluído
- Outros ingresos derivados da programación: 37.268 € ive incluído

TERCEIRA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Asumir todo o concernente á organización das actividades recollidas no anexo do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin. O interlocutor único ante a CONCELLERÍA por parte da ENTIDADE será, D. Jesús Ignacio Teijeira Rodríguez, administrador único.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa e difundilo amplamente.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla no pacto sexto, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida

producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza antes da sinatura do presente convenio.

10. Dar cumprimento do Plan de Autoprotección do Auditorio do Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, de acordo coas medidas de actuación en caso de emerxencia, durante os eventos que se desenvolvan nas instalacións, así como ao cumprimento do establecido na Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais.
11. Comunicar ao concelleiro-delegado da Área de Cultura calquera modificación que se produza no programa de actividades e/ou no seu orzamento que conforman o Anexo do convenio, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da subvención prevista.
12. A ENTIDADE non poderá subcontratar con terceiros a actividade obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir a ENTIDADE para a realización da actividade subvencionada.

CUARTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Conceder directamente á ENTIDADE unha subvención por importe de 500.000 euros (cincocentos mil euros) para o desenvolvemento de concertos, espectáculos e representacións artísticas, así como a actividades de carácter sociocultural, congresos, exposicións, convencións e actividades de promoción turística no Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, co obxecto de coadjuvar ao financiamento da programación, organización e execución do programa e dos seus gastos detallados no anexo do convenio.
- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando o anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

SÉTIMA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O pagamento da cantidade recollida no pacto cuarto deste convenio efectuarase de xeito MENSUAL, por transferencia bancaria na conta corrente con número IBAN ES75 0075 0121 62 0600400674 da entidade bancaria BANCO POPULAR, da que é titular a ENTIDADE beneficiaria. Como excepción ao anterior, o primeiro pagamento efectuarase polo período comprendido entre o 16 de decembro de 2016 e a data de sinatura do convenio, previa solicitude da ENTIDADE polo Rexistro Xeral.

A ENTIDADE terá que solicitar a través do Rexistro Xeral, o importe correspondente ao custo das actividades desenvolvidas nese período mensual, conforme a programación do anexo, acompañando a memoria parcial das actividades e a memoria parcial económica correspondente a cada período.

Posto que a realización efectiva de cada un dos pagamentos mensuais require a previa e adecuada xustificación documental, tanto da actividade subvencionada desenvolvida como dos gastos subvencionados imputados a cada período mensual de execución, cada un dos pagamentos parciais suporá a conformidade por parte do CONCELLO respecto da xustificación e liquidación parcial da axuda concedida.

A ENTIDADE, xunto coa solicitude do último pagamento, deberá presentar ademais un informe final relativo ao desenvolvemento do programa recollido no Anexo.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

A ENTIDADE deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos mensualmente como límite o 30 de novembro de 2017. A tal efecto deberá presentar xunto ás solicitudes dos pagamentos mensuais, e por duplicado, o seguinte:

- Solicitude de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión, cos logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto, ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados entre o 16 de decembro de 2016 ata o 30 de novembro de 2017, e que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

NOVENA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO PRIMEIRA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A ENTIDADE está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a CONCELLERÍA.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO CUARTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ENTIDADE

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable.

DÉCIMO SEXTA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

O concelleiro-delegado da Área de Cultura queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento. Así mesmo, queda facultado para propoñer ou autorizar modificacións tanto no programa de actividades como no seu orzamento que se recollen no Anexo, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe total da subvención prevista no pacto cuarto deste convenio.

A resolución do contrato de aluguer do Auditorio-Pazo de Congressos, e conseguinte perda da EMPRESA da condición de explotadora do mesmo, comportará a resolución inmediata do presente convenio.

DÉCIMO SÉTIMA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de

execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual”.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

23(129).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA GARCÍA LORCA”. EXPTE. 3215/443.

Visto o informe de fiscalización do 16/02/17, dáse conta do informe-proposta do xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo xefe do servizo Xurídico-Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO:

1. O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2016 recolle dentro do capítulo “pavimentación de vías públicas” a aplicación orzamentaria 1532.6190012 “HUMANIZACION DA RÚA GARCÍA LORCA”.

2. Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 16/02/16, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto, por importe de 21.296 euros, para redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol da mercantil Soltec Ingenieros, S.L. (B36881415).

3. A mercantil SOLTEC INGENIEROS, SL., (B 36881415) presenta o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA GARCÍA LORCA”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. MANUEL CAMEÁNS RODRÍGUEZ e o Enxeñeiro Industrial D. DANIEL PRIETO RENDA, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCENTOS CINCUENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS VINTE E CINCO EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (1.459.925,22 EUROS) e data maio de 2016.

4. O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos con data 11 de maio de 2016, informa que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro Delegado de Fomento, con data 18 de maio de 2016, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.

5. A actuación se desenrola Rúa García Lorca, entre a Rúa Darío Durán e a Avda. da Florida, e comprende as seguintes actuacións:

- Executarase un cambio de firmes nas beirarrúas, pasos de peóns e cambio de bordillos, así como a incorporación de pavimento nas zoas de vados e acceso de garaxes.
- Renovación da rede de abastecemento existente e mallado da rede.
- Renovación da rede de saneamento existente de tubería de formigón machihembra en mal estado e instalación de nova rede de saneamento PVC.
- Separación da rede de saneamento, en rede de pluviais e residuais.
- Renovación da rede de iluminación. Colocaranse as seguintes luminarias:

- Luminaria tipo1: Marca Carandini Modelo Pechina PCN-250/GC-A/63 de 73 W, cor granate RAL3005, instalada a unha altura de 8 metros.
- Luminaria tipo2: Marca Carandini Modelo Pechina PCN-250/GC-A/49 de 60 W, cor granate RAL3005, instalada a unha altura de 5 metros.
- As luminarias instalaranse sobre columnas da marca Setga modelo Vigo I de 9 metros de altura, formada por unha base de 1,75 m. de alto de cor granate RAL3005 e un fuste de 1,75 metros de largo de aceiro inoxidable. Existen tres tipos de columnas:
 - Columna tipo 1: Para instalar unha luminaria a 8 metros de altura
 - Columna tipo 2: Para instalar dúas luminarias a 8 metros de altura
 - Columna tipo 3: Para instalar unha luminaria a 8 metros e outra a 5 metros de altura
- Ubicación de novo mobiliario urbano, papeleiras, bancos, zoas axardinadas.
- Instalación de rego: Incorporarase para as zoas axardinadas instalación de rego localizado e independente con sistema de rego por goteo en 5 sectores independentes. Sectores 1 e 2 para rego de xardineiras e refuxios de contenedores e sectores 3, 4 e 5 para rego dos parterres non incluídos no ámbito de actuación segundo plano correspondente.
- Incorporación de nova sinalización vertical, así como novo marcado de vial, con delimitación de zoas de aparcamento, carga e descarga, pasos de peóns, etc.
- Actuacións complementarias: Complementariamente ás actuacións anteriormente descritas levarase a cabo as correspondentes obras de infraestruturas viarias tales como a adecuación de pasos de peóns, eliminación de barreras arquitectónicas, mellora e remodelación de espazos de uso público, etc. co obxecto de obter unha óptima mobilidade urbana.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de OITO meses.

6. O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, con data 13 de febreiro de 2017, informa que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras; e que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos de las Administraciones Públicas.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Ofi-

cina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Aprobar o proxecto de obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA GARCÍA LORCA” presentado pola mercantil SOLTEC INGENIEROS, SL., (B 36881415) redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. MANUEL CAMEÁNS RODRÍGUEZ e o Enxeñeiro Industrial D. DANIEL PRIETO RENDA, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCIENTOS CINCUENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS VINTE E CINCO EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (1.459.925,22 EUROS) e data maio de 2016.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(130).- POSTA EN MARCHA DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS (EDAR) DO CONCELLO DE VIGO, CONSTRUÍDAS NO MARCO DO CONVENIO “SANEAMENTO DE VIGO”. EXPTE. 4451/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 15/02/17, asinado polo xefe da área de Servizos Xerais, o xefe do servizo Xurídico-Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

1.- Con data de 2 de agosto de 2010, subscribiuse o CONVENIO para a construción das infraestruturas hidráulicas da actuación “SANEAMENTO DE VIGO”, entre a Sociedade Estatal Augas da Conca do Norte, SA (agora Sociedade Mercantil Estatal, Augas das Concas de España, SA), a Xunta de Galicia, o Organismo Autónomo Augas de Galicia (agora Entidade pública empresarial Augas de Galicia) e o Concello de Vigo, cuxo fin principal é a ampliación e modernización da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) do Concello de Vigo e a construción dun novo emisario submarino e a ampliación da acometida eléctrica existente.

2.- O citado convenio na súa cláusula V “Recepción das obras, entrega e explotación da infraestrutura hidráulica”, establece: “a) *Requisitos para a recepción e entrega. Previamente á súa recepción e entrega, a infraestrutura hidráulica obxecto do*

convenio deberá superar as probas de posta en marcha que se acorden polas entidades asinantes no seo da Comisión de Seguimento.

*O prego de condicións para a adxudicación da obra da infraestrutura na súa cláusula 1.2 “obxecto do contrato” establece dentro do mesmo, que ademais da redacción do proxecto construtivo, a execución das obras e a xestión e operación da parte da liña de lodos definitiva, o será tamén **a posta en marcha da infraestrutura durante un período de 12 meses**, de conformidade coas prescricións técnicas da posta en marcha recollidas no Anexo X do Prego e co proxecto construtivo redactado ao efecto e aprobado por “Augas de Galicia”.*

II.- Propostas para a coordinación das actuacións vinculadas a posta en marcha das instalacións da ampliación e modernización da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) do Concello de Vigo.

Na actualidade o funcionamento das instalacións da Estación Provisional Depuradora de Augas Residuais (EDAR) do Concello de Vigo, esta sendo xestionada pola mercantil FCC AQUALIA VIGO UTE, na súa calidade de concesionaria do contrato de abastecemento e saneamento de Vigo.

A posta en marcha das instalacións de ampliación e modernización da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) do Concello de Vigo, correspóndelle por criterio do contrato e na súa calidade de adxudicataria do mesmo a UTE EDAR LAGARES - VIGO, a cal deberá de desenvolver durante un período de 12 meses, os traballos de posta en marcha destas instalacións. Unha vez finalizados os traballos de posta en marcha, procederá a fase de recepción das obras, entrega e explotación da infraestrutura hidráulica a cargo do Concello de Vigo.

A execución desta obriga contractual, leva implícito tamén as actuacións de desmantelamento e adecuación das instalacións actuais da EDAR provisional de Vigo nas condicións recollidas no proxecto de obra. Esta situación leva implícito o desenvolvemento dun proceso de coordinación de traballos para garantir unha adecuada transición das operacións que se realizan actualmente na EDAR provisional de Vigo, e que deberán transferirse totalmente as novas instalacións da ampliación da EDAR.

De acordo a esta previsión, no momento que entren en funcionamento as instalacións das obras de ampliación e modernización da EDAR LAGARES, as actuais instalacións da EDAR provisional quedarán fora de servizo, e as mesmas deberán ser desaloxadas para proceder ao seu desmantelamento, ou a transformación dos seus usos, de acordo co proxecto da obra. Para o desenvolvemento deste proceso, será necesario que por parte da mercantil FCC AQUALIA VIGO UTE, se proceda a coordinar coa UTE EDAR LAGARES os procesos necesarios para dita transición de acordo coa planificación proposta polas entidades vinculadas no proceso (Concello de Vigo e Acuaes).

III.- Proposta de datas para o inicio da fase de conexión das instalacións das obras de ampliación e modernización da EDAR LAGARES

Por parte dá Sociedade Mercantil Estatal, Augas das Cuencas de España, SA. (ACUAES), a través do Director Facultativo; Carlos Fernández Casanova, comunícase ao Concello de Vigo (e_mail recibido ou 26/01/2017) "*dá intención da UTE EDAR Lagares de comezar os traballos de conexión cos colectores xerais a partir do próximo día 06 de febreiro de 2017. Esta planificación está suxeita ao cumprimento simultáneo de varios condicionantes, entre eles o dunha predición meteorolóxica de tempo seco que minimize os riscos asociados a este tipo de traballos, pero considérase a día de hoxe como unha data probable e factible para que se produza o inicio da entrada de auga residual na nova instalación.*

Calquera modificación sobre esta planificación, derivada do incumprimento de calquera dos requisitos que a condicionan, trasladarase puntualmente ao Concello de Vigo para que poida planificar á súa vez todos aqueles traballos vinculados á progresiva posta fora de servizo das instalacións da EDAR provisional"

De acordo a dita notificación, e na obriga do Concello de Vigo, procede dar traslado da citada notificación a mercantil FCC AQUALIA VIGO UTE, para o seu coñecemento, e para que poida iniciar os procesos previstos dacordo co establecido en convenio e según o tratado nas diversas reunións mantidas entre as distintas entidades afectadas (Concello de Vigo, Acuaes, Aqualia e a UTE Edar Lagares), e coordinar as actuacións derivadas do inicio dos prazos para a fase de transición prevista para o período de 12 meses, nos cales débense executar os traballos de posta en marcha das instalacións da ampliación da EDAR Lagares, por parte da mercantil UTE EDAR LAGARES – VIGO.

IV.- REPERCUSIÓN ECONÓMICA.

Dado que durante a fase de posta en marcha das novas instalacións da EDAR correspondelle á UTE EDAR LAGARES asumir tódolos gastos derivados da explotación da nova planta. Procede que por parte dos servizos municipais afectados (Tributos e Fomento) se leve a cabo un estudo detallado da repercusión económica sobre a concesión actual do servizo de mantemento e explotación das redes de abastecemento e saneamento do Concello de Vigo, competencia de Aqualia, S.A.

En base ao anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

Dar traslado á empresa Aqualia S.A. Concesionaria actual do servizo de abastecemento e saneamento de Vigo, do comenzo por parte da UTE Lagares, dos traballos de conexión das novas instalacións da EDAR do Lagares cos colectores xerais de saneamento.

Encomendar aos servizos de Fomento e Tributos a realización dun estudio detallado de repercusión económica sobre a concesión actual do servizo de mantemento e explotación das redes de abastecemento e saneamento do Concello de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

25(131).- BASES DO “LIII CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA”. EXPTE. 9311/446.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22/02/17, dáse conta do informe-proposta de data 20/02/17, asinado polo xefe de Área de Servizos Xerais, o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Co obxecto de proceder a celebración do “LIII Concurso-Exposición Internacional da Camelia”, cuxa organización correspóndelle á nosa cidade e que terá lugar os días 18, 19 e 20 de marzo de 2017, iniciase o expediente necesario para a redacción das bases do concurso.

Este concurso vense organizando rotativamente polas cidades de Vilagarcía de Arousa, Pontevedra e Vigo e ten como finalidade resaltar a camelia e a cultura botánica que se desenvolve ao redor deste arbusto característico das Rías Baixas e norte de Portugal.

O concurso nesta ocasión celébrase nas instalacións do Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo.

Á vista do exposto, coas conformidades do Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do Xefe de Área de Servizos, do Concelleiro Delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e mailo Xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA

- Que se aproben as bases, que se achegan no expediente, correspondentes ao “LIII Concurso-Exposición Internacional da Camelia”, que se celebrará os días 18,

19 e 20 de marzo de 2017 nas instalacións do Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo.

LIII CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA
BASES

1. O Concello de Vigo organiza o LIII CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA, que terá lugar os días 18, 19 e 20 de marzo de 2017 nas instalacións do Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo.

2. Poderán concorrer todas as persoas maiores de idade, interesadas na camelia, profesionais ou afeccionados, nacionais ou estranxeiros, persoas físicas ou xurídicas, sempre que realicen a súa inscrición segundo o previsto nas presentes bases.

3. Poderán presentarse flores pertencentes a calquera especie e variedade de *Camellia*, así como calquera híbrido destas.

4. Establécense os seguintes premios:

a) PREMIO CAMELIA DE OURO: para o/a concursante que presente o conxunto de variedades máis destacado en canto a número e calidade das flores. A quen se lle outorgue este premio non poderá optar a ningún dos demais premios previstos nestas bases. O/A gañador/a deste premio será invitado/a a formar parte do xurado do concurso do ano seguinte, no que as súas flores terán un lugar destacado e non poderá participar como concursante.

b) PREMIO ESPECIAL ANTONIO ODRIUZOLA: outorgarase á flor individual máis destacada de todas as que opten a este premio e que se expoñerán nunha mesa separada. Cada concursante poderá presentar un máximo de cinco variedades, representada cada unha delas por unha única flor. Será requisito imprescindible que estean perfectamente identificadas co nome da especie á que pertencen e o da variedade.

c) Primeiro, segundo e terceiro premios ós mellores lotes de cada unha das modalidades seguintes:

- c.1.- *Camellia reticulata* de calquera cor ou variegación.
- c.2.- Híbridos de *Camellia*.

d) Primeiro e segundo premios ós mellores lotes de cada unha das modalidades seguintes:

- d.1.- *Camellia japonica* branca
- d.2.- *Camellia japonica* rosada ou doutras cores
- d.3.- *Camellia japonica* vermella
- d.4.- *Camellia japonica* xaspeada ou variegada
- d.5.- Outras especies de *Camellia*

Os lotes que participen en calquera das modalidades indicadas nos apartados c) e d) deberán ser o máis homoxéneos posible e representativos da variedade á que pertencen. Estarán formados por un mínimo de tres flores e un máximo de nove, excepto no caso das camelias pertencentes a outras especies, que se poderán expoñer sen limitación de número. En caso de empate entre varios lotes o xurado manifestarase a favor daquel que teña as flores máis homoxéneas.

Cada flor presentarase co seu talo, que levará polo menos unha folla. Non se poderán colocar follas de plantas diferentes nin elementos decorativos, excepto que sexan os propios soportes das flores expostas.

e) Primeiro e segundo premios á mellor presentación artística. Valorarase como tal o conxunto de flores e/ou plantas de camelia acompañados ou non doutros obxectos e elementos decorativos que, a xuízo do xurado, se distingan pola súa colocación artística.

Os conxuntos que opten ó premio da mellor presentación artística participarán unicamente nesta categoría. A organización proveraos dunha tarxeta para que se distingan claramente, co rótulo de “presentación artística”.

f) Premio Especial da Sociedade Española da Camelia, ó/á concursante máis destacado/a entre os que participen por primeira vez no certame de Vigo, con independencia de que se presentase en calquera das outras dúas sedes do concurso.

5. Co obxecto de que os premios sexan distribuídos entre un maior número de concursantes, un/unha mesmo/a concursante non poderá obter máis de dous premios.

6. Para facilitar o labor do xurado a organización daralle a cada expositor no momento da súa presentación unha tarxeta co número de inscrición e outra por cada modalidade de premio na que participa. Tamén levará unha etiqueta co seu nome, que deberá colocar unha vez concluído o traballo do xurado e despois de ler a acta de premiados.

7. Co obxecto de facilitar que aqueles/as cultivadores/as que non desexen participar no concurso poidan de calquera modo amosar as súas flores, a organización habilitará unha mesa especial para eles. Neste caso serán válidas todas as observación indicadas nas presentes bases, excepto as relativas ó concurso propiamente dito e ós seus premios.

8. As inscricións no concurso presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, desde o día seguinte á aprobación das presentes bases na Xunta de Goberno Local ata as 13:30 horas do día 3 de marzo de 2017, nun impreso que se facilitará para este fin.

Nesta inscrición deberá especificarse a modalidade ou modalidades na que se concursa e a superficie que se precisará para a súa exposición. A superficie concedida a cada concursante quedará condicionada á orde de inscrición e, en todo caso, ás dimensións da sala de exposición.

9. A asignación do lugar no que cada concursante e expositor deberá colocar os seus lotes establecerao a comisión organizadora. O plano coa indicación do lugar asignado a cada concursante expoñerase na semana previa á celebración do evento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

10. Os/as concursantes presentarán os seus lotes de flores na sala de exposicións entre as 8 e as 13 horas do sábado 18 de marzo e poderán retiralos de 20 a 22 horas do luns 20 de marzo. Independentemente da vixilancia que haberá no recinto os participantes deberán coidar dos seus obxectos de valor de calquera natureza que utilicen para a exposición das flores, xa que o organizador non se fará cargo das perdas que se poidan producir.

11. A exposición inaugurarase o sábado 18 de marzo ás 18:30 horas coa lectura do dictame do xurado do concurso, excepto cambio decidido pola organización. A entrega de premios terá lugar o domingo 19 de marzo ás 18:00 horas.

12. O xurado estará composto polos seguintes membros:

Presidente/a: O Concelleiro da Área de Distritos, Parques e Xardíns, e Comercio, ou persoa na que delegue.

Secretario/a: Un/unha técnico/a da Área de Montes, Parques e Xardíns.

Vogais:

- Un/unha representante do Concello de Vigo.
- Un/unha representante do Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Un/unha representante da Deputación de Pontevedra.
- Un/unha representante designado pola Asociación Española da Camelia.
- O/A gañador/a da Camelia de Ouro da edición anterior.
- Dúas persoas de recoñecido prestixio vencelladas á camelia e que serán designadas polo Concello de Vigo.

13. O xurado poderá declarar deserto/s algún/s dos premios establecidos nas bases e poderá conceder mencións especiais por outros conceptos distintos ós sinalados. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do/a presidente/a do xurado.

14. Tódolos participantes recibirán un diploma acreditativo da súa participación e unha planta de Camelia.

15. Polo simple feito de solicitaren a inscrición, os participantes declaran coñecer e aceptan integramente as bases do concurso e sométense ás decisións da organización e do xurado.

16. O/a presidente/a do xurado queda facultado/a para interpretar as bases e resolver calquera incidencia que ó longo do proceso de convocatoria e resolución do concurso se puidese producir.

LIII CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA
Vigo, 18, 19 e 20 de marzo de 2017

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO LIII CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA

NOME _____ NIF _____
APELIDOS _____

ENDEREZO _____ NÚM _____ PISO _____

CP _____ LOCALIDADE _____ PROVINCIA _____ PAIS _____

TFNO 1 _____ TFNO 2 _____

MAIL _____

SOLICITO a miña inscrición no LIII Concurso-Exposición Internacional da Camelia, que se celebrará os días 18, 19 e 20 de marzo de 2017 na cidade de Vigo e declaro coñecer e aceptar integramente as bases do concurso. A inscrición solicítoa para a/as seguinte/s modalidade/s:

- ≡ *Camellia reticulata* de calquera cor ou variegación
- ≡ Híbridos de *Camellia*
- ≡ *Camellia japonica* branca
- ≡ *Camellia japonica* rosada ou doutras cores
- ≡ *Camellia japonica* vermella
- ≡ *Camellia japonica* xaspeada ou variegada
- ≡ Outras especies de *Camellia*
- ≡ Presentación artística
- ≡ Premio Especial da Sociedade Española da Camelia (só no caso de que se presente a este concurso por primeira vez en Vigo)
- ≡ Premio especial Antonio Odriozola
- ≡ Presentación fóra de concurso

Marcar cunha x a superficie (en m²) total solicitada:

≡ 1 m² ≡ 3 m² ≡ 6 m² ≡ 9 m² ≡ 12 m² ≡ 15 m²

_____, ____ de _____ de 2017

Asinado _____

COMITÉ DE HONRA

PRESIDENTA

S.M. Dona Leticia Raíña de España

MEMBROS DO COMITÉ

D. Alberto Núñez Feijoo
Presidente da Xunta de Galicia

D. Masashi Mizukami
Embaixador do Xapón en España

D. Abel Caballero Álvarez
Alcalde de Vigo

Dna. Angeles Vázquez Mejuto
Conselleira do Medio Rural e do Mar

D. Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

D. Carmela Silva Rego
Presidenta da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra

D. Miguel Anxo Fernández Lores
Alcalde de Pontevedra

D. Alberto Varela Paz
Alcalde de Vilagarcía de Arousa

PROGRAMA

Lugar:
Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo

Data:
18, 19 e 20 de marzo

SÁBADO 18 DE MARZO

Horario de apertura: 8:00 – 21:00

08:00: Colocación da exposición de Camelias por parte dos participantes. Vestíbulo.

13:00: Visita e deliberación do xurado do Concurso-Exposición Internacional da Camelia. Vestíbulo.

18:30: Inauguración por parte das autoridades. Vestíbulo.

18:30: Visita aberta á exposición. Vestíbulo.

DOMINGO 19 DE MARZO

Horario de apertura: 10:00 – 21:00

10:00 Visita aberta á exposición. Vestibulo

18:00: Entrega de Premios do Concurso Exposición-Internacional da Camelia.

LUNS 20 DE MARZO

Horario de apertura: 10:00 – 21:00

10:00 Visita aberta á exposición. Vestíbulo

21:00 Peche da exposición.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(132).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez